

Capítulo 95: Materias para tallar ou moldear, traballadas (incluídas as manufacturas).

Capítulo 96: Manufacturas de cepillaría, brochas e pinceis, vasoiras, borlas, cribos, peneiras e cribas.

Capítulo 98: Manufacturas diversas.

18875 *LEI 31/2007, do 30 de outubro, sobre procedementos de contratación nos sectores da auga, a enerxía, os transportes e os servizos postais.* («BOE» 261, do 31-10-2007.)

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

Título preliminar. Obxecto da lei e definicións.

Artigo 1. Obxecto da lei.

Artigo 2. Definicións.

Título I. Disposicións xerais.

Capítulo I. Ámbito de aplicación subxectiva.

Artigo 3. Entidades contratantes.

Artigo 4. Dereitos especiais.

Artigo 5. Contratos das administracións públicas.

Artigo 6. Exclusiones e limiares aplicables aos contratos das administracións públicas.

Capítulo II. Ámbito de aplicación obxectiva.

Sección 1.^a Das actividades.

Artigo 7. Auga.

Artigo 8. Gas e calefacción.

Artigo 9. Electricidade.

Artigo 10. Servizos de transportes.

Artigo 11. Servizos postais.

Artigo 12. Prospección e extracción de petróleo, gas, carbón e outros combustibles sólidos, e posta á disposición de terminais de transportes.

Artigo 13. Contratos relativos a diversas actividades.

Sección 2.^a Exclusión das actividades liberalizadas.

Artigo 14. Exclusión por liberalización dunha actividade.

Sección 3.^a Dos contratos de servizos.

Artigo 15. Réxime aplicable aos contratos de servizos.

Sección 4.^a Importe dos contratos e procedemento de cálculo do seu valor.

Artigo 16. Importe dos limiares dos contratos.

Artigo 17. Métodos para calcular o valor estimado dos contratos, dos acordos marco e dos sistemas dinámicos de adquisición.

Sección 5.^a Contratos excluídos.

Artigo 18. Contratos excluídos.

Capítulo III. Principios de contratación e confidencialidade.

Artigo 19. Principios da contratación.

Artigo 20. Confidencialidade.

Título II. Capacidade e clasificación dos operadores económicos.

Capítulo I. Capacidade.

Artigo 21. Capacidade dos operadores económicos.

Artigo 22. Agrupacións de empresarios.

Capítulo II. Clasificación das empresas.

Artigo 23. Réxime de clasificación.

Artigo 24. Sistema de clasificación propio.

Artigo 25. Publicidade do sistema de clasificación propio das entidades contratantes.

Artigo 26. Criterios de clasificación.

Artigo 27. Requisitos relativos a capacidades doutras entidades.

Artigo 28. Información aos candidatos.

Artigo 29. Imparcialidade na clasificación e relación de empresas clasificadas.

Artigo 30. Anulación de clasificacións.

Artigo 31. Convocatoria de licitación por medio dun anuncio sobre a existencia dun sistema de clasificación.

Título III. Documentación do contrato.

Artigo 32. Pregos de condicións.

Artigo 33. Comunicación das prescricións.

Artigo 34. Prescricións técnicas.

Artigo 35. Certificados expedidos por organismos independentes.

Artigo 36. Medidas de xestión ambiental.

Artigo 37. Recoñecemento mutuo en canto a condicións técnicas ou financeiras e en canto a certificados, probas e xustificantes.

Artigo 38. Definicións das prescricións técnicas.

Artigo 39. Instrucións e regulamentos técnicos obrigatorios.

Título IV. Selección cualitativa dos operadores económicos.

Artigo 40. Criterios de selección cualitativa.

Título V. Técnicas de contratación.

Capítulo I. Centrais de compras.

Artigo 41. Contratos e acordos marco celebrados coas centrais de compras.

Capítulo II. Acordos marco.

Artigo 42. Acordos marco.

Capítulo III. Sistemas dinámicos de adquisición.

Artigo 43. Sistemas dinámicos de adquisición.

Artigo 44. Utilización de medios electrónicos nun sistema dinámico de adquisición.

Artigo 45. Obrigas da entidade contratante.

Artigo 46. Desenvolvemento do procedemento de licitación nun sistema dinámico de adquisición.

Artigo 47. Convocatoria do sistema dinámico de adquisición e da licitación dos contratos baseados nel.

Artigo 48. Condicións de aplicación do sistema dinámico de adquisición.

Capítulo IV. Poxas electrónicas.

Artigo 49. Poxas electrónicas.

Artigo 50. Anuncio de licitación.

Artigo 51. Criterios de valoración das ofertas na poxa electrónica.

Artigo 52. Prego de condicións na poxa electrónica.

Artigo 53. Contido da invitación.

Artigo 54. Desenvolvemento da poxa electrónica.

Artigo 55. Cerramento da poxa.

Artigo 56. Adxudicación do contrato na poxa electrónica.

Artigo 57. Límites á aplicación das poxas electrónicas.

Título VI. Procedementos de adxudicación de contratos.

Capítulo I. Procedementos e formas de adxudicación.

Sección 1.^a Procedementos de adxudicación.

Artigo 58. Procedementos de adxudicación.

Artigo 59. Procedemento negociado sen convocatoria previa de licitación.

Sección 2.^a Formas de adxudicación.

Artigo 60. Criterios de adxudicación.

Artigo 61. Criterios de valoración das ofertas.

Artigo 62. Admisión de variantes.

Capítulo II. Publicidade das licitacións.

Artigo 63. Principio de publicidade.

Artigo 64. Anuncios periódicos indicativos.

Artigo 65. Convocatoria de licitación.

Artigo 66. Convocatoria de licitación por medio dun anuncio periódico indicativo.

Artigo 67. Anuncios de contratos adxudicados.

Artigo 68. Contratos de servizos de investigación e desenvolvemento.

Artigo 69. Criterios e modalidades de publicación dos anuncios.

Artigo 70. Envío e publicación de anuncios no Diario Oficial da Unión Europea.

Capítulo III. Desenvolvemento do procedemento.

Artigo 71. Cómputo de prazos.

Artigo 72. Comunicacóns.

Artigo 73. Comunicacóns por medios electrónicos.

Artigo 74. Solicitudes de participación.

Artigo 75. Envío de pregos de condicións e de documentación complementaria.

Artigo 76. Prazos de recepción de solicitudes de participación e de ofertas.

Artigo 77. Prazos de recepción de ofertas nos procedementos abertos.

Artigo 78. Prazos de recepción de solicitudes de participación e ofertas nos procedementos restrinxidos e negociados con anuncio de licitación previa.

Artigo 79. Supostos de redución dos prazos de recepción de solicitudes de participación e de recepción de ofertas.

Artigo 80. Selección de candidatos nos procedementos restrinxidos e nos procedementos negociados.

Artigo 81. Invitación aos candidatos seleccionados nos procedementos restrinxidos e negociados.

Artigo 82. Ofertas anormalmente baixas.

Artigo 83. Adxudicación dos contratos.

Artigo 84. Información aos licitadores.

Artigo 85. Información sobre os contratos.

Artigo 86. Desistencia.

Capítulo IV. Disposicións comúns.

Artigo 87. Subcontratación.

Artigo 88. Condicións de execución do contrato.

Artigo 89. Contratos reservados.

Artigo 90. Obrigas relativas ás disposicións en materia fiscal, de protección do ambiente, do emprego e de condicións de traballo.

Artigo 91. Exclusión de actuacións restritivas da competencia.

Artigo 92. Preferencia de ofertas comunitarias nos contratos de subministración.

Capítulo V. Concursos de proxectos.

Artigo 93. Concursos de proxectos.

Artigo 94. Organización do concurso.

Artigo 95. Ámbito de aplicación.

Artigo 96. Concursos de proxectos excluídos.

Artigo 97. Publicidade.

Artigo 98. Comunicacóns nos concursos de proxectos.

Artigo 99. Recepción electrónica dos planos e proxectos.

Artigo 100. Xurado do concurso de proxectos.

Título VII. Reclamacións e outras medidas de control dos procedementos.

Capítulo I. Reclamacións nos procedementos de adxudicación de contratos.

Artigo 101. Competencia.

Artigo 102. Principio de colaboración coa Comisión Europea.

Capítulo II. Tramitación das reclamacións.

Artigo 103. Procedemento.

Artigo 104. Lexitimación.

Artigo 105. Iniciación do procedemento.

Artigo 106. Contido da reclamación.

Artigo 107. Emenda de erros e admisión das reclamacións.

Artigo 108. Participación dos interesados.

Artigo 109. Prazo para resolver.

Artigo 110. Concorrenza do procedemento con outro tramitado pola Comisión Europea.

Artigo 111. Contido da resolución.

Artigo 112. Determinación da indemnización.

Artigo 113. Control e executividade das resolucións.

Artigo 114. Medidas provisorias.

Capítulo III. Réxime de certificados.

Artigo 115. Sistema de certificación.

Artigo 116. Referencia aos certificados.

Artigo 117. Competencia para emitir certificados.

Capítulo IV. Procedemento de conciliación.

Artigo 118. Solicitude.

Artigo 119. Procedemento.

Artigo 120. Concorrenza do procedemento con outros procedementos de control.

Artigo 121. Efectos do procedemento de conciliación.

Disposición adicional primeira. Imposto sobre o valor engadido.

Disposición adicional segunda. Entidades contratantes.

Disposición adicional terceira. Prohibicións de contratar.

Disposición adicional cuarta. Réxime aplicable aos contratos excluídos do ámbito desta lei que sexan realizados por organismos de dereito público, entidades públicas empresariais e sociedades mercantís de carácter público.

Disposición adicional quinta. Subcontratación. Pagamentos a subcontratistas e subministradores.

Disposición adicional sexta.

Disposición transitoria única.

Disposición derogatoria única.

Disposición derradeira primeira. Xustificación desta lei. Disposición derradeira segunda. Títulos competenciais e carácter da lexislación.

Disposición derradeira terceira. Actualización de cifras fixadas pola Unión Europea.

Disposición derradeira cuarta. Actualización de prazos e lista de entidades contratantes.

Disposición derradeira quinta. Modelos de notificación de adxudicación de contratos.

Disposición derradeira sexta. Modificación das contías das taxas portuarias por utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público portuario e supresión da taxa por servizos xerais.

Disposición derradeira sétima. Adaptación da taxa por ocupación privativa do dominio público portuario e da taxa por aproveitamento especial do dominio público portuario no exercicio de actividades comerciais, industriais e de servizos, en concesións e autorizacións outorgadas con anterioridade á entrada en vigor desta lei.

Disposición derradeira oitava. Modificación da Lei do sector ferroviario.

Disposición derradeira novena.

Disposición derradeira décima.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Esta lei incorpora ao ordenamento xurídico español a Directiva 2004/17/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 31 de marzo de 2004, sobre a coordinación dos procedementos de contratación nos sectores da auga, da enerxía, dos transportes e dos servizos postais e a Directiva 92/13/CEE do Consello, do 25 de febreiro de 1992, sobre coordinación das disposicións legais, regulamentarias e administrativas referentes á aplicación das normas comunitarias nos procedementos de adxudicación de contratos das entidades que operan neses sectores.

A Lei 48/1998, do 30 de decembro, sobre procedementos de contratación nos sectores da auga, a enerxía, os transportes e as telecomunicacións, tivo por finalidade a transposición ao ordenamento xurídico español das directivas 93/38/CEE e 92/13/CEE. A Directiva 93/38/CEE foi substituída pola Directiva 2004/17/CE, cuxa entrada en vigor se produce o día da súa publicación no Diario Oficial da Unión Europea, o día 30 de abril de 2004. A Directiva 92/13/CEE permanece sen variación ningunha.

Respecto do ámbito de actividades cuberto, cabe salientar que deixan de estar sometidas á lei as actividades desenvolvidas no sector das telecomunicacións, ao constituíren un sector liberalizado, e incorpórase a ela o sector dos servizos postais.

A nova directiva, naqueles aspectos básicos, conserva a regulación anterior, referida aos sectores cubertos por ela, e incorpora novas técnicas de contratación baseadas fundamentalmente no uso dos medios electrónicos e das comunicacións aplicados aos procedementos de adxudicación dos contratos, conservando a necesaria aplicación dos principios derivados do Tratado constitutivo das Comunidades Europeas de igualdade de trato, cuxo principio de non-discriminación non é senón unha expresión concreta, de recoñecemento mutuo e de proporcionalidade, así como no principio de transparencia, e en tal sentido déixase constancia no considerando noveno da nova directiva, polo cal, obviamente, se conservan os mesmos motivos que impulsaron a promulgación da anterior lei.

Nesta ocasión o lexislador comunitario quixo deixar constancia no considerando primeiro da directiva de que esta se basea na xurisprudencia do Tribunal de Xustiza, en particular a relativa aos criterios de adxudicación, incluíndo o ámbito ambiental e social, o que, sen dúbida, constituirá un elemento moi importante para facer posible a súa interpretación.

Tal como se manifestaba na anterior Lei 48/1998, do 30 de decembro, o dereito comunitario europeo previu para os sectores da auga, a enerxía, os transportes e os servizos postais un réxime normativo distinto do aplicable aos contratos das administracións públicas, cuxas directivas reguladoras foron obxecto de transposición pola Lei de contratos das administracións públicas. Este réxime singular no que concirne a determinados aspectos da ordenación da súa actividade contractual, entre eles a selección do contratista, é menos estrito e ríxido que o establecido na Directiva 2004/18/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 31 de marzo de 2004, sobre coordinación dos procedementos de adxudicación dos contratos públicos de obras, de subministración e de ser-

vizos, asegurando en todo caso os principios de apertura do mercado principios de publicidade e concorrência.

A Comisión Europea considerou no seu momento, ponderando, como se preocupou de sinalar, razóns políticas, estratéxicas, económicas, industriais e xurídicas, que era oportuno introducir criterios orixinais ou específicos no campo contractual dos daquela denominados sectores excluídos, xa que estes, no contexto dos países comunitarios, están xestionados por entidades ou organismos públicos ou privados de maneira indistinta.

A lei recolle no título preliminar o seu obxecto e as definicións adecuadas aos diferentes conceptos manexados ao longo do texto lexislativo de tal maneira que se respecten as interpretacións comunitarias orixinais da Directiva 2004/17/CE.

O ámbito subxectivo da lei, tal como especifica o capítulo I do mesmo título I, proxéctase sobre as entidades públicas e privadas, exceptuándose, non obstante, as administracións públicas e os organismos autónomos, que quedan suxeitos á regulación máis estrita da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público, por razóns de disciplina e control do seu funcionamento, aspectos estes que parece aconsellable primar, respectando os limiares establecidos na Directiva 2004/17/CE para efectos da publicidade dos anuncios dos contratos no Diario Oficial de la Unión Europea. Isto é plenamente compatible co dereito comunitario, xa que esta opción garante, obviamente, os principios de publicidade, concorrência, igualdade e non-discriminación en materia contractual ao exixírense con maior rigor na esfera estritamente administrativa.

A lei define no título I, con estrita fidelidade ao contido da Directiva 2004/17/CE, o seu ámbito obxectivo de aplicación, concretando tanto a natureza dos contratos que regula como o contido material destes. Igualmente, recóllese os principios que rexerán a contratación, con especial referencia ao tratamento da confidencialidade, e establécense os requisitos relativos á capacidade dos operadores económicos. Finalmente, recóllese un sistema potestativo de clasificación de contratistas cuxo obxectivo ou finalidade será, así mesmo, definido pola entidade contratante, aínda que estea chamado, en principio, tanto a facilitar a selección do contratista como a simplificar o propio procedemento cando opere como medio de convocatoria. Os criterios de clasificación serán tamén de libre elección pola entidade contratante, que deberá asegurar en todo caso a publicidade destes e a non-discriminación entre os aspirantes. Como alternativa, esas entidades poderán, se o desexan, remitirse ao Rexistro oficial de licitadores e empresas clasificadas do Ministerio de Economía e Facenda, se é o caso, aos correspondentes rexistros das comunidades autónomas, e a outros rexistros oficiais sempre que respecten as exixencias marcadas pola Directiva 2004/17/CE.

No título III a lei precisa as exixencias e particularidades da documentación dos contratos.

O título IV establece os requisitos de adecuación e obxectividade dos criterios de selección cualitativa.

O título V recolle baixo a denominación de novas técnicas de contratación relacionadas coas novas técnicas electrónicas de compra. Esas técnicas permiten ampliar a competencia e mellorar a eficacia do sistema público de compras a través da posibilidade de que as entidades contratantes recorran a centrais de compras, a sistemas dinámicos de adquisición e/ou a poxas electrónicas.

En canto aos procedementos de adxudicación dos contratos, o título VI da lei distingue os procedementos aberto, restrinxido e negociado, recollidos xa na normativa de contratación das administracións públicas, aínda que introduce a novidade de non establecer supostos concretos para a utilización do procedemento negociado con publicidade, polo cal poderá optar libremente a entidade contratante. Prevese tamén a posibilidade de acudir,

en determinados supostos taxados, a un procedemento sen publicidade previa e regúlase o denominado concurso de proxectos.

En canto aos criterios de adxudicación dos contratos, a lei segue os criterios tradicionais de adxudicación da contratación pública.

O título VII recolle novamente, e con escasas variacións con respecto á lei anterior que aclaran o seu contido, a Directiva 92/13/CEE, e ten por obxecto garantir a aplicación, mediante diversas medidas, dos procedementos de adxudicación regulados no título anterior.

A lei contén, na súa disposición adicional segunda unha enumeración de entidades contratantes que se consideran suxeitas a esta. Estas entidades inclúense unhas veces de forma individual e outras de forma xenérica, suficiente en todo caso para a súa identificación, pola súa pertenza a unha categoría, ante a imposibilidade de chegar a unha relación exhaustiva, habilitando o ministro de Economía e Facenda para modificar a lista de entidades contratantes.

A disposición transitoria establece, excluindo o sector dos servizos postais, que non se encontraba sometido á Lei 48/1998, do 30 de decembro, a norma aplicable aos expedientes de contratación iniciados e aos contratos adxudicados con anterioridade á entrada en vigor desta lei.

Na disposición derradeira terceira establécese o procedemento para a actualización das cifras que se fixan nesta lei cando tal variación sexa acordada pola Comisión Europea e habilitase o ministro de Economía e Facenda para tal fin, habilitación que se fai extensiva na disposición derradeira cuarta respecto das modificacións dos prazos que acorde tamén a Unión Europea.

En canto se refire á entrada en vigor da lei, establécese no prazo de seis meses a partir da súa publicación, aínda que, facendo uso da habilitación establecida no artigo 71 da Directiva 2004/17/CE, se pospón respecto dos servizos postais ata o día 1 de xaneiro de 2009.

Por último, procede sinalar que a lei se dita ao abeiro dos títulos competenciais que lle corresponden ao Estado en materia de contratación administrativa, especificando a disposición derradeira segunda o carácter de lexislación básica da lei no que se refire ao réxime de contratación dos organismos e entidades públicas e do sistema de reclamacións cos actos destes en tal materia.

TÍTULO PRELIMINAR

Obxecto da lei e definicións

Artigo 1. *Obxecto da lei.*

Esta lei ten como obxecto regular o procedemento de adxudicación dos contratos de obras, subministración e servizos cando contraten as entidades públicas e privadas que se recollen no artigo 3.1 que operen nos sectores de actividade relacionados coa auga, a enerxía, os transportes e os servizos postais, tal como se concreta nos artigos 7 a 12, cando o seu importe sexa igual ou superior ao que se establece, respecto de cada tipo de contrato, no artigo 16.

Artigo 2. *Definicións.*

Entenderase por:

1. a) Contratos de obras, de subministración e de servizos: os contratos a título oneroso celebrados por escrito entre unha ou varias das entidades contratantes suxeitas ao ámbito de aplicación desta lei e un ou varios contratistas, provedores ou prestadores de servizos.

b) Contratos de obras: aqueles contratos cuxo obxecto sexa ou ben a execución dunha obra, ou ben, conxuntamente, o proxecto e a execución de obras relativas a unha das actividades mencionadas no anexo I ou ben a realización, por calquera medio, dunha obra que responda ás necesidades especificadas pola entidade contratante. Por obra entenderase o resultado dun conxunto de actividades de construción ou de enxeñaría civil destinadas a cumprir por si mesmas unha función económica ou técnica.

c) Contratos de subministración: os contratos distintos dos considerados na alínea b) cuxo obxecto sexa a compra, a compra a prazos, o arrendamento financeiro e o arrendamento con ou sen opción de compra, de produtos.

Un contrato cuxo obxecto sexa a subministración de produtos e, de forma accesoria, operacións de colocación e instalación, considerarase un contrato de subministración.

d) Contratos de servizos: os contratos distintos dos contratos de obras ou de subministración cuxo obxecto sexa a prestación dos servizos mencionados no anexo II.

Un contrato que teña por obxecto ao mesmo tempo a subministración de produtos e a prestación de servizos no sentido do anexo II considerarase un contrato de servizos cando o valor dos servizos en cuestión sexa superior ao dos produtos incluídos no contrato.

Un contrato que teña por obxecto a prestación de servizos mencionados no anexo II e inclúa actividades previstas no anexo I que sexan accesorias en relación co obxecto principal do contrato considerarase un contrato de servizos.

2. a) Concesión de obras: un contrato que presente as mesmas características que o contrato de obras, coa particularidade de que a contrapartida das obras que se realicen consista, ben unicamente no dereito a explotar a obra, ben no citado dereito acompañado dun pagamento.

b) Concesión de servizos: un contrato que presente as mesmas características que o contrato de servizos, coa particularidade de que a contrapartida de prestación de servizos consista, ben unicamente no dereito a explotar o servizo, ben no citado dereito acompañado dun pagamento.

3. a) «Envío postal»: o envío con destinatario, constituído na forma definitiva en que deba ser transportado, calquera que sexa o seu peso. Á parte dos envíos de correspondencia, incluírá os libros, catálogos, diarios, publicacións periódicas e paquetes postais que conteñan mercadorías con ou sen valor comercial, calquera que sexa o seu peso.

b) «Servizos postais»: os servizos consistentes na recollida, a clasificación, a expedición e a distribución de envíos postais. Estes servizos inclúen:

1º. Os «servizos postais reservados»: os que teñan ese carácter ou poidan telo de acordo co artigo 18 da Lei 24/1998, do 13 de xullo, do servizo postal universal e de liberalización dos servizos postais.

2º. Outros «servizos postais»: os servizos postais que non poidan ser reservados segundo o artigo 18 da Lei 24/1998, do 13 de xullo.

4. Acordo marco: un acordo celebrado entre unha ou varias das entidades contratantes e un ou varios operadores económicos, que teña por obxecto establecer os termos que deberán rexer os contratos que deban ser adxudicados no transcurso dun período determinado, particularmente no que se refire aos prezos e, de ser o caso, ás cantidades previstas.

5. Sistema dinámico de adquisición: un proceso de adquisición enteiramente electrónico para compras de

uso corrente, cuxas características xeralmente dispoñibles no mercado satisfán as necesidades da entidade contratante, limitado no tempo e aberto durante toda a súa duración a calquera operador económico que cumpra os criterios de selección e que presentase unha oferta indicativa que se axuste ao prego de condicións.

6. Poxa electrónica: un proceso repetitivo baseado nun dispositivo electrónico de presentación de novos prezos, revisados á baixa, ou de novos valores relativos a determinados elementos das ofertas que ten lugar tras unha primeira avaliación completa das ofertas e que permite proceder á súa clasificación mediante métodos de avaliación automáticos.

Non poderán ser obxecto de poxas electrónicas determinados contratos de obras e determinados contratos de servizos cuxo contido implique o desempeño de funcións de carácter intelectual, como a elaboración de proxectos de obras.

7. Poder adxudicador: a Administración xeral do Estado, as administracións das comunidades autónomas, as entidades que integran a Administración local, os organismos de dereito público, as asociacións formadas por un ou varios deses poderes ou un ou varios dos citados organismos de dereito público.

8. Contratista, provedor ou prestador de servizos: unha persoa física ou xurídica, unha entidade contratante das previstas no número 1 do artigo 3 ou unha agrupación de tales persoas ou entidades que ofrezca no mercado, respectivamente, a realización de obras e/ou obras, produtos ou servizos.

9. Operador económico: tanto o contratista como o provedor ou o prestador de servizos. Esta definición utilízase unicamente con fins de simplificación do texto.

10. Licitador: o operador económico que presentase unha oferta; por candidato entenderase aquel que solicítase unha invitación para participar nun procedemento restrinxido ou negociado.

11. Central de compras: unha entidade contratante que:

- a) Adquire subministracións e/ou servizos destinados a entidades contratantes, ou
- b) adxudica contratos ou celebra acordos marco de obras, subministración ou servizos destinados a entidades contratantes.

12. Escrito ou «por escrito»: calquera expresión consistente en palabras ou cifras que poida lerse, reproducirse e despois comunicarse. Poderá incluír información transmitida e almacenada por medios electrónicos.

13. Medio electrónico: un medio que utilice equipamentos electrónicos de tratamento (incluída a compresión dixital) e almacenamento de datos e que se transmite, se envíe e se reciba por fíos, medios radiofónicos, ópticos ou por outros medios electromagnéticos.

14. Vocabulario común de contratos públicos, denominado no sucesivo CPV: a nomenclatura de referencia aplicable aos contratos públicos adoptada mediante o Regulamento (CE) n.º 2195/2002 do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de novembro de 2002, polo que se aproba o Vocabulario común de contratos públicos (CPV), modificado polo Regulamento (CE) 2151/2003 da Comisión, do 16 de decembro de 2003, garantindo ao mesmo tempo a correspondencia coas demais nomenclaturas existentes.

En caso de diferenzas de interpretación sobre o ámbito de aplicación, a causa de posibles diverxencias entre a nomenclatura CPV e a nomenclatura xeral de actividades económicas das Comunidades Europeas, aprobada polo Regulamento CEE) 3037/90 do Consello, relativo á nomenclatura estatística de actividades económicas na Comunidade Europea, Revisión 1.1

(NACE–Rev.1.1), modificado polo Regulamento (CE) 29/2002 da Comisión, do 19 de decembro de 2001 mencionada no anexo I ou entre a nomenclatura CPV e a nomenclatura CCP (Clasificación central de produtos) (versión provisoria) mencionada no anexo II, prevalecerán a nomenclatura NACE e a nomenclatura CCP, respectivamente.

TÍTULO I

Disposicións xerais

CAPÍTULO I

Ámbito de aplicación subxectiva

Artigo 3. *Entidades contratantes.*

1. Quedarán suxeitas a esta lei, sempre que realicen algunha das actividades enumeradas nos artigos 7 a 12, as entidades contratantes que sexan organismos de dereito público ou empresas públicas e as entidades contratantes que, sen seren organismos de dereito público ou empresas públicas, teñan dereitos especiais ou exclusivos segundo se establece no artigo 4.

Así mesmo, quedarán suxeitas a esta lei as asociacións formadas por varias entidades contratantes.

2. Entenderase por:

a) Organismo de dereito público: calquera entidade que reúna os seguintes requisitos:

1.º Creada especificamente para satisfacer necesidades de interese xeral que non teñan carácter industrial ou mercantil,

2.º dotada de personalidade xurídica propia e

3.º cuxa actividade estea financiada maioritariamente pola Administración xeral do Estado, as administracións das comunidades autónomas, as entidades que integran a Administración local, ou outros organismos de dereito público, ou cuxa xestión estea suxeita a un control por parte destes últimos, ou que contén un órgano de administración, de dirección ou de vixilancia máis da metade dos membros do cal sexan nomeados pola Administración xeral do Estado, as comunidades autónomas, as entidades que integran a Administración local ou outros organismos de dereito público.

b) Empresa pública: as entidades públicas empresariais da Administración xeral do Estado, así como as entidades de igual carácter das comunidades autónomas e das entidades que integran a Administración local, as sociedades mercantís de carácter público e toda aquela entidade ou organismo sobre a cal os poderes adxudicadores poidan exercer, directa ou indirectamente, unha influencia dominante polo feito de teren a propiedade ou unha participación financeira nelas, ou en virtude das normas que as rexen.

Considerarase que os poderes adxudicadores exercen unha influencia dominante, directa ou indirecta, sobre unha empresa, cando:

1.º Teñan a maioría do capital subscrito da empresa, ou

2.º dispoñan da maioría dos votos correspondentes ás participacións emitidas pola empresa, ou

3.º poidan designar máis da metade dos membros do órgano de administración, de dirección ou de vixilancia da empresa.

c) Entidades contratantes que teñan dereitos especiais ou exclusivos: aquelas entidades que, sen seren

poderes adxudicadores nin empresas públicas, exerzan, entre as súas actividades, algunha das previstas nos artigos 7 a 12 ou varias destas actividades e teñan dereitos especiais ou exclusivos concedidos por un órgano competente dunha Administración pública, dun organismo de dereito público ou dunha entidade pública empresarial.

Artigo 4. *Dereitos especiais.*

Considérase que unha entidade contratante goza de dereitos especiais ou exclusivos cando estes sexan concedidos polos órganos competentes dunha Administración pública en virtude de calquera disposición legal, regulamentaria ou administrativa que teña como efecto limitar a unha ou máis entidades o exercicio dunha actividade considerada nos artigos 7 a 12 e que afecte substancialmente a capacidade das demais entidades de exercer esa actividade.

Artigo 5. *Contratos das administracións públicas.*

Quedan excluídos do ámbito de aplicación desta lei os contratos que realicen os entes, organismos e entidades que, de acordo co artigo 3.2 da Lei de contratos do sector público, teñan a consideración de administracións públicas, que se rexerán pola mencionada lei, en todo caso e sen prexuízo do disposto no artigo 6 desta lei, ben que os interesados poderán utilizar o procedemento de conciliación regulado no capítulo IV do título VII.

Artigo 6. *Exclusións e limiares aplicables aos contratos das administracións públicas.*

Malia o disposto no artigo anterior, cando as administracións públicas adxudiquen contratos que se refiran a actividades recollidas nos artigos 7 a 12, terán en conta, para determinar se estes deben considerarse suxeitos a regulación harmonizada para os efectos da Lei de contratos do sector público, os limiares establecidos no artigo 16 e as exclusións contidas nos artigos 14 e 18.

CAPÍTULO II

Ámbito de aplicación obxectiva

SECCIÓN 1.^a DAS ACTIVIDADES

Artigo 7. *Auga.*

1. Esta lei aplicarase ás actividades seguintes:

- a) A posta á disposición ou a explotación de redes fixas destinadas a prestar un servizo ao público en relación coa produción, transporte ou distribución de auga potable ou
- b) a subministración de auga potable a esas redes.

2. Esta lei aplicarase, así mesmo, aos contratos ou aos concursos de proxectos adxudicados ou organizados polas entidades que exerzan unha actividade prevista no número 1, sempre e cando tales contratos:

- a) Estean relacionados con proxectos de enxeñaría hidráulica, irrigación ou drenaxe e o volume de auga destinado ao abastecemento de auga potable represente máis do 20 por cento do volume de auga total dispoñible grazas a eses proxectos ou a esas instalacións de irrigación ou drenaxe, ou

- b) estean relacionados coa evacuación ou tratamento de augas residuais.

3. Non se considerará como unha actividade segundo o número 1 a subministración de auga potable a redes destinadas a prestar un servizo ao público por parte dunha entidade contratante distinta dos poderes adxudicadores, cando:

- a) A produción de auga potable por parte da entidade de que se trate se realice porque o seu consumo é necesario para o exercicio dunha actividade distinta das previstas neste artigo e nos artigos 8 a 12, e
- b) a alimentación da rede pública dependa exclusivamente do propio consumo da entidade e non superase o 30 por cento da produción total de auga potable da entidade tomando en consideración a media dos tres últimos anos, incluído o ano en curso.

Artigo 8. *Gas e calefacción.*

1. Esta lei aplicarase ás actividades seguintes:

- a) A posta á disposición ou a explotación de redes fixas destinadas a prestar un servizo ao público en relación coa produción, transporte ou distribución de gas ou calefacción, ou
- b) a subministración de gas ou calefacción a esas redes.

2. Non se considerará como unha actividade segundo o número 1 a subministración de gas ou calefacción a redes destinadas a prestar un servizo ao público por parte dunha entidade contratante distinta dos poderes adxudicadores, cando:

- a) A produción de gas ou de calefacción pola entidade de que se trate sexa unha consecuencia inevitable do exercicio dunha actividade distinta das previstas no número 1 deste artigo ou nos artigos 7 e 9 a 12.
- b) A alimentación da rede pública teña o único propósito de explotar, desde o punto de vista económico, esa produción e corresponda, como máximo, ao 20 por cento do volume de negocios da entidade tomando en consideración a media dos tres últimos anos, incluído o ano en curso.

Artigo 9. *Electricidade.*

1. Esta lei aplicarase ás actividades seguintes:

- a) A posta á disposición ou a explotación de redes fixas destinadas a prestar un servizo ao público en relación coa produción, transporte ou distribución de electricidade ou
- b) a subministración de electricidade a esas redes.

2. Non se considerará como unha actividade de acordo co número 1 a subministración de electricidade a redes destinadas a proporcionar un servizo ao público por parte dunha entidade contratante distinta dos poderes adxudicadores cando:

- a) A produción de electricidade por parte da entidade de que se trate se realice porque o seu consumo é necesario para o exercicio dunha actividade distinta das previstas no número 1 deste artigo e nos artigos 7, 8 e 10 a 12.
- b) A alimentación da rede pública dependa exclusivamente do propio consumo da entidade e non superase o 30 por cento da produción total de enerxía da entidade tomando en consideración a media dos tres últimos anos, incluído o ano en curso.

Artigo 10. *Servizos de transporte.*

1. Esta lei aplicarase ás actividades de posta á disposición ou explotación de redes que presten un servizo público no campo do transporte por ferrocarril, sistemas automáticos, tranvía, trolebús, autobús ou cable.

2. Considerarase que existe unha rede nos servizos de transporte cando o servizo se preste de acordo coas condicións operativas establecidas pola autoridade competente. Estas condicións farán referencia aos itinerarios, á capacidade de transporte dispoñible ou á frecuencia do servizo.

3. Esta lei non será de aplicación ás entidades que prestan ao público un servizo de transporte en autobús cando outras entidades poidan prestar libremente ese servizo, ben con carácter xeral ou ben nunha zona xeográfica determinada, nas mesmas condicións que as entidades contratantes.

Artigo 11. *Servizos postais.*

1. Esta lei será de aplicación ás actividades relacionadas coa prestación de servizos postais ou, nas actividades previstas no número 2, de servizos distintos dos servizos postais sempre e cando eses servizos os preste unha entidade que preste igualmente servizos postais no sentido das definicións da alínea b) do número 3 do artigo 2 e non se trate dunha actividade sometida directamente á competencia en mercados cuxo acceso non estea limitado.

2. As actividades relacionadas coa prestación de servizos distintos dos servizos postais son:

a) Os servizos de xestión de servizos de correo. Tanto os servizos previos ao envío como os posteriores a el tales como os servizos de xestión de salas de correo.

b) Os servizos de valor engadido vinculados a medios electrónicos e prestados integramente por esta vía, incluída a transmisión segura de documentos codificados por vía electrónica, os servizos de xestión de enderezos e a transmisión de correo electrónico certificado.

c) Os servizos relativos a envíos postais non incluídos na definición da alínea a) do número 3 do artigo 2, como a publicidade directa sen indicación de destinatario.

d) Os servizos financeiros tal e como se definen na categoría 6 do anexo II A, que inclúen, en particular, os xiros e as transferencias postais, agás aqueles que se exclúen no artigo 18.3, alínea d), suposto 3º.

e) Os servizos filatélicos.

f) Os servizos loxísticos, entendéndose por tales aqueles servizos que combinan a distribución física e a lista de correos con outras funcións non postais.

Artigo 12. *Prospección e extracción de petróleo, gas, carbón e outros combustibles sólidos, e posta á disposición de terminais de transportes.*

Esta lei aplicarase ás actividades de explotación dunha zona xeográfica determinada para:

a) A prospección ou extracción de petróleo, gas, carbón ou outros combustibles sólidos ou

b) a posta á disposición dos transportistas aéreos, marítimos ou fluviais, dos aeroportos, dos portos marítimos ou interiores ou doutras terminais de transporte.

Artigo 13. *Contratos relativos a diversas actividades.*

1. Un contrato destinado á realización de varias actividades incluídas nos artigos 7 a 12 seguirá as normas aplicables á actividade a que estea destinado principalmente. Non obstante, a opción entre adxudicar un só contrato ou varios contratos por separado non se poderá exercer co obxectivo de excluíla do ámbito de aplicación

desta lei ou, se procede, da Lei 30/2007, de contratos do sector público.

2. Se unha das actividades a que se destine o contrato está sometida a esta lei e a outra á Lei de contratos do sector público e se resulta imposible obxectivamente establecer a que actividade se destina principalmente o contrato, este adxudicarase de acordo coa mencionada Lei de contratos do sector público.

3. Se unha das actividades a que se destine o contrato está sometida a esta lei e a outra non está sometida nin a esta nin á Lei de contratos do sector público e resulta imposible obxectivamente establecer a que actividade se destina principalmente o contrato, este adxudicarase de acordo con esta lei.

SECCIÓN 2.^a EXCLUSIÓN DE ACTIVIDADES LIBERALIZADAS

Artigo 14. *Exclusión por liberalización dunha actividade.*

1. Esta lei non será de aplicación aos contratos destinados a facer posible a prestación dunha actividade prevista nos artigos 7 a 12, sempre que tal actividade estea sometida directamente á competencia en mercados cuxo acceso non estea limitado.

2. Para efectos do número 1, para determinar se unha actividade está sometida directamente á competencia, utilizaranse criterios que sexan conformes coas disposicións do Tratado constitutivo da Comunidade Europea en materia de competencia, como as características dos bens ou servizos de que se trate, a existencia de bens ou servizos alternativos, os prezos e a presenza real ou potencial de máis dun provedor dos bens ou servizos de que se trate.

3. A exclusión de tal actividade efectuarase de acordo cos requisitos e procedemento establecidos no artigo 30 da Directiva 2004/17/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 31 de marzo de 2004, sobre a coordinación dos procedementos de adxudicación de contratos nos sectores da auga, da enerxía, dos transportes e dos servizos postais.

Para tal efecto, cando se considere que é de aplicación a unha determinada actividade a exclusión de aplicación a que fai referencia o número 1, o ministro de Economía e Facenda, por iniciativa do ministerio competente por razón da actividade ou, se é o caso, das comunidades autónomas ou das correspondentes corporacións locais, deberallo comunicar á Comisión das Comunidades Europeas, á cal informará de todas as circunstancias pertinentes e, en especial, de calquera disposición legal, regulamentaria ou administrativa ou de calquera acordo relativo á conformidade coas condicións mencionadas no número 2, se é o caso, xunto co criterio que sobre a efectiva liberalización da actividade e a procedencia de exclusión de aplicación desta lei exprese unha autoridade nacional independente que sexa competente na actividade de que se trate.

Cando unha empresa pública ou unha entidade contratante a que se refiren, respectivamente, as alíneas b) e c) do número 2 do artigo 3 considere que se dan os requisitos establecidos nos números 1 e 2, poderanlle pedir ao ministerio ou ao órgano competente da comunidade autónoma correspondente que se solicite a tramitación do procedemento a que se refire o parágrafo anterior. De transcorren dous meses sen que se lle dese trámite á citada petición, a empresa pública ou a entidade contratante poderanlle solicitar á Comisión das Comunidades Europeas que estableza a aplicabilidade do número 1 a unha determinada actividade mediante unha decisión de conformidade co número 6 do artigo 30 da Directiva 2004/17/CE.

SECCIÓN 3.^a DOS CONTRATOS DE SERVICIOSArtigo 15. *Réxime aplicable aos contratos de servizos.*

1. Os contratos que teñan por obxecto servizos enumerados no anexo II A serán adxudicados de acordo co disposto nesta lei.

2. A adxudicación dos contratos que teñan por obxecto servizos enumerados no anexo II B estará sometida unicamente ao disposto nos artigos 34 e 67.

3. Os contratos que teñan por obxecto simultaneamente servizos incluídos no anexo II A e no anexo II B serán adxudicados de acordo co disposto nesta lei cando, consonte as normas que se establecen no artigo 17, o valor dos servizos do anexo II A sexa superior ao valor dos servizos do anexo II B. Nos demais casos, adxudicaránse de acordo co disposto nos artigos 34 e 67.

SECCIÓN 4.^a IMPORTE DOS CONTRATOS E PROCEDEMENTO DE CÁLCULO DO SEU VALORArtigo 16. *Importe dos limiares dos contratos.*

Esta lei será de aplicación aos contratos cuxo valor estimado, excluído o imposto sobre o valor engadido (IVE), sexa igual ou superior aos seguintes límites:

- a) 422.000 euros nos contratos de subministración e servizos.
- b) 5.278.000 euros nos contratos de obras.

Artigo 17. *Métodos para calcular o valor estimado dos contratos, dos acordos marco e dos sistemas dinámicos de adquisición.*

1. O cálculo do valor estimado dun contrato basearase no importe total que haxa que pagar, excluído o IVE, estimado pola entidade contratante. Ese cálculo terá en conta o importe total estimado, incluído calquera tipo de opción e as eventuais prórrogas do contrato.

Cando a entidade contratante preveise outorgar premios ou efectuar pagamentos aos candidatos ou licitadores, terá en conta a contía destes no cálculo do valor estimado do contrato.

2. As entidades contratantes non poderán eludir a aplicación desta lei dividindo os proxectos de obras ou os proxectos de adquisición de produtos ou de prestación de servizos destinados a obter unha determinada cantidade de subministracións ou de servizos nin empregando modalidades particulares de cálculo do valor dos contratos.

3. Para os acordos marco e para os sistemas dinámicos de adquisición, o valor que se terá en conta é o valor máximo estimado, excluído o IVE, do conxunto de contratos considerados durante a duración total do acordo marco ou do sistema dinámico de adquisición.

4. Para efectos da aplicación do artigo anterior, as entidades contratantes incluírán no valor estimado dos contratos de obras o valor das obras e de todas as subministracións ou servizos necesarios para a execución das obras que as devanditas entidades poñan á disposición do contratista.

5. O valor das subministracións ou dos servizos que non sexan necesarios para a execución dun contrato de obras determinado non se poderá engadir ao valor do citado contrato de tal forma que a adquisición desas subministracións ou servizos se subtraía á aplicación desta lei.

6. Cando unha obra proxectada ou unha compra de servizos poidan derivar en contratos que se adxudiquen ao mesmo tempo en forma de lotes separados, deberá terse en conta o valor total estimado de todos os lotes.

Se o valor acumulado dos citados lotes é igual ou superior ao limiar previsto no artigo 16, aplicaránse as disposicións desta lei á adxudicación de cada lote.

As entidades contratantes poderán renunciar á dita aplicación respecto de lotes cuxo valor estimado, excluído o IVE, sexa inferior a un millón de euros para as obras ou a 80.000 euros para os servizos, sempre que o custo acumulado de tales lotes non exceda o 20 por cento do valor acumulado do conxunto dos lotes.

7. Cando unha proposta para a adquisición de subministracións similares poida derivar en contratos que se adxudiquen ao mesmo tempo en forma de lotes separados, deberá terse en conta o valor total estimado de todos os lotes ao aplicarse o artigo 16.

Se o valor acumulado de tales lotes é igual ou superior ao limiar previsto no artigo 16, aplicaránse as disposicións desta lei á adxudicación de cada lote.

As entidades contratantes poderán renunciar á dita aplicación respecto de lotes cuxo valor estimado, excluído o IVE, sexa inferior a 80.000 euros, sempre que o custo acumulado de tales lotes non exceda o 20 por cento do valor acumulado do conxunto dos lotes.

8. No caso de contratos de subministración ou de servizos que teñan carácter periódico ou que estean destinados a renovarse nun período determinado, o cálculo do valor estimado do contrato basearase no seguinte:

a) Ben o valor real total dos contratos sucesivos do mesmo tipo adxudicados durante os doce meses anteriores ou o exercicio orzamentario precedente, corrixido no posible para ter en conta as modificacións previsibles de cantidade ou valor que puideren sobrevenir durante os doce meses seguintes ao contrato inicial.

b) Ben o valor estimado total dos contratos sucesivos adxudicados durante os doce meses seguintes á primeira entrega, ou durante o exercicio orzamentario se este excede os doce meses.

9. A base do cálculo do valor estimado dun contrato que inclúa servizos e subministracións será o valor total dos servizos e das subministracións, independentemente da porcentaxe con que participen no contrato. Ese cálculo incluírá o valor das operacións de colocación e instalación.

10. No que se refire aos contratos de subministración relativos ao arrendamento financeiro, o alugamento ou a compra a prazos de produtos, o valor que se tomará como base para o cálculo do valor estimado do contrato será o seguinte:

a) No caso de contratos de duración determinada, se o devandito prazo é menor ou igual a doce meses, o valor estimado total para o prazo do contrato ou, se o prazo do contrato é superior a doce meses, o valor total do contrato con inclusión do valor residual estimado.

b) No caso de contratos sen prazo fixo ou cuxo prazo non poida definirse, o valor mensual multiplicado por 48.

11. Para efectos do cálculo do valor estimado do contrato nos contratos de servizos, teranse en conta, segundo corresponda, os seguintes importes:

a) Nos contratos de seguros, a prima e as demais remuneracións.

b) Nos contratos de servizos bancarios e outros servizos financeiros, os honorarios, comisións, xuros e outras remuneracións.

c) Nos contratos que impliquen un proxecto, os honorarios, comisións e outras remuneracións.

12. Nos casos de contratos de servizos en que non se indique un prezo total, o valor que se tomará como base para o cálculo do valor estimado de contrato será o seguinte:

a) Nos contratos de duración determinada, se o devandito prazo é menor ou igual que corenta e oito meses: o valor total para a totalidade do seu prazo.

b) Nos contratos sen prazo fixo cun prazo superior a corenta e oito meses: o valor mensual multiplicado por 48.

SECCIÓN 5.^a CONTRATOS EXCLUÍDOSArtigo 18. *Contratos excluídos.*

1. Esta lei non será de aplicación aos contratos ou aos concursos de proxectos que as entidades contratantes efectúen ou organicen para fins distintos da realización das actividades mencionadas nos artigos 7 a 12, nin para a realización desas actividades nun país terceiro, en circunstancias que non supoñan a explotación física dunha rede ou dunha área xeográfica dentro da Unión Europea.

2. As entidades contratantes comunicaranlle á Comisión Europea, por petición desta, todas as categorías de produtos e actividades que consideren excluídas en virtude do número 1.

3. Quedan fóra, así mesmo, do ámbito de aplicación:

a) Os contratos que se adxudiquen para efectos de revenda ou arrendamento financeiro ou a terceiros, sempre e cando a entidade contratante non goce de dereitos especiais ou exclusivos de venda ou arrendamento do obxecto dos devanditos contratos e existan outras entidades que poidan vendelos ou arrendalos libremente nas mesmas condicións que a entidade contratante. As entidades contratantes comunicaranlle á Comisión Europea, por petición desta, todas as categorías de produtos e actividades que consideren excluídas en virtude deste número.

b) Os contratos de adquisición de auga que adxudiquen as entidades contratantes recollidas no número 1 da disposición adicional segunda.

c) Os contratos que as entidades contratantes recollidas nos números 2, 3, 4 e 5 da disposición adicional segunda adxudiquen para a subministración de enerxía ou de combustibles destinados á produción de enerxía.

d) Os contratos que teñan por obxecto:

1.º A adquisición ou arrendamento, independentemente do sistema de financiamento, de terreos, edificios xa existentes ou outros bens inmobles ou relativos a dereitos sobre estes bens. Non obstante, os contratos de servizos financeiros adxudicados simultaneamente con anterioridade ou posterioridade ao contrato de adquisición ou arrendamento, en calquera das súas formas, serán regulados por esta lei.

2.º A arbitrase e conciliación.

3.º A emisión, compra, venda e transferencia de títulos ou doutros instrumentos financeiros, en particular as transaccións das entidades contratantes para obter diñeiro ou capital.

4.º Contratos regulados na lexislación laboral.

5.º Servizos de investigación e desenvolvemento distintos daqueles cuxos beneficios pertencen exclusivamente á entidade contratante para a súa utilización no exercicio da súa propia actividade, sempre que a entidade remunere totalmente a prestación do servizo.

e) Os contratos de servizos que se lle adxudiquen a unha entidade que sexa, pola súa vez, un poder adxudicador dos incluídos no artigo 3 da Lei de contratos do sector público, ou unha asociación de tales entidades, baseándose nun dereito exclusivo do cal goce en virtude de disposicións legais, regulamentarias ou administrativas publicadas, sempre que as citadas disposicións sexan compatibles co Tratado constitutivo da Comunidade Europea.

f) Os contratos que fosen declarados secretos polo órgano competente ou cuxa execución deba ir acompañada de especiais medidas de seguranza de acordo con disposicións legais, regulamentarias ou administrativas, ou cando así o requira a protección dos intereses esenciais da seguranza do Estado.

g) Os contratos regulados por normas de procedemento distintas e adxudicados en virtude dun acordo internacional realizado de conformidade co tratado entre un

Estado membro da Unión Europea e un ou varios países terceiros, que cubra obras, servizos ou subministracións ou concursos de proxectos destinados á execución ou explotación conxunta polos Estados signatarios dun proxecto.

h) Os contratos efectuados en virtude dun acordo internacional realizado en relación co estacionamento de tropas.

i) Os contratos efectuados polo procedemento específico dunha organización internacional.

j) As concesións de obras ou de servizos que sexan adxudicadas polas entidades contratantes que exerzan unha ou varias das actividades previstas nos artigos 7 a 12, cando estas concesións se adxudiquen para desenvolver esas actividades.

4. Sempre e cando se cumpran as condicións previstas no número seguinte, esta lei non será de aplicación aos contratos adxudicados:

a) Por unha entidade contratante a unha empresa asociada, entendéndose como tal, para os efectos desta lei, a empresa que, en virtude do artigo 42 do Código de comercio, presente contas anuais consolidadas coas da entidade contratante. Entenderase, así mesmo, como empresa asociada, no suposto de entidades non incluídas nese precepto, aquela sobre a cal a entidade contratante poida exercer, directa ou indirectamente, unha influencia dominante, segundo se define no artigo 3.2, alínea b), ou que poida exercer unha influencia dominante sobre a entidade contratante, ou que, como a entidade contratante, estea sometida á influencia dominante doutra empresa por razón de propiedade ou participación financeira ou en virtude das normas que as rexen.

b) Por unha empresa conxunta, constituída exclusivamente por varias entidades contratantes co fin de desenvolver as actividades previstas nos artigos 7 a 12, a unha empresa asociada a unha desas entidades contratantes.

5. O número anterior será de aplicación:

a) Aos contratos de servizos, sempre que, como mínimo, o 80 por cento da media do volume de negocios que a empresa asociada efectuase nos últimos tres anos en materia de servizos proveña da prestación destes servizos ás empresas con que estea asociada.

b) Aos contratos de subministración, sempre que, como mínimo, o 80 por cento da media do volume de negocios que a empresa asociada efectuase nos últimos tres anos en materia de subministracións proveña da prestación destas subministracións ás empresas con que estea asociada.

c) Aos contratos de obras, sempre que, como mínimo, o 80 por cento da media do volume de negocios que a empresa asociada efectuase nos últimos tres anos en materia de obras proveña da prestación destas obras ás empresas con que estea asociada.

Cando non se dispoña do volume de negocios dos tres últimos anos, debido á data de creación ou de inicio das actividades da empresa asociada, será suficiente con que esa empresa demostre que a realización do volume de negocios exixidos sexa verosímil, en especial mediante proxeccións de actividades.

Cando máis dunha empresa asociada á entidade contratante preste obras, servizos ou subministracións, idénticos ou similares, as porcentaxes mencionadas calcularanse tendo en conta o volume de negocios total resultante, respectivamente, da realización de obras ou da prestación de servizos ou subministracións polas citadas empresas asociadas.

6. Esta lei non será de aplicación aos contratos adxudicados:

a) por unha empresa conxunta, constituída exclusivamente por varias entidades contratantes co fin de de-

envolver as actividades consideradas nos artigos 7 a 12, a unha das ditas entidades contratantes.

b) por unha entidade contratante a unha empresa conxunta da cal forme parte, sempre que a empresa conxunta se constituíse para desenvolver a actividade de que se trate durante un período mínimo de tres anos e que o instrumento polo cal se constituíse a empresa conxunta estipule que as entidades contratantes que a constituíen serán parte desta, polo menos, durante o mesmo período.

7. Cando as entidades contratantes apliquen algún dos supostos a que fan referencia os números 4, 5 e 6 comunicaranlle á Comisión Europea, por petición desta, as seguintes informacións:

a) O nome das empresas ou empresas conxuntas de que se trate.

b) A natureza e o valor dos contratos de que se trate.

c) Os elementos que a Comisión Europea considere necesarios para probar que as relacións entre a entidade contratante e a empresa ou a empresa conxunta á cal se lle adxudiquen os contratos cumpren os requisitos deste artigo.

CAPÍTULO III

Principios de contratación e confidencialidade

Artigo 19. *Principios da contratación.*

Os contratos que se adxudiquen en virtude desta lei axustaranse aos principios de non-discriminación, de recoñecemento mutuo, de proporcionalidade, de igualdade de trato e de transparencia.

Artigo 20. *Confidencialidade.*

1. No momento de lles comunicar as prescricións técnicas ás empresas interesadas, de clasificalas e selecciónalas e de adxudicar os contratos, as entidades contratantes poderán impor requisitos destinados a protexer o carácter confidencial da información que comuniquen.

2. Sen prexuízo das disposicións desta lei, en particular as relativas ás obrigas en materia de publicidade dos contratos adxudicados e de información aos candidatos e aos licitadores, a entidade contratante non divulgará a información facilitada polos operadores económicos que estes designasen como confidencial. Esa información inclúe, en particular, os segredos técnicos ou comerciais e os aspectos confidenciais das ofertas.

TÍTULO II

Capacidade e clasificación dos operadores económicos

CAPÍTULO I

Capacidade

Artigo 21. *Capacidade dos operadores económicos.*

Poderán contratar coas entidades contratantes as persoas físicas ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar, acrediten o cumprimento dos criterios de selección cualitativa que determi-

nase a entidade contratante ou, de ser o caso, a correspondente clasificación no suposto de que a citada entidade establece ese sistema.

Artigo 22. *Agrupacións de empresarios.*

Estarán autorizadas a licitar ou presentarse como candidatos á adxudicación dun contrato as agrupacións de operadores económicos. Para a presentación dunha oferta ou dunha solicitude de participación, as entidades contratantes non poderán exixir que as agrupacións de operadores económicos teñan unha forma xurídica determinada; non obstante, a agrupación seleccionada poderá estar obrigada por aquelas a revestir unha forma xurídica determinada cando se lle adxudicase o contrato, na medida en que a dita transformación sexa necesaria para a correcta execución deste. Tal obriga deberase recoller nos pregos de condicións do concurso.

CAPÍTULO II

Clasificación das empresas

Artigo 23. *Réxime de clasificación.*

1. As entidades contratantes poderán, se o desexan, establecer e xestionar un sistema propio de clasificación de operadores económicos ou remitirse a calquera outro que consideren que responde ás súas exixencias.

2. Cando as entidades contratantes establezan un sistema de clasificación, permitirán que os operadores económicos poidan solicitar a súa clasificación en calquera momento.

3. Terán validez, en función de cada tipo de contrato, as clasificacións efectuadas pola Administración xeral do Estado ou polas comunidades autónomas, segundo interveñan nos procedementos de contratación entidades contratantes dependentes ou vinculadas a unha ou outras citadas administracións ou en función, así mesmo, da Administración que autorizase a actividade que desenvolve. A clasificación será acreditada pola empresa interesada mediante certificación do correspondente rexistro en que figuren inscritas no prazo sinalado pola entidade contratante.

Artigo 24. *Sistema de clasificación propio.*

1. Cando as entidades contratantes opten por establecer un sistema propio de clasificación, deberá xestionarse de acordo con criterios e normas obxectivas.

2. Cando tales criterios e normas comporten prescricións técnicas, serán aplicables as disposicións dos artigos 34 e 38.

3. Eses criterios e normas poderanse actualizar en caso necesario.

Artigo 25. *Publicidade do sistema de clasificación propio das entidades contratantes.*

1. O sistema de clasificación propio que adopte a entidade contratante deberá ser obxecto dun anuncio, de acordo co anexo IV, no Diario Oficial de la Unión Europea.

2. O anuncio indicará o obxectivo do sistema de clasificación e as modalidades de acceso ás normas que o rexen.

3. Cando o sistema teña unha duración superior a tres anos, o anuncio deberase publicar anualmente. Caso de ter unha duración inferior, bastará cun anuncio inicial.

Artigo 26. *Criterios de clasificación.*

Os acordos de clasificación inicial, revisión ou denegación de clasificacións deberán ser adoptados motivadamente pola entidade contratante de conformidade con criterios obxectivos. As entidades contratantes poderanse remitir aos establecidos na lexislación de contratos do sector público. Igualmente, corresponderalles ás citadas entidades fixar o prazo de duración da clasificación, que poderá ser definido de acordo co establecido na citada lexislación.

Artigo 27. *Requisitos relativos a capacidades doutras entidades.*

1. Cando os criterios e normas de clasificación a que se refire o artigo 24 inclúan requisitos relativos á capacidade económica e financeira e/ou ás capacidades técnicas e profesionais do operador económico, este poderá, se o desexa, basearse nas capacidades doutras entidades, independentemente do carácter xurídico dos vínculos que teña con elas. En tal caso, deberá demostrar ante a entidade contratante que disporá dos medios requiridos para a execución dos contratos durante a totalidade do período de validez do sistema de clasificación.

2. Nas mesmas condicións, as agrupacións de operadores económicos poderanse basear nas capacidades dos participantes nas agrupacións ou doutras entidades.

Artigo 28. *Información aos candidatos.*

1. Os criterios e normas de clasificación seranlles facilitados ás empresas que o soliciten, e a súa actualización comunicaráselles ás empresas interesadas. As entidades contratantes porán tamén en coñecemento destas os nomes das entidades ou organismos terceiros cuxo sistema de clasificación consideren que responde ás súas exixencias.

2. A entidade contratante deberalles notificar aos candidatos, nun prazo máximo de seis meses, contados desde a presentación da solicitude de clasificación, a decisión adoptada sobre a súa clasificación.

3. De a decisión de clasificación requirir un prazo superior a catro meses desde a presentación da citada solicitude, a entidade competente deberalle notificar ao candidato, dentro dos dous meses seguintes á citada presentación, as razóns que xustifican a prolongación do prazo e a data de resolución da súa solicitude.

4. Os solicitantes cuxa clasificación fose rexeitada deberán ser informados motivadamente no prazo máximo de quince días desde a data da decisión sobre as razóns do rexeitamento.

Artigo 29. *Imparcialidade na clasificación e relación de empresas clasificadas.*

1. Ao actualizar as normas e os criterios referentes á clasificación das empresas ou ao decidir sobre a clasificación, o órgano competente deberase abster de lles impor a determinadas empresas condicións administrativas, técnicas ou financeiras que non lles fosen impostas a outras e de exixir probas ou xustificantes que constitúan unha repetición de probas obxectivas xa dispoñibles.

2. Conservarase unha relación das empresas clasificadas, mediante a súa incorporación a un rexistro, que se poderá dividir en categorías de empresas segundo o tipo de contratos para a realización dos cales sexa válida a clasificación.

Artigo 30. *Anulación de clasificacións.*

1. Unicamente se poderá anular a clasificación dunha empresa por razóns baseadas nos criterios aplicables en cada caso a que se refire o artigo 24.

2. Deberáselle notificar por escrito á empresa a intención de anular a clasificación, como mínimo, quince días antes da data prevista para pór fin á clasificación, indicando a razón ou razóns que xustifican esa decisión; aquela disporá dun prazo de dez días para alegar e presentar os documentos e xustificacións que coide pertinentes.

Artigo 31. *Convocatoria de licitación por medio dun anuncio sobre a existencia dun sistema de clasificación.*

Cando se efectúe unha convocatoria de licitación por medio dun anuncio sobre a existencia dun sistema de clasificación, seleccionaranse os licitadores nun procedemento restrinxido ou os participantes nun procedemento negociado entre os candidatos clasificados de acordo con tal sistema.

TÍTULO III

Documentación do contrato

Artigo 32. *Pregos de condicións.*

As entidades contratantes incluírán no prego de condicións propias de cada contrato as prescricións xurídicas, económicas e técnicas que deberán rexer a execución da prestación, de conformidade cos requisitos que para cada contrato establece esta lei.

Artigo 33. *Comunicación das prescricións.*

1. A entidade contratante comunicarálles ás empresas interesadas en obter un contrato e que o soliciten, as prescricións a que fai referencia o artigo anterior mencionadas habitualmente nos seus contratos de obras, subministración ou servizos, ou aquelas prescricións que teñan intención de aplicar aos contratos que sexan obxecto dun anuncio periódico indicativo publicado de acordo co establecido no artigo 66.

2. Cando as devanditas prescricións estean contidas en documentos que poidan ser obtidos polas empresas interesadas, abondará coa referencia a eses documentos.

Artigo 34. *Prescricións técnicas.*

1. As prescricións técnicas figurarán na documentación do contrato, xa sexa nos anuncios de licitación, no prego de condicións ou nos documentos complementarios.

2. Na medida do posible, as prescricións técnicas deberanse definir tendo en conta:

a) Os criterios de accesibilidade para persoas con discapacidade ou o deseño para todos os usuarios.

b) Cando o obxecto do contrato afecte ou poida afectar o ambiente, criterios de sustentabilidade e protección ambiental, de acordo coas definicións e principios informadores regulados nos artigos 3 e 4, respectivamente, da Lei 16/2002, do 1 de xullo, de prevención e control integrados da contaminación.

De non ser posible definir as prescricións técnicas tendo en conta os criterios de accesibilidade universal e de deseño para todos, deberá motivarse suficientemente esta circunstancia.

3. As prescricións técnicas deberanlles permitir a todos os licitadores o acceso en condicións de igualdade e non terán por efecto a creación de obstáculos inxustificables á apertura dos contratos á competencia.

4. Sen prexuízo das normas técnicas vixentes, na medida en que sexan compatibles coa lexislación comunitaria, as prescricións técnicas deberán ser formuladas:

a) Ben por referencia a prescricións técnicas e, por orde de preferencia, ás normas polas cales se adapta a lexislación española ás normas europeas, aos documentos de idoneidade técnica europeos, ás prescricións técnicas comúns, ás normas internacionais, a outros sistemas de referencias técnicas elaborados polos organismos europeos de normalización ou, na súa falta, ás normas, aos documentos de idoneidade técnica ou ás prescricións técnicas en materia de proxecto, cálculo e execución de obras e de uso de produtos. Cada referencia deberá ir acompañada da mención «ou equivalente».

b) Ben en termos de rendemento ou exixencias funcionais, podendo esta última incluír características ambientais. Estes parámetros deberán ser suficientemente precisos para lles permitir aos licitadores determinar o obxecto do contrato e ás entidades contratantes adxudicar o contrato.

c) Ben nos termos de rendemento ou exixencias funcionais mencionados na alínea b), facendo referencia, como medio de presunción de conformidade con estas exixencias de rendemento ou funcionais, ás prescricións previstas na alínea a).

d) Ben mediante referencia ás prescricións técnicas da alínea a) para certas características e mediante referencia ao rendemento ou exixencias funcionais da alínea b) para outras características.

5. Cando as entidades contratantes fagan uso da opción de referirse ás prescricións sinaladas na alínea a) do número 4, non poderán rexeitar unha oferta baseándose en que os produtos e servizos ofrecidos non son conformes coas prescricións a que se referisen, sempre que na súa oferta o licitador probe, á satisfacción da entidade contratante e por calquera medio adecuado, que as solucións que propón cumpren de forma equivalente os requisitos definidos polas prescricións técnicas.

Un expediente técnico do fabricante ou un informe de probas dun organismo recoñecido poderán constituír un medio adecuado de proba.

6. Cando as entidades contratantes fagan uso da opción prevista no número 4 de especificar en termos de rendemento ou exixencias funcionais, non poderán rexeitar unha oferta de obras, subministracións ou servizos que se axusten a unha norma nacional que incorpore unha norma europea, a un documento de idoneidade técnica europeo, a unha especificación técnica común, a unha norma internacional ou a un sistema de referencias técnicas elaborado por un organismo europeo de normalización, se tales prescricións teñen por obxecto definir os requisitos de rendemento ou exixencias funcionais exixidos por elas.

Na súa oferta, o licitador deberá probar, á satisfacción da entidade contratante, por calquera medio adecuado, que a obra, subministración ou servizo conforme coa norma reúne os requisitos de rendemento ou as exixencias funcionais establecidos pola entidade contratante.

Un expediente técnico do fabricante ou un informe de probas dun organismo recoñecido poderían constituír un medio adecuado de proba.

7. Cando as entidades contratantes prescriban características ambientais en termos de rendementos ou de exixencias funcionais, tal como se recollen na alínea b) do número 4, utilizarán as prescricións detalladas ou, se for necesario, partes destas, tal como se definen nas etiquetas ecolóxicas europeas ou plurinacionais, ou en calquera outra etiqueta ecolóxica sempre que:

a) esas prescricións sexan adecuadas para definir as características das subministracións ou servizos obxecto do contrato.

b) as exixencias da etiqueta se desenvolvan baseándose nunha información científica.

c) as etiquetas ecolóxicas se adopten mediante un proceso no cal poidan participar todas as partes implica-

das, como son as administracións públicas, os organismos gobernamentais, os consumidores, os fabricantes, os distribuidores e as organizacións ambientais, e

d) sexan accesibles a todas as partes interesadas.

As entidades contratantes poderán indicar que as subministracións ou servizos provistos da etiqueta ecolóxica se consideran acordes coas prescricións técnicas definidas no prego de condicións, e deberán aceptar calquera outro medio de proba adecuado, como un expediente técnico do fabricante ou un informe de probas dun organismo recoñecido.

8. Para efectos do presente artigo, entenderase por «organismos recoñecidos» os laboratorios de probas e de calibración e os organismos de inspección e certificación conformes coas normas europeas aplicables.

As entidades contratantes aceptarán os certificados expedidos por organismos recoñecidos establecidos noutros Estados membros da Unión Europea.

9. Salvo que o xustifique o obxecto do contrato, as prescricións técnicas non poderán mencionar unha fabricación ou unha procedencia determinada ou un procedemento concreto, nin facer referencia a unha marca, a unha patente ou a un tipo, a unha orixe ou a unha produción determinados coa finalidade de favorecer ou descartar certas empresas ou certos produtos.

Tal mención ou referencia autorizarase, con carácter excepcional, no caso de que non sexa posible facer unha descrición o bastante precisa e intelixible do obxecto do contrato de acordo cos números 4 e 5, e deberá ir acompañada da mención «ou equivalente».

Artigo 35. *Certificados expedidos por organismos independentes.*

Cando as entidades contratantes exixan a presentación de certificados expedidos por organismos independentes que acrediten que o operador económico cumpre determinadas normas de garantía de calidade, as entidades contratantes farán referencia aos sistemas de garantía de calidade baseados nas series de normas europeas na materia, certificadas por organismos conformes coas series de normas europeas relativas á certificación.

Artigo 36. *Medidas de xestión ambiental.*

1. Para os contratos de obras e de servizos, as entidades contratantes poderán exixir nos casos adecuados, co fin de comprobaren a capacidade técnica do operador económico, que se indiquen as medidas de xestión ambiental que o operador económico poderá aplicar ao executar o contrato.

2. Cando as entidades contratantes exixan a presentación de certificados expedidos por organismos independentes que acrediten que o operador económico cumpre determinadas normas de xestión ambiental, deberán facer referencia ao Sistema comunitario de xestión e auditorías ambientais, regulado no Regulamento (CE) n.º 761/2001 do Parlamento Europeo e do Consello, do 19 de marzo de 2001 (EMAS), ou ás normas de xestión ambiental baseadas nas normas internacionais ou europeas na materia e certificadas por organismos conformes coa lexislación comunitaria ou coas normas internacionais ou europeas na materia relativas á certificación.

Artigo 37. *Recoñecemento mutuo en canto a condicións técnicas ou financeiras e en canto a certificados, probas e xustificantes.*

1. As entidades contratantes recoñecerán certificados equivalentes expedidos por organismos establecidos noutros estados membros da Unión Europea.

2. Tamén aceptarán outras probas de medidas equivalentes de garantía de calidade e de xestión ambiental que presenten os operadores económicos.

Artigo 38. *Definicións das prescricións técnicas.*

Entenderase por:

1. «Prescrición técnica»:

a) Cando se trate de contratos de obras: o conxunto das prescricións técnicas contidas principalmente nos pregos de condicións, nas cales se definan as características requiridas dun material, produto ou subministración, e que permitan caracterizalos de maneira que respondan á utilización a que os destine a entidade contratante. Estas características inclúen os niveis de actuación sobre o ambiente, o deseño para todas as necesidades, incluíndo a accesibilidade dos discapacitados, e avaliación da conformidade, o rendemento, a seguranza, ou as dimensións; así mesmo, os procedementos que garantan a calidade, a terminoloxía, os símbolos, as probas e métodos de proba, o envasado, marcación e etiquetaxe, as instrucións de uso e os procesos e métodos de produción. Inclúen, así mesmo, as regras de elaboración do proxecto e cálculo das obras, as condicións de proba, control e recepción das obras, así como as técnicas ou métodos de construción e todas as demais condicións de carácter técnico que a entidade contratante poida prescribir, por vía de regulamentación xeral ou específica, no referente a obras acabadas e aos materiais ou elementos que as constitúan.

b) Cando se trate de contratos de servizos ou de subministración: aquela especificación que figure nun documento no cal se definen as características exixidas dun produto ou dun servizo, como, por exemplo, os niveis de calidade, os niveis de actuación sobre o ambiente, o deseño para todas as necesidades, incluíndo a accesibilidade dos discapacitados, e avaliación da conformidade, rendemento, utilización do produto, a súa seguranza ou as súas dimensións; así mesmo, as prescricións aplicables ao produto no referente á denominación de venda, a terminoloxía, os símbolos, as probas e métodos de proba, o envasado, marcación e etiquetaxe, as instrucións para o usuario, os procedementos e métodos de produción, así como os procedementos de avaliación da conformidade.

2. «Norma»: unha especificación técnica aprobada por un organismo de normalización recoñecido para unha aplicación repetida ou continuada cuxo cumprimento non sexa obrigatorio e que estea incluída nunha das categorías seguintes:

1.º «Norma internacional»: norma adoptada por unha organización internacional de normalización e posta á disposición do público.

2.º «Norma europea»: norma adoptada por un organismo europeo de normalización e posta á disposición do público.

3.º «Norma nacional»: norma adoptada por un organismo nacional de normalización e posta á disposición do público.

3. «Documento de idoneidade técnica europeo»: a avaliación técnica favorable da idoneidade dun produto para o uso asignado, baseada no cumprimento dos requisitos básicos para a construción, de acordo coas características intrínsecas do produto e as condicións de aplicación e utilización establecidas. O documento de idoneidade técnica europeo será expedido por un organismo autorizado.

4. «Prescricións técnicas comúns»: as prescricións técnicas elaboradas segundo un procedemento recoñecido polos Estados membros da Unión Europea que fosen publicadas no Diario Oficial da Unión Europea.

5. «Referencia técnica»: calquera produto elaborado polos organismos europeos de normalización, distinto

das normas oficiais, conforme procedementos adaptados á evolución das necesidades do mercado.

Artigo 39. *Instrucións e regulamentos técnicos obrigatorios.*

1. Os proxectos e a execución de obras deberán suxeitarse ás instrucións e aos regulamentos técnicos que sexan de cumprimento obrigado.

2. Serán de aplicación prioritaria as instrucións e os regulamentos técnicos obrigatorios conformes co dereito comunitario.

TÍTULO IV

Selección cualitativa dos operadores económicos

Artigo 40. *Criterios de selección cualitativa.*

1. As entidades contratantes que fixen criterios de selección nun procedemento aberto deberano facer segundo normas e criterios obxectivos que estarán á disposición dos operadores económicos interesados.

2. As entidades contratantes que seleccionen os candidatos para un procedemento restrinxido ou negociado deberano facer de acordo coas normas e criterios obxectivos que definisen e que estean á disposición dos operadores económicos interesados.

3. Cando os criterios previstos nos números 1 e 2 inclúan requisitos relativos á capacidade económica, financeira, técnica e profesional do operador económico, este poderá, se o desexa, e para un contrato determinado, basearse nas capacidades doutras entidades, independentemente do carácter xurídico dos vínculos que teña con elas. En tal caso, deberá demostrar ante a entidade contratante que dispón de maneira efectiva dos medios necesarios.

Nas mesmas condicións, as agrupacións de operadores económicos a que fai referencia o artigo 22 poderanse basear nas capacidades dos participantes nas agrupacións ou doutras entidades.

TÍTULO V

Técnicas de contratación

CAPÍTULO I

Centrais de compras

Artigo 41. *Contratos e acordos marco celebrados coas centrais de compras.*

Considerarase que as entidades contratantes que contraten a realización de obras, a adquisición de subministracións ou a prestación de servizos por medio dunha central de compras, nos supostos previstos no número 11 do artigo 2, respectaron as disposicións desta lei sempre que a central de compras cumpra tales disposicións ou, de ser o caso, o disposto na Lei de contratos do sector público.

CAPÍTULO II

Acordos marco

Artigo 42. *Acordos marco.*

1. As entidades contratantes poderán considerar un acordo marco como un contrato de acordo co número 4 do artigo 2 e adxudicalo de conformidade co disposto nesta lei.

2. Cando as entidades contratantes celebren un acordo marco de conformidade co disposto nesta lei, poderán recorrer ao procedemento negociado sen convocatoria previa de licitación cando celebren contratos que se baseen no citado acordo marco.

3. Cando un acordo marco non se celebre de conformidade co disposto nesta lei, as entidades contratantes non poderán recorrer ao procedemento negociado sen convocatoria previa de licitación.

4. As entidades contratantes non poderán recorrer aos acordos marco dunha maneira abusiva con obxecto de impedir, restrinxir ou falsear a competencia.

CAPÍTULO III

Sistemas dinámicos de adquisición

Artigo 43. *Sistema dinámico de adquisición.*

1. Ao aplicaren un sistema dinámico de adquisición, as entidades contratantes seguirán as normas do procedemento aberto en todas as súas fases ata a adxudicación do contrato no marco deste sistema.

2. Durante toda a duración do sistema dinámico de adquisición, as entidades contratantes ofreceránlle a calquera operador económico a posibilidade de ser incluído no sistema mentres cumpran os criterios de selección e de presentar unha oferta indicativa axustada ao prego de condicións. Para tal fin, as entidades contratantes determinarán no prego de condicións, de acordo co disposto no artigo 40, os criterios de selección cualitativa que lles permitan aos candidatos presentaren as ofertas.

Artigo 44. *Utilización de medios electrónicos nun sistema dinámico de adquisición.*

Para a aplicación do sistema e a adxudicación dos contratos no marco deste, as entidades contratantes só utilizarán medios electrónicos, de acordo co disposto nos números 2 e 3 do artigo 72 e no artigo 73.

Artigo 45. *Obrigas da entidade contratante.*

Para efectos da aplicación do sistema dinámico de adquisición a entidade contratante:

a) Publicará un anuncio de licitación en que se precisará que se trata dun sistema dinámico de adquisición.

b) Precisarán no prego de condicións a natureza das adquisicións previstas no marco deste sistema, toda a información necesaria relativa ao sistema de adquisición, ao equipamento electrónico utilizado e ás modalidades e prescricións técnicas de conexión.

c) Ofrecerá, desde a publicación do anuncio ata a expiración do sistema, por medios electrónicos, o acceso libre, directo e completo ao prego de condicións e a toda documentación adicional, e indicará no anuncio o enderezo da internet en que estes documentos se poden consultar.

d) Admitirá que as ofertas indicativas se poidan mellorar en calquera momento sempre que sigan sendo conformes co prego de condicións.

e) Concluirá a avaliación da oferta indicativa nun prazo máximo de quince días a partir da presentación desta. Non obstante, poderán prolongar a devandita avaliación sempre que entrementes non se convoque unha nova licitación.

f) Informará canto antes ao licitador da súa admisión no sistema dinámico de adquisición, ou do rexeitamento da súa oferta indicativa.

g) Anunciará o resultado da adxudicación dos contratos baseados nun sistema dinámico de adquisición.

Artigo 46. *Desenvolvemento do procedemento de licitación nun sistema dinámico de adquisición.*

1. Cada contrato específico no marco dun sistema dinámico de adquisición será obxecto dunha licitación.

2. Antes de proceder á licitación, as entidades contratantes publicarán un anuncio de licitación simplificado en que sexan invitadas todas as entidades económicas interesadas a presentar unha oferta indicativa, de acordo co número 2 do artigo 43, nun prazo que non poderá ser inferior a quince días a partir da data de envío do citado anuncio. As entidades contratantes non convocarán unha nova licitación ata ter concluída a avaliación de todas as ofertas indicativas presentadas no prazo citado.

3. As entidades contratantes invitarán todos os licitadores admitidos no sistema a presentar unha oferta para cada contrato específico que se vaia adxudicar no marco do sistema dinámico de adquisición. Con este fin, establecerán un prazo suficiente, en relación co obxecto do contrato, para a presentación das ofertas.

4. Adxudicaránlle o contrato ao licitador que presentase a mellor oferta, baseándose nos criterios de adxudicación detallados no prego e no anuncio de licitación para a posta en práctica do sistema dinámico de adquisición. De ser necesario, os criterios precisaranse na invitación para presentar unha oferta mencionada no número anterior.

Artigo 47. *Convocatoria do sistema dinámico de adquisición e da licitación dos contratos baseados nel.*

A convocatoria de licitación do sistema efectuarase mediante un anuncio de licitación previsto nos puntos A, B ou C do anexo III, mentres que a convocatoria de licitación dos contratos baseados en tales sistemas se efectuará mediante un anuncio de licitación simplificado previsto no punto D do anexo III.

Artigo 48. *Condicións de aplicación do sistema dinámico de adquisición.*

1. A duración dun sistema dinámico de adquisición non poderá ser superior a catro anos, agás en casos excepcionais debidamente xustificadas.

2. Non se lles poderá cargar aos operadores económicos interesados ou aos que sexan parte no sistema ningún prezo ou gasto administrativo de tramitación.

3. As entidades contratantes non poderán recorrer a este sistema de maneira que a competencia se vexa obstaculizada, restrinxida ou falseada.

CAPÍTULO IV

Poxas electrónicas

Artigo 49. *Poxas electrónicas.*

1. Nos procedementos abertos, restrinxidos ou negociados sen convocatoria previa de licitación, as entidades contratantes poderán decidir que se efectúe unha poxa electrónica previa á adxudicación dun contrato

cando o prego de condicións do devandito contrato se poida establecer de maneira precisa.

2. Cando tal condición se cumpre, poderase utilizar a poxa electrónica cando se convoque a unha licitación no marco dun sistema dinámico de adquisición.

Artigo 50. *Anuncio de licitación.*

As entidades contratantes que decidan recorrer a unha poxa electrónica farán mención, de ser o caso, dese feito no anuncio de licitación.

Artigo 51. *Criterios de valoración das ofertas na poxa electrónica.*

A poxa electrónica basearase:

- a) Ou ben unicamente nos prezos, cando o contrato se adjudique ao prezo máis baixo.
- b) Ou ben nos prezos ou nos novos valores dos elementos das ofertas indicados no prego de condicións ou en ambos, cando o contrato se adjudique á oferta economicamente máis vantaxosa.

Artigo 52. *Prego de condicións na poxa electrónica.*

O prego de condicións incluirá, en particular, a información seguinte:

- a) Os criterios de adjudicación e a súa valoración expresada en cifras ou porcentaxes.
- b) Se é o caso, os límites dos valores que se poderán presentar, tal como resultan das prescricións relativas ao obxecto do contrato.
- c) A información que se porá á disposición dos licitadores durante a poxa electrónica e en que momento disporán, chegado o caso, desa información.
- d) A información pertinente sobre o desenvolvemento da poxa electrónica.
- e) As condicións en que os licitadores poderán facer ofertas e, en particular, as diferenzas mínimas que se exixirán, se é o caso, para facer ofertas.
- f) A información pertinente sobre o dispositivo electrónico utilizado e sobre as modalidades e prescricións técnicas de conexión.

Artigo 53. *Contido da invitación.*

1. Serán invitados simultaneamente por medios electrónicos todos os licitadores que presentasen ofertas admisibles a que presenten novos prezos e/ou novos valores.

2. A invitación para participar nunha poxa electrónica incluirá toda a información pertinente para a conexión individual ao dispositivo electrónico utilizado e precisará a data e a hora de comezo da poxa electrónica.

3. Cando o contrato se vaia adjudicar á oferta economicamente máis vantaxosa, farase mención expresa do resultado da avaliación completa da oferta do destinatario, efectuada de acordo coa ponderación prevista no parágrafo primeiro do número 1 do artigo 61 e indicará así mesmo a fórmula matemática en virtude da cal se establecerán durante a poxa electrónica as reclasificacións automáticas en función dos novos prezos e/ou dos novos valores presentados. A dita fórmula incorporará a ponderación de todos os criterios establecidos para determinar a oferta economicamente máis vantaxosa, tal como se indicase no anuncio de licitación ou no

prego de condicións. Para iso, as eventuais bandas de valores deberanse expresar previamente mediante un valor determinado. Caso de se autorizaren variantes, deberanse proporcionar fórmulas distintas para cada variante.

Artigo 54. *Desenvolvemento da poxa electrónica.*

1. A poxa electrónica poderase desenvolver en varias fases sucesivas.

2. A poxa electrónica só poderá comezar transcorridos, como mínimo, dous días hábiles contados desde a data de envío das invitacións.

3. Antes da poxa electrónica, as entidades contratantes procederán a unha primeira avaliación completa das ofertas, de acordo co criterio ou cos criterios de adjudicación establecidos, e á súa ponderación.

4. Ao longo de cada unha das fases da poxa electrónica, as entidades contratantes comunicarán a información que lles permita a todos os licitadores, de forma instantánea, coñecer en todo momento a súa respectiva clasificación. Esta información inclúe a súa puntuación, o número de partes que participan na fase en que se atope a poxa e o lugar que ocupan nesta. Tamén poderán comunicar outros datos relativos a outros prezos ou valores presentados, sempre que isto estea previsto no prego de condicións. Non obstante, en ningún caso poderán divulgar a identidade dos licitadores durante o desenvolvemento da poxa electrónica.

Artigo 55. *Cerramento da poxa.*

As entidades contratantes cerrarán a poxa electrónica de conformidade con unha ou varias das seguintes modalidades:

- a) Indicando a data e a hora fixadas previamente na invitación a participar na poxa.
- b) Cando non reciban novos prezos ou novos valores que respondan aos requisitos relativos ás diferenzas mínimas. En tal caso, as entidades contratantes especificarán na invitación a participar na poxa o prazo que respectarán a partir da recepción da última presentación antes de dar por concluída a poxa electrónica.
- c) Cando conclúa o número de fases da poxa establecido na invitación a participar na poxa.

Cando as entidades contratantes decidan que o cerramento da poxa electrónica se vaia producir de acordo coa alínea c), se é o caso, conxuntamente coas modalidades previstas na alínea b), a invitación a participar na poxa indicará os calendarios de cada fase da poxa.

Artigo 56. *Adjudicación do contrato na poxa electrónica.*

Unha vez concluída a poxa electrónica, as entidades contratantes adjudicarán o contrato en función dos resultados obtidos durante a poxa electrónica de acordo cos criterios de adjudicación do contrato.

Artigo 57. *Límites á aplicación das poxas electrónicas.*

As entidades contratantes non poderán recorrer ás poxas electrónicas de maneira abusiva ou de maneira que a competencia se vexa obstaculizada, restrinxida ou falseada ou que se vexa modificado o obxecto do contrato tal como se definiu no anuncio utilizado como medio de convocatoria de licitación e no prego de condicións.

TÍTULO VI

Procedementos de adxudicación de contratos

CAPÍTULO I

Procedementos e formas de adxudicación

SECCIÓN 1.^a PROCEDEMENTOS DE ADXUDICACIÓNArtigo 58. *Procedementos de adxudicación.*

1. A entidade contratante poderá elixir entre a adopción do procedemento aberto, restrinxido ou negociado, sempre que se efectúese unha convocatoria de licitación de acordo co disposto no artigo 65. Tamén se poderá utilizar o procedemento negociado sen convocatoria previa de licitación nos casos previstos no artigo 59.

2. No procedemento aberto todo operador económico interesado poderá presentar unha proposición.

3. No procedemento restrinxido calquera operador económico pode solicitar participar e só poden presentar unha oferta os candidatos invitados pola entidade contratante.

4. No procedemento negociado, o contrato será adxudicado ao operador económico elixido pola entidade contratante, tras consulta e negociación previas dos termos do contrato con un ou varios destes.

Artigo 59. *Procedemento negociado sen convocatoria previa de licitación.*

A entidade contratante poderá utilizar un procedemento negociado sen convocatoria de licitación previa nos casos seguintes:

a) Cando, en resposta a un procedemento con convocatoria de licitación previa, non se presentase ningunha oferta ou ningunha oferta adecuada ou ningunha candidatura, sempre e cando non se modifiquen substancialmente as condicións iniciais do contrato.

b) Cando se adxudique un contrato unicamente con fins de investigación, experimentación, estudo ou desenvolvemento e non co fin de obter unha rendibilidade ou de recuperar os custos de investigación e desenvolvemento, e sempre que a celebración de tal contrato se entenda sen prexuízo da convocatoria dunha licitación para os contratos subseguintes que persigan os mesmos fins.

c) Cando, por razóns técnicas, artísticas ou motivos relacionados coa protección de dereitos exclusivos, o contrato só poida ser executado por un operador económico determinado.

d) Na medida en que sexa estritamente necesario, cando, por razóns de extremada urxencia, resultante de feitos imprevisibles para a entidade contratante, non se poidan cumprir os prazos estipulados nos procedementos abertos ou restrinxidos e nos procedementos negociados con convocatoria de licitación.

e) No caso de contratos de subministración, para as entregas adicionais efectuadas polo provedor inicial que constitúan ben unha reposición parcial de subministracións ou instalacións de uso corrente ou ben unha extensión de subministracións ou instalacións existentes, cando un cambio de provedor obrigue a entidade contratante a adquirir material con características técnicas diferentes, dando lugar a incompatibilidades ou problemas desproporcionados de utilización e mantemento.

f) Cando se trate de obras ou servizos adicionais que non figuren no proxecto inicialmente adxudicado, nin no primeiro contrato celebrado, pero que resulte necesario

executar como consecuencia de circunstancias imprevistas, sempre que a súa execución se lle confíe ao contratista ou prestador de servizos que execute o contrato inicial e esas obras ou servizos non poidan separarse técnica ou financeiramente do contrato principal, sen causar graves inconvenientes á entidade contratante, ou, aínda podendo separarse da execución do contrato inicial, sexan estritamente necesarias para o seu perfeccionamento.

g) No caso de contratos de obras, os novos traballos que consistan na repetición de obras similares confiadas ao contratista titular dun primeiro contrato adxudicado pola mesma entidade contratante, sempre que as obras se axusten a un proxecto base para o cal se formalizase un primeiro contrato tras a licitación correspondente. No anuncio de licitación do primeiro proxecto deberá indicarse a posibilidade de recorrer a este procedemento e a entidade contratante, cando aplique o disposto nos artigos 16 e 17, terá en conta o custo total considerado para a continuación das obras.

h) Cando se trate de subministracións cotizadas e compradas nunha bolsa de materias primas.

i) Aqueles contratos adxudicados sobre a base dun acordo marco, de conformidade co disposto no artigo 42.

j) Nos supostos de compras de ocasión, sempre que sexa posible adquirir subministracións aproveitando unha ocasión especialmente vantaxosa que se presentase nun período de tempo moi breve e cuxo prezo de compra sexa considerablemente máis baixo que o habitual do mercado.

k) Cando exista a posibilidade de comprar mercadorías en condicións especialmente vantaxosas, ben a un subministrador que cese definitivamente na súa actividade comercial, ben aos administradores ou liquidadores dunha sociedade inmersa nun procedemento concursal ou outro que puiden desembocar na súa liquidación.

l) Cando o contrato de servizos resulte dun concurso de proxectos organizado de conformidade coas disposicións desta lei e de acordo coas normas que o regulan se lle deba adxudicar ao gañador ou a un dos gañadores do concurso. Neste caso, todos os gañadores do concurso deberán ser invitados a participar nas negociacións.

SECCIÓN 2.^a FORMAS DE ADXUDICACIÓNArtigo 60. *Criterios de adxudicación.*

Sen prexuízo das disposicións legais, regulamentarias ou administrativas relativas á remuneración de determinados servizos, os criterios en que se basearán as entidades contratantes para adxudicar os contratos serán os seguintes:

- a) O prezo máis baixo soamente.
- b) A oferta economicamente máis vantaxosa.

Artigo 61. *Criterios de valoración das ofertas.*

1. Na oferta economicamente máis vantaxosa a adxudicación recaerá sobre o licitador que, no seu conxunto, faga a proposición máis vantaxosa en función dos criterios obxectivos que se establezan no prego e no anuncio.

Para a valoración das proposicións e determinación da oferta economicamente máis vantaxosa, deberase atender a criterios directamente vinculados ao obxecto do contrato, tales como a calidade, o prezo, a fórmula utilizable para revisar as retribucións ligadas á utilización da obra ou á prestación do servizo, o prazo de execución ou entrega da prestación, o custo de utilización, características ambientais ou vinculadas coa satisfacción de exixencias sociais que respondan a necesidades, definidas nas especificacións do contrato, propias das categorías de

poboación especialmente desfavorecidas ás cales pertencen os usuarios ou beneficiarios das prestacións que se van contratar, a rendibilidade, o valor técnico, as características estéticas ou funcionais, a dispoñibilidade e custo dos repostos, o mantemento, a asistencia técnica, o servizo posvenda ou outros semellantes.

No caso de contratos cuxa execución teña ou poida ter un impacto significativo no ambiente, valoraranse condicións ambientais mensurables tales como o menor impacto ambiental, a eficiencia enerxética, o custo do ciclo de vida, a xeración de residuos ou o uso de materiais reciclados ou reutilizados ou de materiais ecolóxicos.

2. A entidade contratante fará constar no prego de condicións todos os criterios de adxudicación que ten previsto aplicar.

3. A entidade contratante precisará a ponderación relativa que lle atribúa a cada un dos criterios elixidos para determinar a oferta economicamente máis vantaxosa. Esta ponderación poderase expresar fixando unha banda de valores que deberá ter unha amplitude máxima adecuada.

4. Cando, a xuízo da entidade contratante, a ponderación non sexa posible debido a motivos demostrables, as entidades contratantes indicarán a orde decrecente de importancia atribuída aos criterios.

Artigo 62. *Admisión de variantes.*

1. Cando o criterio de adxudicación do contrato sexa a oferta economicamente máis vantaxosa, a entidade contratante poderá tomar en consideración variantes ou alternativas presentadas por un licitador sempre que cumpran as condicións mínimas e os requisitos para a súa presentación establecidos pola citada entidade no prego de condicións.

2. As entidades contratantes indicarán no prego de condicións se autorizan ou non as variantes e, en caso afirmativo, as condicións mínimas que deben reunir as variantes, así como os requisitos para a súa presentación.

3. A entidade contratante non poderá rexeitar a presentación dunha variante pola exclusiva razón de ter sido elaborada de conformidade con prescricións técnicas definidas mediante referencia a prescricións técnicas europeas ou a prescricións técnicas nacionais recoñecidas de conformidade cos requisitos esenciais definidos no Real decreto 1630/1992, do 29 de decembro, polo que se ditan disposicións para a libre circulación de produtos de construción, en aplicación da Directiva 89/106/CEE.

4. Nos procedementos de adxudicación de contratos de subministración ou de servizos, as entidades contratantes que, segundo o disposto nos números 1 e 2, autoricen variantes, non poderán rexeitar unha delas só polo motivo de que, de ser elixida, daría lugar ben a un contrato de servizos na vez de a un contrato de subministración, ben a un contrato de subministración no canto de a un contrato de servizos.

CAPÍTULO II

Publicidade das licitacións

Artigo 63. *Principio de publicidade.*

Todos os procedementos para a adxudicación dos contratos se deberán publicar mediante o correspondente anuncio no Diario Oficial da Unión Europea, de acordo co formato establecido polo Regulamento n.º 1564/2005 da Comisión, do 7 de setembro de 2005, polo que se establecen os formularios normalizados para a publicación de anuncios no marco dos procedementos de adxudicación de contratos públicos de acordo coas Directivas 2004/17/CE

e 2004/18/CE do Parlamento Europeo e do Consello, e no Boletín Oficial del Estado.

Así mesmo, publicarase o citado anuncio nos respectivos diarios ou boletíns oficiais das comunidades autónomas ou das provincias cando as entidades contratantes dependan dunha comunidade autónoma ou dunha corporación local, así como cando ou se encontren vinculadas a elas ou cando a súa actividade sexa autorizada por estas.

Artigo 64. *Anuncios periódicos indicativos.*

1. As entidades contratantes darán a coñecer, polo menos unha vez ao ano, mediante un anuncio periódico indicativo previsto no anexo V A, publicado pola Comisión Europea ou polas propias entidades, no seu «perfil do contratante», tal como se recolle na alínea b) do punto 2 do anexo IX:

a) Para as subministracións, o valor total estimado dos contratos ou dos acordos marco, por grupos de produtos, que se propoñan adxudicar durante os doce meses seguintes cando, tendo en conta o disposto nos artigos 16 e 17, sexa igual ou superior a 750.000 euros. As entidades contratantes determinarán os grupos de produtos facendo referencia á nomenclatura do Vocabulario común de contratos públicos.

b) Para os servizos, o valor total estimado dos contratos ou os acordos marco para cada unha das categorías de servizos enumeradas no anexo II A que se propoñan adxudicar durante os doce meses seguintes cando, tendo en conta o disposto nos artigos 16 e 17, sexa igual ou superior a 750.000 euros.

c) Para as obras, as características esenciais dos contratos de obras ou dos acordos marco que se propoñan adxudicar durante os doce meses seguintes e cuxo valor estimado sexa igual ou superior ao limiar indicado no artigo 16, tendo en conta o disposto no artigo 17.

2. Os anuncios previstos nas alíneas a) e b) do número anterior enviaranse á Oficina de Publicacións das Comunidades Europeas ou publicaranse no perfil do contratante o antes posible unha vez iniciado o exercicio orzamentario.

3. O anuncio a que alude a alínea c) do número 1 enviarase á Oficina de Publicacións das Comunidades Europeas ou publicarase no perfil do contratante o antes posible unha vez tomada a decisión de autorizar o programa en que se enmarcan os contratos de obras ou os acordos marco que as entidades contratantes se propoñan adxudicar.

4. As entidades contratantes que publiquen o anuncio periódico indicativo no seu perfil de comprador enviaranlle á Oficina de Publicacións das Comunidades Europeas, por medios electrónicos e de acordo co formato e coas modalidades de transmisión electrónica mencionadas no punto 3 do anexo IX, un anuncio en que se mencione a publicación dun anuncio periódico indicativo sobre un perfil do contratante.

5. A publicación dos anuncios previstos nas alíneas a), b) e c) do número 1 será obrigatoria só cando as entidades contratantes opten por reducir os prazos para a recepción de ofertas tal como se establece no número 2 do artigo 77.

O establecido neste número non será de aplicación aos procedementos sen convocatoria de licitación previa.

6. As entidades contratantes poderán, en particular, publicar anuncios periódicos indicativos referentes a proxectos importantes, sen repetir a información que xa se incluíse nun anuncio periódico indicativo, sempre que se mencione claramente que eses anuncios constitúen anuncios adicionais.

Artigo 65. Convocatoria de licitación.

Nos contratos de obras, subministración ou servizos, a convocatoria de licitación poderase efectuar:

- a) Por medio dun anuncio periódico indicativo previsto no anexo V A ou
- b) por medio dun anuncio sobre a existencia dun sistema de clasificación previsto no anexo IV ou
- c) por medio dun anuncio de licitación previsto nas partes A, B ou C do anexo III.

Artigo 66. Convocatoria de licitación por medio dun anuncio periódico indicativo.

1. A convocatoria de licitación por medio dun anuncio periódico indicativo só procederá nos procedementos restrinxidos ou negociados.

2. Cando se efectúe unha convocatoria de licitación por medio dun anuncio periódico indicativo, tal anuncio deberá:

- a) Facer referencia especificamente ás obras, ás subministracións ou aos servizos que sexan obxecto do contrato que se vaia adxudicar.
- b) Mencionar que o contrato se adxudicará por procedemento restrinxido ou negociado sen ulterior publicación dun anuncio de convocatoria de licitación e instará os operadores económicos interesados a que manifesten o seu interese por escrito; e
- c) Terse publicado, de conformidade co anexo IX, un máximo de doce meses antes da data de envío da invitación prevista no número 4. A entidade contratante deberá respectar, ademais, os prazos previstos nos artigos 77 e 78.

3. Cando se efectúe unha convocatoria de licitación por medio dun anuncio periódico indicativo, as entidades contratantes invitarán posteriormente todos os candidatos a que confirmen o seu interese de acordo coa información detallada relativa ao contrato de que se trate, antes de comezar a selección de licitadores ou de participantes dunha negociación.

A invitación incluirá, como mínimo, os seguintes datos:

- a) Natureza e cantidade, incluídas todas as opcións relativas aos contratos adicionais e, se for posible, prazo estimado para o desenvolvemento desas opcións; cando se trate de contratos renovables, natureza e cantidade e, se for posible, prazo estimado de publicación dos posteriores anuncios de licitación para as subministracións, obras ou servizos que vaian ser obxecto de licitación.
- b) Carácter do procedemento: restrinxido ou negociado.
- c) De ser o caso, data de comezo ou de finalización da execución de obras ou servizos ou da entrega de subministracións.
- d) Enderezo, data límite de presentación de solicitudes e dos documentos relativos á licitación, así como lingua ou linguas en que estea autorizada a súa presentación.
- e) Enderezo postal da entidade que subministrará a información necesaria para a obtención do prego de condicións e demais documentos.
- f) Condicións de carácter económico e técnico, garantías financeiras e información exixida aos operadores económicos.
- g) Importe e modalidades de pagamento de calquera cantidade debida para a obtención da documentación relativa ao procedemento de adxudicación do contrato.
- h) Natureza do contrato que constitúe o obxecto da invitación a presentar ofertas: compra, arrendamento financeiro, arrendamento ou alugamento con opción de compra, ou varias destas formas.

i) Os criterios de adxudicación e a súa ponderación ou, cando corresponda, a orde de importancia dos devanditos criterios, caso de que esta información non figure no anuncio indicativo ou no prego de condicións ou na invitación a presentar ofertas ou a negociar.

Artigo 67. Anuncios de contratos adxudicados.

1. As entidades contratantes que celebren un contrato ou un acordo marco enviarán, nun prazo de dous meses a partir da adxudicación do citado contrato ou acordo marco, un anuncio relativo ao contrato adxudicado, segundo se especifica no anexo VI.

2. No caso de contratos adxudicados segundo un acordo marco sen convocatoria de licitación previa, as entidades contratantes non terán que enviar un anuncio sobre os resultados do procedemento de adxudicación de cada contrato baseado no acordo marco, sempre que se dese cumprimento ao disposto no artigo 42.

3. As entidades contratantes anunciarán o resultado da adxudicación dos contratos baseados nun sistema dinámico de adquisición, como máis tarde, dous meses despois da adxudicación de cada contrato. Non obstante, poderán agrupar estes anuncios trimestralmente. Nese caso, enviarán os anuncios agrupados, como máis tarde, nos dous meses seguintes ao trimestre vencido.

4. A información subministrada de acordo co anexo VI e destinada a ser publicada serao de conformidade co anexo IX. A este respecto, as entidades contratantes determinarán o carácter comercial, reservado de confidencialidade, que presente tal información.

5. Nos casos de contratos adxudicados para a prestación dos servizos enumerados no anexo II B, as entidades contratantes deberán indicar no anuncio se aceptan a súa publicación.

Artigo 68. Contratos de servizos de investigación e desenvolvemento.

1. Cando as entidades contratantes adxudiquen un contrato de servizos de investigación e desenvolvemento mediante un procedemento sen convocatoria previa de licitación de conformidade coa alínea b) do artigo 59, poderán limitar a información que deban proporcionar de acordo co anexo VI relativa á índole e á cantidade dos servizos subministrados, mencionando soamente no anuncio que se trata de «servizos de investigación e desenvolvemento».

2. Cando as entidades contratantes adxudiquen un contrato de servizos de investigación e desenvolvemento que non poida efectuarse mediante un procedemento sen convocatoria de licitación de conformidade coa alínea b) do artigo 59, poderán limitar a información que deban proporcionar de acordo co anexo VI, relativa á índole e á cantidade dos servizos subministrados por motivos de segredo comercial. En tales casos, a entidade contratante velará por que a información publicada de acordo con este número sexa, polo menos, tan detallada como a contida na convocatoria de licitación publicada de conformidade co artigo 65.

3. En caso de que utilicen un sistema de clasificación, as entidades contratantes deberán velar por que esa información sexa, polo menos, tan detallada como a categoría sinalada na relación dos prestadores de servizos clasificados, establecida de acordo co número 2 do artigo 29.

Artigo 69. Criterios e modalidades de publicación dos anuncios.

1. Os anuncios incluirán a información indicada nos anexos III, IV, V A e V B e VI, así como calquera outra información que a entidade contratante considere útil segundo

o formato dos formularios normalizados a que fai referencia o artigo 63.

2. Os anuncios que as entidades contratantes envíen á Oficina de Publicacións das Comunidades Europeas serán transmitidos, ben por medios electrónicos de acordo co formato e coas modalidades de transmisión previstas no punto 3 do anexo IX, ben por outros medios.

Os anuncios a que aluden os artigos 64, 65 e 67 publicaranse conforme as características técnicas de publicación mencionadas nas alíneas a) e b) do punto 1 do anexo IX.

3. Os anuncios e o seu contido non se poderán publicar antes da data en que se envíen á Oficina de Publicacións das Comunidades Europeas.

4. Os anuncios publicados no ámbito nacional non incluírán información distinta da que figure nos anuncios enviados á Oficina de Publicacións das Comunidades Europeas ou da que se publicase nun perfil do contratante, e deberán mencionar a data de envío do anuncio á citada oficina ou da publicación no perfil de comprador.

5. Os anuncios periódicos indicativos non se poderán publicar nun perfil do contratante antes de que se envíe á Oficina de Publicacións das Comunidades Europeas o anuncio da súa publicación na citada forma e deberán mencionar a data do citado envío.

6. As entidades contratantes deberán poder demostrar a data de envío dos anuncios.

7. A confirmación da publicación entregada á entidade contratante pola Oficina de Publicacións das Comunidades Europeas con mención expresa da data da citada publicación constituirá proba desta.

8. As entidades contratantes poderán publicar, de acordo cos números 1 a 7, anuncios de licitacións que non estean sometidos á publicación obrigatoria prevista nesta lei.

Artigo 70. *Envío e publicación de anuncios no Diario Oficial da Unión Europea.*

1. Os anuncios serán preparados e enviados de acordo cos formatos e formularios normalizados para a publicación de anuncios a que fai referencia o artigo 63 e co contido que se especifica respecto de cada tipo de anuncio nos anexos III a VIII, ambos inclusive.

2. Os anuncios que se remitan á Oficina de Publicacións das Comunidades Europeas publícanse nos prazos que se expresan no número 3 do anexo IX en función do medio de envío empregado.

3. En casos excepcionais e coa petición previa da entidade contratante dirixida á Oficina de Publicacións das Comunidades Europeas, os anuncios de contratos mencionados na alínea c) do artigo 64 serán publicados no prazo e da forma establecidos no anexo IX.

CAPÍTULO III

Desenvolvemento do procedemento

Artigo 71. *Cómputo de prazos.*

Todos os prazos establecidos nesta lei, salvo que nela se indique que son de días hábiles, entenderanse referidos a días naturais. De o último día do prazo ser inhábil, entenderase que aquel conclúe o primeiro día hábil seguinte. Non obstante, deberase indicar no anuncio o día e hora en que finalice o prazo para a presentación de proposicións ou de solicitudes de participación.

Artigo 72. *Comunicacións.*

1. Todas as comunicacións e intercambios de información mencionados neste título se poderán facer por

correo, por fax, por medios electrónicos de conformidade co artigo 73, por teléfono nos casos e circunstancias a que se refire o artigo 74, ou combinando os mencionados medios.

2. Os medios de comunicación elixidos deberán estar dispoñibles de forma xeral e, por tanto, non deberán restrinxir o acceso dos operadores económicos ao procedemento de adxudicación.

3. As comunicacións, os intercambios e o almacenamento de información realizaranse de modo que se garanta a protección da integridade dos datos e a confidencialidade das ofertas e das solicitudes de participación e de forma que as entidades contratantes non coñezan o contido das ofertas e das solicitudes de participación ata que expire o prazo previsto para a súa presentación.

Artigo 73. *Comunicacións por medios electrónicos.*

1. O equipamento que deberá utilizarse para a comunicación por medios electrónicos, así como as súas características técnicas, deberán ser non discriminatorios, xeralmente dispoñibles e interoperables cos produtos das tecnoloxías da información e a comunicación de uso xeral.

2. Para os dispositivos de transmisión e recepción electrónica das ofertas e os dispositivos de recepción electrónica das solicitudes de participación, aplicaranse as normas seguintes:

a) A información relativa ás prescricións necesarias para a presentación electrónica das ofertas e solicitudes de participación, incluído o cifrado, deberá estar á disposición de todas as partes interesadas. Ademais, os dispositivos de recepción electrónica das ofertas e das solicitudes de participación deberán ser conformes cos requisitos do anexo X.

b) Exixirase que as ofertas transmitidas por vía electrónica vaian acompañadas dunha sinatura electrónica avanzada de acordo coa Lei 59/2003, do 29 de decembro, de sinatura electrónica.

c) Os licitadores ou os candidatos comprometeranse a presentar os documentos, certificados, xustificantes e declaracións mencionados nos artigos 35, 36 e 37, en caso de que non estean dispoñibles en forma electrónica, antes de que expire o prazo previsto para a presentación de ofertas ou de solicitudes de participación.

3. Nos procedementos de adxudicación de contratos deberán indicarse no prego de condicións e no anuncio os formatos admisibles.

Artigo 74. *Solicitudes de participación.*

1. As solicitudes de participación nos procedementos de adxudicación de contratos poderanse facer por escrito ou por teléfono.

2. Cando as solicitudes de participación se fagan por teléfono, deberá remitirse unha confirmación por escrito antes de que expire o prazo fixado para a súa recepción.

3. As entidades contratantes poderán exixir que as solicitudes de participación enviadas por fax sexan confirmadas por carta ou por medios electrónicos cando isto sexa necesario como medio de proba para efectos legais. Neste caso, as entidades contratantes indicarán este requisito e o prazo en que debe satisfacerse no anuncio que se utilice como medio de convocatoria de licitación ou na invitación prevista no número 3 do artigo 66.

Artigo 75. *Envío de pregos de condicións e de documentación complementaria.*

1. Nos procedementos abertos, cando as entidades contratantes non proporcionen, por vía electrónica,

acceso libre, directo e completo ao prego de condicións e a toda a documentación adicional, estes enviaránselles aos operadores económicos nos seis días seguintes á recepción da solicitude, sempre e cando a dita solicitude se realizase coa debida antelación antes da data de presentación das ofertas.

2. Sempre que se lles solicitase coa debida antelación, as entidades contratantes ou os servizos competentes proporcionarán información adicional sobre os pregos de condicións e, se é o caso, permitirán as visitas técnicas necesarias para completar a información para presentar a proposición, como máis tarde, seis días antes da data límite fixada para a recepción de ofertas.

Artigo 76. Prazos de recepción de solicitudes de participación e de ofertas.

Ao fixaren os prazos de recepción das solicitudes de participación e das ofertas, as entidades contratantes terán especialmente en conta a complexidade do contrato e o tempo necesario para preparar as ofertas, sen prexuízo dos prazos mínimos que se regulan nos artigos seguintes.

Artigo 77. Prazos de recepción de ofertas nos procedementos abertos.

1. Nos procedementos abertos, o prazo que fixe a entidade contratante para a recepción de ofertas non será inferior a cincuenta e dous días, contados desde a data de envío do anuncio do contrato á Oficina de Publicacións das Comunidades Europeas.

2. O citado prazo poderase substituír por un prazo suficientemente amplo para que os interesados poidan presentar proposicións válidas, e, en xeral, non será inferior a trinta e seis días e, en ningún caso, inferior a vinte e dous días, a partir da data de envío do anuncio de contrato, se as entidades contratantes enviaron ao Diario Oficial da Unión Europea un anuncio periódico indicativo, segundo o disposto no artigo 64.

Estes prazos reducidos serán admitidos sempre e cando o anuncio periódico indicativo, ademais da información exixida na parte A do anexo V, incluíse toda a información exixida na parte B do anexo V, sempre que se dispoña desta última información no momento de publicación do anuncio e que o anuncio fose enviado para a súa publicación entre un mínimo de cincuenta e dous días e un máximo de doce meses antes da data de envío do anuncio de licitación previsto na alínea c) do artigo 65.

Artigo 78. Prazos de recepción de solicitudes de participación e ofertas nos procedementos restrinxidos e negociados con anuncio de licitación previa.

Nos procedementos restrinxidos e nos negociados con anuncio de licitación previa, aplicaranse as seguintes regras:

a) O prazo de recepción das solicitudes de participación, como resposta a un anuncio periódico indicativo ou a unha invitación da entidade contratante efectuada de acordo co disposto no número 3 do artigo 66, será, en xeral, como mínimo, de trinta e sete días a partir da data de envío do anuncio ou da invitación e en ningún caso poderá ser inferior a vinte e dous días se o anuncio se envía para a súa publicación por medios distintos dos electrónicos ou o fax, nin inferior a quince días se o anuncio se envía por tales medios.

b) O prazo de recepción das ofertas poderá ser fixado de mutuo acordo entre a entidade contratante e os candidatos seleccionados, sempre que todos os candidatos dispoñan dun prazo idéntico para preparar e presentar as súas ofertas.

c) Cando non sexa posible chegar a un acordo sobre o prazo de recepción de ofertas, a entidade contratante fixará un prazo que, en xeral, será, como mínimo, de vinte e catro días e en ningún caso inferior a dez días a partir da data da invitación a presentar ofertas. A duración do dito prazo deberá ter en conta, en particular, o exame dunha documentación moi voluminosa, de prescricións técnicas moi extensas, e visitas ou consultas sobre o terreo dos documentos adxuntos ao prego de condicións.

Artigo 79. Supostos de redución dos prazos de recepción de solicitudes de participación e de recepción de ofertas.

1. Cando os anuncios se preparen e envíen por medios electrónicos de acordo co formato e coas modalidades de transmisión mencionadas no punto 3 do anexo IX, os prazos de recepción das solicitudes de participación nos procedementos restrinxidos e nos procedementos negociados e os prazos de recepción das ofertas nos procedementos abertos poderán acurtarse ata en sete días.

2. Salvo no caso dun prazo fixado de común acordo conforme a alínea b) do artigo 78, será posible unha redución adicional de cinco días dos prazos para a recepción de ofertas nos procedementos abertos, restrinxidos e negociados cando a entidade contratante dea acceso libre, directo e completo por vía electrónica aos documentos do contrato e a toda documentación adicional, desde a data de publicación do anuncio que se utilice como medio de convocatoria de licitación, de acordo co anexo IX. Este anuncio deberá indicar o enderezo da internet en que poidan consultarse os devanditos documentos.

3. Nos procedementos abertos, o efecto acumulado das reducións previstas no número 2 do artigo 77 e nos números 1 e 2 deste artigo non poderá en ningún caso dar lugar a un prazo para a recepción de ofertas inferior a quince días a partir da data de envío do anuncio de licitación. Non obstante, cando o anuncio de licitación non se envíe por fax ou por medios electrónicos, o efecto acumulado das reducións previstas no número 2 do artigo 77 e nos números 1 e 2 deste artigo non poderá en ningún caso dar lugar a un prazo para a recepción de ofertas nun procedemento aberto inferior a vinte e dous días a partir da data de envío do anuncio do contrato.

4. O efecto acumulado de tales reducións non poderá, en ningún caso, dar lugar a un prazo para a recepción da solicitude de participación, en resposta a un anuncio periódico indicativo ou en resposta a unha invitación das entidades contratantes en virtude do número 3 do artigo 66, inferior a quince días a partir da data de envío do anuncio de licitación ou da invitación.

Nos procedementos restrinxidos e negociados, excepto cando exista un prazo fixado de común acordo conforme a alínea b) do artigo 78, o efecto acumulado das reducións previstas no número anterior non poderá en ningún caso dar lugar a un prazo para a recepción de ofertas inferior a dez días a partir da data de envío da invitación a presentar ofertas.

5. Cando, por algún motivo, os documentos do contrato e a documentación ou a información adicional, malia terse solicitado coa debida antelación, non se proporcionasen nos prazos fixados nos artigos 75 e 81 ou cando as ofertas só se poidan realizar despois de visitar os lugares ou tras consulta in situ da documentación que se xunte aos documentos do contrato, o prazo para a recepción de ofertas prorrogarase en consecuencia, de forma que todos os operadores económicos teñan coñecemento de toda a información necesaria para formular as ofertas, salvo cando exista un prazo fixado de común acordo de conformidade coa alínea b) do artigo 78.

Artigo 80. Selección de candidatos nos procedementos restrinxidos e nos procedementos negociados.

1. No caso dos procedementos restrinxidos ou negociados, os criterios de selección cualitativa a que se refire o artigo 40 poderanse basear na necesidade obxectiva, para a entidade contratante, de reducir o número de candidatos ata un nivel xustificable pola necesidade de equilibrio entre as características específicas do procedemento de adxudicación de contratos e os medios necesarios para a súa realización. Non obstante, o número de candidatos seleccionados deberá ter en conta a necesidade de garantir unha competencia suficiente.

2. Á hora de seleccionaren os participantes nun procedemento restrinxido ou negociado, ao decidiren sobre a clasificación ou ao actualizaren os criterios e normas, as entidades contratantes deberán absterse de:

a) Imporlles a determinados operadores económicos condicións administrativas, técnicas ou financeiras que non lles fosen impostas a outros.

b) Exixir probas ou xustificantes que constitúan unha repetición de probas obxectivas xa dispoñibles.

Artigo 81. Invitación aos candidatos seleccionados nos procedementos restrinxidos e negociados.

1. A entidade contratante invitará simultaneamente e por escrito os candidatos seleccionados a presentar ofertas ou a negociar. A carta de invitación deberá ir acompañada ben dun exemplar do prego de condicións e da documentación complementaria ou ben da indicación do acceso ao prego e aos documentos anteriormente citados cando se puxesen directamente á súa disposición por medios electrónicos segundo o disposto no número 2 do artigo 79.

2. Cando unha entidade distinta da entidade contratante responsable do procedemento de adxudicación dispoña do prego de condicións ou de documentación adicional, a invitación precisará o enderezo do servizo ao cal poidan solicitarse e, se é o caso, a data límite para realizar a dita solicitude, así como o importe e as modalidades de pagamento da cantidade que haxa que aboar para obter a documentación. Os servizos competentes remitiranlles a devandita documentación aos operadores económicos tras a recepción da súa solicitude.

3. As entidades contratantes ou os servizos competentes deberán enviar a información complementaria sobre os pregos de condicións ou documentación adicional, como máis tarde, seis días antes da data límite fixada para a recepción das ofertas, sempre que a soliciten coa debida antelación.

4. Ademais, a invitación incluírá, como mínimo, a información seguinte:

a) Data límite para solicitar a documentación adicional, así como a cantidade e forma de pagamento do importe que, de ser caso, deba satisfacerse para obter os citados documentos.

b) Data límite de recepción de ofertas, enderezo ao cal deben remitirse e idioma ou idiomas en que deben redactarse.

c) Referencia a calquera anuncio de licitación publicado.

d) Indicación da documentación que debe xuntarse, se procede, á presentación da oferta.

e) Criterios de adxudicación relacionados co obxecto do contrato, cando non figuren no anuncio sobre a existencia dun sistema de clasificación que se utilice como medio de convocatoria de licitación.

f) A ponderación relativa dos criterios de adxudicación do contrato, ou ben a orde de importancia deses criterios, no caso de que esta información non figure no

anuncio de licitación, no anuncio sobre a existencia dun sistema de clasificación ou no prego de condicións.

Artigo 82. Ofertas anormalmente baixas.

1. De as ofertas resultaren anormalmente baixas en relación coa prestación que se debe executar, a entidade contratante, antes de as poder rexeitar, pediralles por escrito aos que presentasen as citadas ofertas as precisións que xulgue oportunas sobre a composición da oferta correspondente e comprobará a dita composición tendo en conta as explicacións que lle sexan facilitadas, para o cal poderá fixar un prazo de resposta non inferior a tres días contados desde a recepción da petición destas explicacións.

2. Tales precisións poderanse referir, en particular:

a) Ao aforro que permita o procedemento de fabricación dos produtos, a prestación de servizos ou o procedemento de construción.

b) Ás solucións técnicas adoptadas e/ou ás condicións excepcionalmente favorables de que dispoña o licitador para subministrar os produtos, prestar os servizos ou executar as obras.

c) Á orixinalidade das subministracións, servizos ou obras propostos polo licitador.

d) Ao respecto das disposicións vixentes relativas á protección do emprego e as condicións de traballo no lugar en que se vaia levar a cabo a obra, o servizo ou a subministración.

e) Á posible obtención dunha axuda estatal por parte do licitador.

3. Cando a entidade contratante comprobe que unha oferta é anormalmente baixa debido a que o licitador obtivo unha axuda estatal, só poderá rexeitar a citada oferta por esa única razón se consulta co licitador e este non pode demostrar, nun prazo suficiente fixado pola entidade contratante, que tal axuda foi concedida de forma legal. Cando nestas circunstancias a entidade contratante rexeite unha oferta, informará diso á Comisión.

Artigo 83. Adxudicación dos contratos.

1. A entidade contratante, á vista da valoración das ofertas e en función do criterio de adxudicación empregado, comunicaralle motivadamente ao licitador que formulase a oferta de prezo máis baixo ou aquela que resulte ser a oferta economicamente máis vantaxosa a adxudicación do contrato.

2. Así mesmo, comunicaralles tamén de forma motivada aos restantes operadores económicos o resultado da adxudicación acordada.

3. Non se poderá proceder á formalización do contrato mentres non transcorra o prazo de dez días hábiles a que se refire o número 3 do artigo 105.

4. Corresponderalle, en todo caso, á entidade contratante o dereito a declarar deserto o procedemento de adxudicación de forma motivada sempre que as ofertas recibidas non se adecuen aos criterios establecidos.

Artigo 84. Información aos licitadores.

1. As entidades contratantes informarán os operadores económicos participantes, no menor prazo posible, das decisións tomadas en relación coa adxudicación do contrato, coa celebración dun acordo marco ou coa admisión a un sistema dinámico de adquisición, incluídos os motivos polos cales decidisen non adxudicar un contrato para o cal se efectuase unha convocatoria de licitación ou volver a iniciar o procedemento, non celebrar un acordo marco ou non aplicar un sistema dinámico de adquisi-

ción. Esta información facilitarase por escrito no caso de que así se lles solicite ás entidades contratantes.

2. Nos casos incluídos no anexo II B as entidades contratantes deberán indicar no anuncio se aceptan a publicación deste.

3. As entidades contratantes comunicaranlle a todo candidato ou licitador descartado, nun prazo que non poderá superar en ningún caso os quince días a partir da recepción dunha solicitude, por escrito, os motivos do rexeitamento da súa candidatura ou da súa oferta, incluídos os motivos da súa decisión de non equivalencia ou da súa decisión, que as obras, subministracións ou servizos non se axustan ás prescricións de rendemento ou ás exixencias funcionais requiridas e, con respecto a todo contratista que efectuase unha oferta admisible, as características e vantaxes relativas da oferta seleccionada, así como o nome do adxudicatario ou as partes no acordo marco.

Non obstante, as entidades contratantes poderán decidir non dar a coñecer determinada información relativa á adxudicación do contrato cando a súa divulgación dificulte a aplicación da lei, sexa contraria ao interese público, prexudique os intereses comerciais lexítimos de determinadas empresas, públicas ou privadas, incluídos os da empresa á cal se lle adxudicase o contrato, a celebración dun acordo marco ou a admisión a un sistema dinámico de adquisición ou poida falsear a competencia.

Artigo 85. *Información sobre os contratos.*

1. As entidades contratantes incluídas no ámbito de aplicación desta lei comunicaranlle ao Rexistro de contratos do sector público a que se refire o artigo 308 da Lei de contratos do sector público os datos correspondentes á adxudicación do contrato, nun prazo de dous meses desde a súa adxudicación.

2. As comunicacións de datos de contratos ao Rexistro de contratos do sector público serán efectuadas por medios electrónicos, informáticos ou telemáticos, na forma que determine o ministro de Economía e Facenda de conformidade coas comunidades autónomas.

3. Nos casos das administracións públicas que dispoñan de rexistros de contratos análogos no seu ámbito de competencias, a comunicación de datos a que se refire o número 1 poderá ser substituída por comunicacións entre os respectivos rexistros de contratos. O Ministerio de Economía e Facenda determinará regulamentariamente as especificacións e requisitos para a sincronización de datos entre o Rexistro de contratos do sector público e os demais rexistros de contratos.

4. As entidades contratantes conservarán, polo menos durante un período de catro anos a partir da data de adxudicación, a información adecuada sobre cada contrato que lles permita facilitarlle á Comisión Europea a información que necesite e xustificar posteriormente as decisións relativas aos seguintes aspectos:

a) Clasificación, selección das empresas e adxudicación dos contratos.

b) Utilización das excepcións á aplicación das prescricións técnicas europeas, de acordo co disposto no artigo 34.

c) Utilización de procedementos negociados sen convocatoria previa de licitación, de conformidade co establecido no artigo 59.

d) Non aplicación das disposicións dos títulos II, III e IV, en virtude das excepcións previstas no título I.

5. As entidades contratantes adoptarán as medidas apropiadas para dar a coñecer o desenvolvemento dos procedementos de adxudicación efectuados por medios electrónicos.

Artigo 86. *Desistencia.*

A entidade contratante poderá desistir do procedemento de adxudicación dun contrato iniciado, con anterioridade á súa adxudicación, sempre que exista causa que o xustifique e se determine na resolución que se adopte para tal fin, debendo comunicarlles tal decisión aos operadores económicos que presentasen unha oferta ou que solicitasen participar nel.

CAPÍTULO IV

Disposicións comúns

Artigo 87. *Subcontratación.*

1. O contratista poderá concertar con terceiros a realización parcial da prestación, salvo que os pregos ou, se é o caso, o contrato dispoñan o contrario ou que pola súa natureza e condicións se deduza que aquel ten que ser executado directamente polo adxudicatario.

2. A subscrición das subcontratacións estará sometida ao cumprimento dos seguintes requisitos:

a) Se así se prevé nos pregos, os licitadores deberán indicar na oferta a parte do contrato que teña previsto subcontratar, sinalando o seu importe, e o nome ou o perfil empresarial, definido por referencia aos criterios de selección cualitativa a que se refire o artigo 40 dos subcontratistas aos cales se lles vaia encomendar a súa realización.

b) As prestacións parciais que o adxudicatario subcontrate con terceiros non poderán exceder a porcentaxe que se fixe no prego. En todo caso, nos contratos adxudicados polas entidades contratantes que sexan organismos de dereito público, a que se refire o artigo 3.1, as prestacións parciais que o adxudicatario subcontrate con terceiros non poderán exceder a porcentaxe que se fixe no prego. No suposto de que non figure no prego un límite especial, o contratista poderá subcontratar ata unha porcentaxe que non exceda o 60 por cento do importe de adxudicación. Para efectos de cómputo desta porcentaxe máxima, non se terán en conta os subcontratos concluídos con empresas vinculadas ao contratista principal, entendéndose por tales as que se encontren nalgúns dos supostos previstos no artigo 42 do Código de comercio. Así mesmo, respecto de tales entidades, de os pregos lles imporen aos licitadores a obriga de comunicar as circunstancias sinaladas na alínea a), os subcontratos que non se axusten ao indicado na oferta, por realizarse con empresarios distintos dos indicados nominativamente nesta ou por referirse a partes da prestación diferentes das sinaladas nela, non se poderán realizar ata que transcorran vinte días desde que se cursase a notificación e se achegasen as xustificacións a que se refire a alínea b), sempre que o órgano de contratación non notificase dentro deste prazo a súa oposición a eles. Este réxime será igualmente aplicable se os subcontratistas foron identificados na oferta mediante a descrición do seu perfil profesional. Baixo a responsabilidade do contratista, os subcontratos poderanse concluír sen necesidade de deixar transcorrer o prazo de vinte días se a súa celebración é necesaria para atender a unha situación de emerxencia ou que exixa a adopción de medidas urxentes e así se xustifica suficientemente.

c) Nos contratos adxudicados polas entidades contratantes que sexan organismos de dereito público, a que se refire o artigo 3.1, que teñan o carácter secreto ou reservado, ou cuxa execución deba ir acompañada de medidas de seguranza especiais de acordo con disposicións legais ou regulamentarias ou cando o exixa a protección dos intereses esenciais da seguranza do Estado, a

subcontratación requirirá sempre autorización expresa do órgano de contratación.

3. A infracción das condicións establecidas no número anterior para proceder á subcontratación, así como a falta de acreditación da aptitude do subcontratista ou das circunstancias determinantes da situación de emerxencia ou das que fan urxente a subcontratación, poderá dar lugar, en todo caso, á imposición ao contratista dunha penalidade de ata un 50 por cento do importe do subcontrato.

4. Os subcontratistas quedarán obrigados só ante o contratista principal, que asumirá, polo tanto, a total responsabilidade da execución do contrato fronte á entidade contratante, con suxeición estrita aos pregos e aos termos do contrato.

Artigo 88. *Condicións de execución do contrato.*

1. As entidades contratantes poderán establecer condicións especiais relativas á execución do contrato sempre que sexan compatibles co dereito comunitario e se indiquen no anuncio utilizado como medio de convocatoria de licitación ou no prego de condicións.

2. As condicións que regulen a execución dun contrato poderanse referir, en especial, a consideracións de tipo ambiental ou a consideracións de tipo social, co fin de promover o emprego de persoas con dificultades particulares de inserción no mercado laboral, eliminar as desigualdades entre o home e a muller no citado mercado, combater o paro, favorecer a formación no lugar de traballo, ou outras finalidades que se establezan con referencia á estratexia coordinada para o emprego, definida no artigo 125 do Tratado constitutivo da Comunidade Europea, ou garantir o respecto aos dereitos laborais básicos ao longo da cadea de produción mediante a exixencia do cumprimento das convencións fundamentais da Organización Internacional do Traballo.

3. No prego ou no contrato poderanse establecer penalidades para o caso de incumprimento destas condicións especiais de execución, ou atribuírselles o carácter de obrigas contractuais esenciais.

Artigo 89. *Contratos reservados.*

1. As entidades contratantes poderán reservar a participación nos procedementos de adxudicación de contratos a centros especiais de emprego ou prever a súa execución no contexto de programas de emprego protexido cando, polo menos, o 70 por cento dos traballadores afectados sexan persoas con discapacidade que, debido á índole ou á gravidade das súas discapacidades, non poidan exercer unha actividade profesional en condicións normais.

2. No anuncio utilizado para convocar a licitación deberáse facer mención ao artigo 28 da Directiva 2004/17/CE.

Artigo 90. *Obrigas relativas ás disposicións en materia fiscal, de protección do ambiente, do emprego e de condicións de traballo.*

1. A entidade contratante poderá sinalar no prego de condicións o organismo ou organismos dos cales os candidatos ou os licitadores poden obter a información pertinente sobre obrigas fiscais, de protección do ambiente, de protección do emprego e de condicións de traballo que estean vixentes no Estado, na comunidade autónoma e na localidade en que se vaian realizar as prestacións e que serán aplicables ás obras realizadas ou aos servizos prestados durante a execución do contrato.

2. A entidade contratante que facilite a información a que se refire o número 1 solicitaralles aos licitadores ou

candidatos a unha licitación que indiquen que na elaboración da súa oferta tiveron en conta as obrigas relativas ás disposicións en materia de protección do emprego e de protección do ambiente e ás condicións de traballo vixentes no lugar onde se vaia realizar a prestación.

3. O disposto no número primeiro non obstará para a aplicación do disposto no artigo 82.

Artigo 91. *Exclusión de actuacións restritivas da competencia.*

1. Nos procedementos de adxudicación, xa sexan abertos, restrinxidos ou negociados, particularmente no caso de adxudicación sobre a base dun acordo marco, quedará excluído calquera tipo de acordo, práctica restritiva ou abusiva que produza ou poida producir o efecto de impedir, restrinxir ou falsear a competencia nos termos previstos na Lei 15/2007, do 3 de xullo, de defensa da competencia. Unicamente se lles poderá requirir información aos candidatos ou aos licitadores co obxecto de que precisen ou completen o contido das súas ofertas, así como os requisitos exixidos polas entidades contratantes, sempre que iso non teña un efecto discriminatorio.

2. Calquera que sexa o procedemento de adxudicación dun contrato, non se poderá rexeitar ningún candidato ou licitador só pola circunstancia da súa condición de persoa física ou xurídica. Non obstante, poderáselles exixir ás persoas xurídicas que indiquen nas súas ofertas, ou nas súas solicitudes de participación, o nome e a cualificación profesional das persoas responsables da execución do servizo de que se trate.

Artigo 92. *Preferencia de ofertas comunitarias nos contratos de subministración.*

1. Este artigo será de aplicación ás ofertas que conteñan produtos orixinarios de países terceiros cos cales a Unión Europea non establecece, nun marco multilateral ou bilateral, un acordo que garanta un acceso comparable e efectivo das empresas da Unión aos mercados deses países terceiros, sen prexuízo das obrigas da Unión ou dos seus Estados membros respecto aos países terceiros.

2. Calquera oferta presentada para a adxudicación dun contrato de subministración poderá ser rexeitada cando a parte dos produtos orixinarios dos países terceiros, determinados de conformidade co Regulamento (CEE) número 2913/92 do Consello, do 12 de outubro de 1992, polo que se aproba o Código alfanegueiro común, sexa superior ao 50 por cento do valor total dos produtos que compoñen esta oferta. Para efectos deste artigo, os soportes lóxicos utilizados nos equipamentos de redes de telecomunicación serán considerados produtos.

3. Cando dúas ou máis ofertas sexan equivalentes respecto aos criterios de adxudicación utilizados en cada caso, daráselle preferencia a aquela que non poida ser rexeitada en aplicación do disposto no número anterior. O prezo das ofertas será considerado equivalente, para efectos deste artigo, cando a súa diferenza non exceda o 3 por cento.

Non obstante, non se lle dará preferencia á oferta que resultaría elixida se se aplicase o disposto anteriormente cando esta obligue a entidade contratante a adquirir material con características técnicas diferentes das do material existente e iso dea lugar a incompatibilidades ou dificultades técnicas excesivas, de funcionamento ou de mantemento, ou implique un custo desproporcionado.

CAPÍTULO V

Concursos de proxectos

Artigo 93. *Concursos de proxectos.*

Considéranse concursos de proxectos os procedementos que lle permiten á entidade contratante adquirir, principalmente nos ámbitos da ordenación territorial e o urbanismo, a arquitectura, a enxeñaría ou o procesamento de datos, plans ou proxectos seleccionados por un xurado despois de ter sido obxecto dunha licitación, con ou sen asignación de premios.

Artigo 94. *Organización do concurso.*

1. As normas relativas á organización dun concurso de proxectos serán establecidas de conformidade cos requisitos deste capítulo e postas á disposición dos que estean interesados en participar no concurso.

2. Ao fixar o número de candidatos invitados a participar nos concursos de proxectos, deberase ter en conta a necesidade de garantir unha verdadeira competencia sen que o acceso á participación poida ser limitado a un determinado ámbito territorial ou a persoas físicas con exclusión das xurídicas ou á inversa. En todo caso, se o número de participantes é reducido, a súa selección efectuarase mediante criterios obxectivos, claros e non discriminatórios.

Artigo 95. *Ámbito de aplicación.*

1. O disposto neste capítulo será de aplicación aos concursos de proxectos organizados no marco dun procedemento de adjudicación de contratos de servizos cuxo valor estimado, excluído o IVE, sexa igual ou superior a 422.000 euros. Para efectos deste número, entenderase por «limiar» o valor estimado, sen IVE, do contrato de servizos, incluídos os eventuais premios ou pagamentos aos participantes.

2. O disposto neste capítulo será de aplicación a todos os casos de concursos de proxectos cando o importe total dos premios e pagamentos aos participantes sexa igual ou superior a 422.000 euros. Para tal efecto, entenderase por «limiar» o importe total dos premios e pagamentos, incluído o valor estimado, sen IVE, do contrato de servizos que se puider adjudicar posteriormente de acordo cun procedemento sen convocatoria de licitación previa, se a entidade contratante non excluíu a citada adjudicación no anuncio de concurso.

Artigo 96. *Concursos de proxectos excluídos.*

O disposto neste capítulo non será de aplicación:

a) Aos concursos de proxectos que se organicen en iguais casos que os previstos no número 1 do artigo 18 e nas alíneas g), h) e i) do número 3 do artigo 18 para os contratos de servizos.

b) Aos concursos de proxectos organizados para o desenvolvemento dunha actividade para a cal a aplicación do número 1 do artigo 30 da Directiva 2004/17/CE fose establecida por unha decisión da Comisión Europea ou se considerase aplicable en virtude do parágrafo segundo ou terceiro do seu número 4, ou do parágrafo cuarto do seu número 5.

Artigo 97. *Publicidade.*

1. As entidades contratantes que desexen organizar un concurso de proxectos convocarán a licitación mediante un anuncio de concurso de proxectos.

Esa convocatoria de licitación incluírá a información mencionada no anexo VII, de acordo co formulario normalizado.

2. As entidades contratantes que organizasen un concurso de proxectos darán a coñecer os resultados nun anuncio de acordo co formulario normalizado.

O anuncio sobre o resultado dun concurso de proxectos incluírá a información mencionada no anexo VIII de acordo co formulario normalizado.

3. O anuncio sobre o resultado dun concurso de proxectos transmitiráselle á Oficina de Publicacións das Comunidades Europeas nun prazo de dous meses despois da conclusión do concurso.

Artigo 98. *Comunicacións nos concursos de proxectos.*

1. O artigo 72 e o número 1 do artigo 73 serán aplicables a todas as comunicacións relativas aos concursos de proxectos.

2. As comunicacións, os intercambios e o almacenamento de información serán realizados de modo que se garanta a protección da integridade e a confidencialidade de calquera información transmitida polos participantes no concurso de proxectos e de forma que o xurado non coñeza o contido dos plans e proxectos ata que expire o prazo previsto para a súa presentación.

Artigo 99. *Recepción electrónica dos plans e proxectos.*

1. A información relativa ás características necesarias para a presentación electrónica dos plans e proxectos, incluída a cifraxa, deberá estar á disposición de todas as partes concernidas. Ademais, os dispositivos de recepción electrónica dos plans e proxectos deberán ser conformes cos requisitos do anexo X.

2. As entidades contratantes poderán crear ou manter réximes voluntarios de acreditación encamiñados a mellorar o nivel do servizo de certificación deses dispositivos.

Artigo 100. *Xurado do concurso de proxectos.*

1. O xurado estará composto exclusivamente por persoas físicas sen ningunha vinculación cos participantes nos concursos de proxectos. Para estes efectos, enténdese que non existe vinculación ningunha cando non concorra ningunha das causas de abstención previstas no artigo 28 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. Naqueles casos en que se exixa unha cualificación profesional específica para participar no concurso, polo menos un terzo dos membros do xurado deberá posuír as mesmas cualificacións ou outras equivalentes.

3. O xurado adoptará as súas decisións ou ditames con total independencia, sobre a base de proxectos que lle serán presentados de forma anónima e atendendo unicamente aos criterios indicados no anuncio de celebración do concurso de proxectos.

4. O xurado terá autonomía de decisión ou de ditame.

5. O xurado fará constar nun informe, asinado polos seus membros, a clasificación dos proxectos, tendo en conta os méritos de cada proxecto, xunto coas súas observacións e calquera aspecto que requira aclaración.

6. Deberá respectarse o anonimato dos participantes no concurso ata que o xurado emita o seu ditame ou decisión.

7. De ser necesario, os participantes poderán ser invitados a responder preguntas que o xurado incluíse na acta para aclarar calquera aspecto dos proxectos.

8. Redactarase unha acta completa do diálogo entre os membros do xurado e os participantes.

TÍTULO VII

Reclamacións e outras medidas de control dos procedementos

CAPÍTULO I

Reclamacións nos procedementos de adjudicación de contratosArtigo 101. *Competencia.*

1. Os titulares dos departamentos ministeriais na Administración xeral do Estado, os órganos administrativos que designen as comunidades autónomas no seu propio ámbito e as corporacións locais exercerán, respecto das entidades enumeradas no número 1 do artigo 3, a elas adscritas ou vinculadas, ou ás cales lles outorgasen un dereito especial ou exclusivo, as seguintes competencias en relación cos contratos cuxos procedementos de adjudicación se regulan:

- a) Resolver as reclamacións que se presenten por infracción das normas contidas nesta lei.
- b) Acordar as medidas provisionais necesarias para asegurar a eficacia da resolución que no seu momento se dite.
- c) Fixar as indemnizacións que procedan, tras a correspondente reclamación previa de danos e perdas, por infracción, así mesmo, das disposicións contidas nesta lei.

2. De a entidade contratante ser unha asociación das consideradas no número 1 do artigo 3 e haber varias administracións públicas de referencia pola diferente adscrición ou vinculación dos seus membros, ou unha soa entidade contratante se encontrar no mesmo suposto, por operar en varios sectores dos incluídos nos artigos 7 a 12, a reclamación poderá ser presentada ante calquera das administracións públicas citadas, que estará obrigada a resolver.

3. Para os efectos do número 1, cando a entidade contratante teña relación con máis dunha Administración pública, en razón da súa adscrición ou vinculación formal e do título administrativo que explota, a Administración competente será a que outorgase este.

Artigo 102. *Principio de colaboración coa Comisión Europea.*

Cando, por petición da Comisión Europea, se tramite un procedemento relativo a posibles incidencias advertidas na adjudicación dun contrato, como consecuencia da aplicación do disposto nesta lei, as entidades contratantes achegarán a información que lles sexa requirida para remitir á Comisión Europea a resposta que proceda.

CAPÍTULO II

Tramitación das reclamaciónsArtigo 103. *Procedemento.*

O procedemento para tramitar as reclamacións por infracción do disposto nesta lei rexerá polas disposicións da Lei 30/1992, coas especialidades que se recollen nos artigos seguintes.

Artigo 104. *Lexitimación.*

1. Poderá deducir a correspondente reclamación ao abeiro do disposto nesta lei calquera persoa que teña ou tivese un dereito subxectivo ou un interese lexítimo, e en todo caso os licitadores, na adjudicación dalgún dos contratos incluídos nesta que considere que foi ou pode ser prexudicada polo incumprimento por parte das entidades contratantes das disposicións nela contidas.

2. Será de aplicación, en canto resulte compatible con esta lei, o disposto no título III da Lei 30/1992.

Artigo 105. *Iniciación do procedemento.*

1. Toda persoa que desexe iniciar un procedemento de reclamación deberalle notificar previamente á entidade contratante a presunta violación ou incumprimento do disposto nesta lei e a súa intención de iniciar o devandito procedemento.

2. O procedemento iniciárase mediante a presentación da correspondente reclamación por persoa interesada, de acordo co previsto no artigo seguinte.

3. O prazo para a presentación da reclamación será de dez días hábiles, contados desde o seguinte ao da publicación, se é o caso, da licitación do contrato no Diario Oficial da Unión Europea cando se interpoña contra a citada licitación, desde que se anuncie no perfil de contratante do órgano de contratación ou desde que os licitadores teñan coñecemento da infracción que se denuncia.

4. A presentación da reclamación efectuarase ante os órganos que se determinan no número 1 do artigo 101, segundo o previsto no número 4 do artigo 38 da Lei 30/1992.

Artigo 106. *Contido da reclamación.*

A reclamación deberá conter, cando menos, os seguintes datos:

- a) Identificación da persoa que reclama con indicación do domicilio para notificacións. Para estes efectos, poderanse incluír os números ou claves que correspondan aos medios de telecomunicación con que conte a empresa.
- b) Identificación da entidade contratante e, se é o caso, do Diario Oficial da Unión Europea en que se publiquese a licitación correspondente.
- c) Os preceptos desta lei que se consideren incumpridos pola entidade contratante e, de ser o caso, a indemnización que se solicita, todo iso acompañado da correspondente motivación.
- d) Lugar, data e sinatura.

En todo caso, deberá estar acompañada por unha copia da comunicación previa á entidade contratante a que se refire o número 1 do artigo 105.

Artigo 107. *Emenda de erros e admisión das reclamacións.*

1. Se a reclamación non reúne os requisitos que sinala o artigo anterior, requirirase o interesado para que, nun prazo tres días hábiles, repare a falta ou achegue os documentos preceptivos, con indicación de que, de non o facer así, será tido por desistido da súa petición e quedar suspendida a tramitación do expediente cos efectos previstos no número 5 do artigo 42 da Lei 30/1992.

2. Procederá a inadmisión:

- a) Cando o reclamante careza da lexitimación a que fai referencia o artigo 104.

b) Cando non se verificase o establecido no número 1 do artigo 105.

c) No caso de que a reclamación non se axuste ao disposto no artigo 106.

3. A inadmisión da reclamación só poderá ser declarada se se requiriu o interesado para que proceda á emenda da reclamación.

Artigo 108. *Participación dos interesados.*

O trámite de audiencia e a participación dos interesados rexeráse polo previsto nos artigos 84, 85 e 86 da Lei 30/1992, aínda que o prazo para a presentación de alegacións será de cinco días hábiles.

Artigo 109. *Prazo para resolver.*

1. O órgano competente ditará a resolución motivada que proceda no prazo de vinte días hábiles.

2. Sen prexuízo da obriga de resolver que lle corresponde á Administración, as reclamacións deducidas entenderanse desestimadas polo transcurso do prazo para a súa resolución, cos efectos previstos no artigo 113.

Artigo 110. *Concurrencia do procedemento con outro tramitado pola Comisión Europea.*

O órgano competente para resolver deberá suspender o procedemento por petición de parte se se acredita documentalmente que se está a seguir un procedemento de conciliación polos mesmos feitos ante a Comisión Europea, decidindo, se procede, a suspensión das medidas provisionais que puidese ter acordado. A suspensión do procedemento levantarase, así mesmo por petición de parte, se a conciliación non prospera.

Artigo 111. *Contido da resolución.*

1. A resolución do procedemento poderá acordar a anulación das decisións ilegais adoptadas pola entidade contratante, incluíndo a supresión das características técnicas, económicas ou financeiras discriminatorias contidas no anuncio de licitación, o anuncio periódico indicativo, o anuncio sobre a existencia dun sistema de clasificación, a propia convocatoria de licitación, os pregos de condicións ou calquera outro documento relacionado co procedemento de adxudicación en cuestión, así como a adxudicación do contrato.

2. De o contrato estar formalizado, a Administración poderá declarar, se procede, a obriga de indemnizar a persoa interesada polos danos e perdas que lle puidese ocasionar o incumprimento do previsto nesta lei pola entidade contratante.

Artigo 112. *Determinación da indemnización.*

1. O órgano competente de entre os que se sinalan no número 1 do artigo 101, ao resolver sobre a reclamación, deberase pronunciar, se se solicitou, sobre a procedencia ou non de fixar unha indemnización por danos e perdas.

2. Para que proceda a indemnización, exixirase que se probase que houbo infracción do disposto nesta lei e que o reclamante tería unha posibilidade real de obter o contrato de non se ter cometido tal infracción.

3. A indemnización será fixada atendendo no posible aos criterios dos números 2 e 3 do artigo 141 da Lei 30/1992.

4. A indemnización deberá cubrir, cando menos, os gastos ocasionados pola preparación da oferta ou a participación no procedemento de contratación.

Artigo 113. *Control e executividade das resolucións.*

1. As resolucións recaídas no procedemento esgotan a vía administrativa, e poden ser impugnadas ante a xurisdición contencioso-administrativa.

2. Sen prexuízo do disposto no número anterior, as citadas resolucións serán directamente executivas, resultando de aplicación, de ser o caso, o disposto no artigo 97 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 114. *Medidas provisionais.*

1. Os interesados en concorrer a un procedemento de adxudicación e, en todo caso, os licitadores, poderán solicitar a adopción de medidas provisionais para corrixir a infracción alegada ou para impedir que se lles causen outros prexuízos aos intereses afectados, incluídas as medidas destinadas a suspender ou a facer que se suspenda o procedemento de adxudicación do contrato en cuestión, ou a execución de calquera decisión adoptada polas entidades contratantes.

Esta solicitude poderá ser formulada, con independencia de que se interpoña a reclamación correspondente, ao mesmo tempo de presentarse esta ou con anterioridade á súa presentación.

2. Serán órganos competentes para adoptar, se é o caso, tales medidas provisionais os que o sexan para coñecer das correspondentes reclamacións segundo o disposto no número 1 do artigo 101.

3. O prazo para solicitar a adopción das medidas citadas será de cinco días hábiles, contados desde a data da infracción alegada, e deberase resolver, de forma motivada, nun prazo de dez días hábiles; entenderase denegada no suposto de non recaer resolución expresa. Para estes efectos, o órgano decisorio, no prazo de dous días hábiles desde que se reciba a petición da medida provisoria, comunicarlle á entidade contratante, que disporá dun prazo de tres días, así mesmo hábiles, para presentar as alegacións que considere oportunas referidas á adopción das medidas solicitadas ou ás propostas polo propio órgano decisorio. Se, transcorrido este prazo, non se formulasen alegacións, continuarase o procedemento.

Contra a citada resolución non caberá recurso en vía administrativa, sen prexuízo dos que procedan contra as resolucións que se diten no procedemento principal.

4. Na adopción de medidas provisionais, o órgano competente, tras ponderación previa, suficientemente razoada, entre o prexuízo que causaría ao interese público ou a terceiros a suspensión e o prexuízo que lle pode causar ao solicitante a decisión que motiva a petición da medida provisoria, poderá suspender a execución do acto impugnado cando puiden causar prexuízos de imposible ou difícil reparación.

5. As medidas provisionais que se adopten non se poderán prolongar por un prazo superior a un mes e cesarán, en todo caso, cando se adopte a correspondente resolución que recaia sobre a reclamación que, se é o caso, se interpuxese.

6. O órgano competente para resolver, de oficio ou por instancia de parte, poderá acordar en calquera momento do procedemento a suspensión, modificación ou revogación das medidas provisionais en virtude de circunstancias sobrevidas ou que non puideron ser coñecidas no momento da súa adopción.

7. Cando da adopción das medidas provisionais poidan derivar prexuízos de calquera natureza, a resolución poderá impor a constitución de caución ou garantía suficiente para responder deles, sen que aquelas produzan efectos ata que tal caución ou garantía sexa constituída.

CAPÍTULO III

Réxime de certificados

Artigo 115. *Sistema de certificación.*

1. As entidades contratantes poderán acudir a un sistema de certificación no cal os axentes a que se refire o artigo 117, tras os pertinentes exames periódicos, fagan constar que os procedementos de adxudicación dos contratos que aplican se axustan ás disposicións desta lei.

2. Os responsables de emitir o certificado unirán a este un informe escrito por conta das entidades contratantes sobre os resultados do seu exame. Antes de emitir un certificado, os responsables da súa emisión comprobarán que as posibles irregularidades observadas nos procedementos de adxudicación dos contratos ou na aplicación práctica destes foron corrixidas e que se tomaron medidas para evitar que se repitan.

Artigo 116. *Referencia aos certificados.*

As entidades contratantes que obtivesen o certificado poderán incluír a seguinte declaración nos anuncios dos contratos sometidos a esta lei e suxeitos á publicidade no Diario Oficial da Unión Europea:

«A entidade contratante obtivo un certificado conforme a Directiva 92/13/CEE do Consello, no cal se fai constar que, con data do..., os seus procedementos de adxudicación de contratos e a súa aplicación práctica se axustan ao dereito comunitario en materia de adxudicación de contratos e ás normas nacionais que incorporan este dereito».

Artigo 117. *Competencia para emitir certificados.*

1. Os responsables da emisión dos certificados serán independentes das entidades contratantes e deberán exercer as súas funcións de forma obxectiva. Así mesmo, garantirán, de forma apropiada, posuíren a cualificación e a experiencia profesionais pertinentes.

2. Regulamentariamente, determinaranse os requisitos que deben reunir os responsables da emisión de tales certificados, establecendo as cualificacións académicas e profesionais necesarias para iso. En todo caso, exixírase estar, como mínimo, en posesión dun título de ensino superior de carácter oficial que teña unha duración de tres anos ou ter superado determinados exames de aptitude profesional, que ofrezan as correspondentes garantías, organizados ou recoñecidos pola Administración de que dependa ou á cal estea vinculada a entidade contratante ou que outorgase a correspondente concesión ou autorización dalgunha das actividades enumeradas nos artigos 7 a 12.

CAPÍTULO IV

Procedemento de conciliación

Artigo 118. *Solicitud.*

1. Calquera persoa que teña ou tivese interese en obter un contrato comprendido no ámbito de aplicación desta lei e que estime, no marco do procedemento de

adxudicación do citado contrato, que foi prexudicado ou pode selo polo incumprimento das normas de procedemento poderá solicitar a conciliación regulada nos artigos seguintes.

2. A solicitude para iniciar o procedemento de conciliación dirixirase por escrito á Comisión Europea ou ao Ministerio de Economía e Facenda, a través da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa, que a transmitirá o antes posible á Comisión Europea.

Artigo 119. *Procedemento.*

O procedemento de conciliación será tramitado segundo o establecido no capítulo 4 da Directiva 92/13/CEE e nas normas ditadas para o efecto en desenvolvemento deste pola Comisión Europea.

Artigo 120. *Concurrencia do procedemento con outros procedementos de control.*

Se, en relación cun procedemento de adxudicación dun contrato, unha persoa interesada, distinta da que instou a conciliación, formula unha reclamación, a entidade contratante informará os conciliadores.

Artigo 121. *Efectos do procedemento de conciliación.*

As medidas adoptadas en aplicación do procedemento de conciliación non afectarán as que a Comisión Europea ou o Estado poida tomar en aplicación dos artigos 169 e 170 do Tratado constitutivo da Comunidade Europea ou en aplicación do capítulo 3 da Directiva 92/13/CEE, os dereitos da persoa que invocase a aplicación do procedemento, os da entidade contratante ou os de calquera outra persoa.

Disposición adicional primeira. *Imposto sobre o valor engadido.*

Nas cantidades establecidas nesta lei non se considerará incluído o importe correspondente ao imposto sobre o valor engadido, nin o imposto xeral indirecto canario, nin o imposto sobre a produción, os servizos e a importación en función dos territorios en que sexan aplicables.

Disposición adicional segunda. *Entidades contratantes.*

Entenderanse como entidades contratantes, para efectos do artigo 3, con carácter enunciativo e non limitativo, as que se enumeran a seguir:

1. Entidades contratantes do sector da produción, transporte ou distribución de auga potable:

Canal de Isabel II.

Aigües Ter-Llobregat.

Consorcio de Augas de Tarragona.

Outras entidades públicas integradas ou dependentes das comunidades autónomas e das corporacións locais que actúan no ámbito da distribución de auga potable.

Outras entidades privadas que teñen concedidos dereitos especiais ou exclusivos no ámbito da distribución de auga potable.

2. Entidades contratantes do sector da produción, transporte ou distribución de electricidade:

Red Eléctrica de España, S. A.

Endesa, S. A.

Iberdrola, S. A.

Unión Fenosa, S. A.

Hidroeléctrica del Cantábrico, S. A.

Electra del Viesgo, S. A.

Outras entidades encargadas da produción, transporte e distribución de electricidade en virtude da Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico e a súa normativa de desenvolvemento.

3. Entidades contratantes do sector do transporte ou distribución de gas ou combustible para calefacción:

Naturcorp Redes, S. A. U.
 Gas Natural Distribución SDG, S. A.
 Gas Directo, S. A.
 Gas Natural Cegas, S. A.
 Enagas, S. A.
 Endesa Gas Transportista, S. L.
 Bahía de Bizkaia Gas, S. L.
 Gas Extremadura Transportista, S. L.
 Infraestructuras Gasistas de Navarra, S. A.
 Gas de Euskadi Transporte, S. A. U.
 Transportista Regional de Gas, S. A.
 Bilbogas, S. A.
 Distribución y Comercialización de Gas de Extremadura, S. A.
 Distribuidora Regional de Gas, S. A.
 Gas Alicante, S. A.
 Gas Aragón, S. A.
 Gas Castilla La Mancha, S. A.
 Gas Galicia SDG, S. A.
 Gas Hernani, S. A.
 Gas Natural Andalucía, S. A.
 Gas Natural Cantabria, S. A.
 Gas Natural Castilla y León, S. A.
 Gas Natural Transporte SDG, S. L.
 Gas Natural de Alava, S. A.
 Gas Natural La Coruña, S. A.
 Gas Natural Murcia SDG, S. A.
 Gas Navarra, S. A.
 Gas Pasaia, S. A.
 Gas Natural Rioja, S. A.
 Gas y Servicios Mérida, S. L.
 GESA Gas, S. A.
 Meridional del Gas, S. A. U.
 Tolosa Gas, S. A.

Outras entidades encargadas do transporte ou distribución de gas ou combustible para calefacción en virtude da Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos.

4. Entidades contratantes de prospección e extracción de petróleo ou gas:

BG Gas International B.V.
 Cambria Europe, INC., sucursal en España.
 Ciepsa.
 Cnwl oil (España), S. A.
 Conoco Phillips (UK) Limited.
 Eastern España, S. A. Ç.
 Enagas, S. A.
 Escal-ugs, S. L.
 Heritage Petroleum, PLC.
 Heyco Energy Holdings Limited.
 Hidrocarburos del Cantábrico, S. L.
 Hope Petróleos.
 Medusa Oil LTD., sucursal en España.
 Murphy Spain Oil Company, sucursal en España.
 Northern Petroleum Exploration Limited.
 Nueva Electricidad del Gas, S. A.
 Onemppm España, S. A.
 Oranje-Nassau España, S. A.
 Petroleum Development Associates Ibérica, S. L.
 Petroleum Oil & Gas España, S. A.
 Repsol Investigaciones Petrolíferas, S. A.
 RWE DEA AG, sucursal en España.
 Sociedad de Hidrocarburos de Euskadi, S. A.
 Teredo Oils Limited, segunda sucursal en España.

Unión Fenosa Gas, Exploración y Producción, S. A.
 Wintersahll, AG., sucursal en España.
 Woodside Energy Iberia, S. A.

Outras entidades que operan en virtude da Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos e a súa normativa de desenvolvemento.

5. Entidades contratantes do sector da prospección e extracción de carbón ou outros combustibles sólidos:

Alto Bierzo, S. A.
 Antracitas de Arlanza, S. A.
 Antracitas de Gillon, S. A.
 Antracitas de La Granja, S. A.
 Antracitas de Tineo, S. A.
 Campomanes Hermanos, S. A.
 Carbones de Arlanza, S. A.
 Carbones de Linares, S. A.
 Carbones de Pedraforca, S. A.
 Carbones del Puerto, S. A.
 Carbones el Túnel, S. L.
 Carbones San Isidro y María, S. A.
 Carbonífera del Narcea, S. A.
 Compañía Minera Jove, S. A.
 Compañía General Minera de Teruel, S. A.
 Coto minero del Narcea, S. A.
 Coto minero del Sil, S. A.
 Empresa Nacional Carbonífera del Sur, S. A.
 Endesa, S. A.
 González y Díez, S. A.
 Hijos de Baldomero García, S. A.
 Hullas del Coto Cortés, S. A.
 Hullera Vascoleonesa, S. A.
 Hulleras del Norte, S. A.
 Industrial y Comercial Minera, S. A.
 La Carbonífera del Ebro, S. A.
 Lignitos de Meirama, S. A.
 Malaba, S. A.
 Mina Adelina, S. A.
 Mina Escobal, S. A.
 Mina La Camocha, S. A.
 Mina La Sierra, S. A.
 Mina Los Compadres, S. A.
 Minas de Navaleo, S. A.
 Minas del Principado, S. A.
 Minas de Valdeloso, S. A.
 Minas Escucha, S. A.
 Mina Mora primera bis, S. A.
 Minas y Explotaciones Industriales, S. A.
 Minas y Ferrocarriles de Utrillas, S. A.
 Minera del Bajo Segre, S. A.
 Minera Martín Aznar, S. A.
 Minero Siderúrgica de Ponferrada, S. A.
 Muñoz Sole Hermanos, S. A.
 Promotora de Minas de carbón, S. A.
 Sociedad Anónima Minera Catalano-Aragonesa.
 Sociedad Minera Santa Bárbara, S. A.
 Unión Minera del Norte, S. A.
 Unión Minera Ebro Segre, S. A.
 Vitoria Hermanos, S. A.
 Virgilio Riesco, S. A.

Outras entidades que operan en virtude da Lei 22/1973, do 21 de xullo, de minas e a súa normativa de desenvolvemento.

6. Entidades contratantes do sector dos servizos de ferrocarril:

Entidade pública empresarial Administrador de Infraestructuras Ferroviarias (ADIF) coas especialidades contidas no artigo 22.3, alínea b), da Lei 39/2003, do 17 de novembro, do sector ferroviario.

Entidade de dereito público Infraestructuras Ferroviarias de Catalunya (IFERCAT).

RENFE-Operadora.
 Ferrocarriles de Vía Estrecha (FEVE).
 Ferrocarrils de la Generalitat de Catalunya (FGC).
 Eusko Trenbideak (Bilbao).
 Ferrocarriles de la Generalitat Valenciana. (FGV).
 Ferrocarriles de Mallorca.
 Funicular de Bulnes.

7. Entidades contratantes do sector dos servizos de ferrocarrís urbanos, tranvías, trolebuses ou autobuses:

Entidades que prestan servizos públicos de transporte urbano de acordo coa Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local; Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local e correspondente lexislación autonómica, se é o caso.

Entidades que prestan servizos públicos de transporte interurbano mediante autobuses, de acordo coa Lei 16/1987, do 30 de xullo, de ordenación dos transportes terrestres e correspondente lexislación autonómica, se é o caso.

8. Entidades contratantes no sector dos servizos postais:

Correos y Telégrafos, S. A.

9. Entidades contratantes do sector das instalacións de aeroportos:

Ente público Aeropuertos Españoles y Navegación Aérea (AENA).

10. Entidades contratantes do sector dos portos marítimos ou fluviais ou outras terminais:

Ente público Puertos del Estado.
 Autoridad Portuaria de A Coruña.
 Autoridad Portuaria de Alicante.
 Autoridad Portuaria de Almería.
 Autoridad Portuaria de Avilés.
 Autoridad Portuaria de la Bahía de Algeciras.
 Autoridad Portuaria de la Bahía de Cádiz.
 Autoridad Portuaria de Baleares.
 Autoridad Portuaria de Barcelona.
 Autoridad Portuaria de Bilbao.
 Autoridad Portuaria de Cartagena.
 Autoridad Portuaria de Castellón.
 Autoridad Portuaria de Ceuta.
 Autoridad Portuaria de Ferrol-San Cibrao.
 Autoridad Portuaria de Gijón.
 Autoridad Portuaria de Huelva.
 Autoridad Portuaria de Las Palmas.
 Autoridad Portuaria de Málaga.
 Autoridad Portuaria de Marín y Ría de Pontevedra.
 Autoridad Portuaria de Melilla.
 Autoridad Portuaria de Motril.
 Autoridad Portuaria de Pasajes.
 Autoridad Portuaria de Santa Cruz de Tenerife.
 Autoridad Portuaria de Santander.
 Autoridad Portuaria de Sevilla.
 Autoridad Portuaria de Tarragona.
 Autoridad Portuaria de Valencia.
 Autoridad Portuaria de Vigo.
 Autoridad Portuaria de Vilagarcía de Arousa.

Outras entidades portuarias das comunidades autónomas de Andalucía, Asturias, Illes Balears, Canarias, Cantabria, Cataluña, Galicia, Murcia, País Vasco e Valencia.

Disposición adicional terceira. *Prohibicións de contratar.*

Os supostos de prohibición de contratar establecidos no artigo 49.1 da Lei de contratos do sector público serán de aplicación ás entidades contratantes que sexan organismos de dereito público, a que se refire o artigo 3.1, e ás empresas públicas.

Disposición adicional cuarta. *Réxime aplicable aos contratos excluídos do ámbito desta lei realizados por organismos de dereito público, entidades públicas empresariais e sociedades mercantís de carácter público.*

Os organismos de dereito público a que fai referencia o artigo 3, número 2, alínea a), as entidades públicas empresariais da Administración xeral do Estado, así como as entidades de igual carácter das comunidades autónomas e das entidades que integran a Administración local e as sociedades mercantís de carácter público sometidas a esta lei, aplicarán, respecto dos contratos de obras, subministracións e servizos que se refiran ás actividades indicadas nos artigos 7 a 12 cuxo importe sexa inferior ao establecido no artigo 16, así como naqueles outros excluídos desta lei en virtude do disposto nos artigos 14 e 18, as normas pertinentes da Lei de contratos do sector público.

Disposición adicional quinta. *Subcontratación. Pagamentos a subcontratistas e subministradores.*

1. O contratista debe obrigarse a lles aboar aos subcontratistas ou subministradores o prezo pactado nos prazos e condicións que se indican a seguir.

2. Os prazos fixados non poderán ser máis desfavorables que os previstos no artigo 4 da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais. Nos contratos adxudicados polas entidades contratantes que sexan organismos de dereito público, a que se refire o artigo 3.1, o prazo será de sesenta días e computarase desde a data de aprobación polo contratista principal da factura emitida polo subcontratista ou o subministrador, con indicación da súa data e do período a que corresponda. En tales casos, a aprobación ou conformidade deberase outorgar nun prazo máximo de trinta días desde a presentación da factura. Dentro do mesmo prazo deberanse formular, de ser o caso, os motivos de desconformidade con esta.

3. O contratista deberá aboar as facturas no prazo fixado, de conformidade co previsto no número 2. En caso de demora no pagamento, o subcontratista ou o subministrador terá dereito ao cobramento dos xuros de demora e á indemnización polos custos de cobramento nos termos previstos na Lei 3/2004, do 29 de decembro.

4. O contratista poderá pactar cos subministradores e subcontratistas prazos de pagamento superiores aos establecidos neste artigo sempre que o citado pacto non constitúa unha cláusula abusiva de acordo cos criterios establecidos no artigo 9 da Lei 3/2004, do 29 de decembro, e que o pagamento se instrume mediante un documento negociable que comporte a acción cambiaria, cuxos gastos de desconto ou negociación corran na súa integridade por conta do contratista. Adicionalmente, o subministrador ou subcontratista poderá exixir que o pagamento se garanta mediante aval.

Disposición adicional sexta.

No ámbito da contratación suxeita a esta lei, a determinación dos medios de comunicación admisibles, o deseño dos elementos instrumentais e o desenvolvemento do procedemento deberán ser reralizados tendo en conta criterios de accesibilidade universal e de deseño para todos, tal e como son definidos estes termos na Lei 51/2003, do 2 de decembro, de igualdade de oportunidades, non-discriminación e accesibilidade universal das persoas con discapacidade.

Disposición transitoria única.

Con excepción dos contratos incluídos no ámbito do sector dos servizos postais, os expedientes de contratación iniciados e os contratos adxudicados con anterioridade á entrada en vigor desta lei rexeranse pola Lei 48/1998, do 30 de decembro, sobre procedementos de contratación nos sectores da auga, a enerxía, os transportes e as telecomunicacións, pola que se incorporan ao ordenamento xurídico español as Directivas 93/38/CEE e 92/13/CEE.

Para estes efectos entenderase que os expedientes de contratación foron iniciados se se publicou a correspondente convocatoria de adxudicación do contrato ou se se enviou a invitación para presentar ofertas nos procedementos negociados sen convocatoria de licitación previa que se regulan no artigo 59.

Disposición derogatoria única.

Queda derogada a Lei 48/1998, do 30 de decembro, sobre procedementos de contratación nos sectores da auga, a enerxía, os transportes e as telecomunicacións, pola que se incorporan ao ordenamento xurídico español as Directivas 93/38/CEE e 92/13/CEE, agás a súa disposición adicional cuarta, e todas as disposicións de igual ou inferior categoría en canto se opoñan ao establecido nesta lei.

Disposición derradeira primeira. *Xustificación desta lei.*

Mediante esta lei incorpórase ao ordenamento xurídico a Directiva 2004/17/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 31 de marzo de 2004, sobre a coordinación dos procedementos de contratación nos sectores da auga, da enerxía, dos transportes e dos servizos postais, e a Directiva 92/13/CEE do Consello, do 25 de febreiro de 1992, sobre coordinación das disposicións legais, regulamentarias e administrativas referentes á aplicación das normas comunitarias nos procedementos de adxudicación de contratos das entidades que operan nos devanditos sectores.

Disposición derradeira segunda. *Títulos competenciais e carácter da lexislación.*

O contido desta lei ten o carácter de lexislación básica, ditada ao abeiro do artigo 149.1.18.^a da Constitución, salvo os seguintes artigos ou partes deles:

Artigo 24.3.
Artigo 64.6.
Artigo 74.3.
Artigo 82.2.
Artigo 99.2.

Disposición derradeira terceira. *Actualización de cifras fixadas pola Unión Europea.*

As cifras que no sucesivo fixe a Comisión Europea, e se publiquen por orde do ministro de Economía e Facenda, respecto dos contratos regulados pola Directiva 2004/17/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 31 de marzo de 2004, sobre a coordinación dos procedementos de adxudicación de contratos nos sectores da auga, da enerxía, dos transportes e dos servizos postais, substituirán as que figuren no texto desta lei.

Disposición derradeira cuarta. *Actualización de prazos e lista de entidades contratantes.*

1. Autorízase o ministro de Economía e Facenda para que poida modificar, tras informe previo da Xunta Consul-

tiva de Contratación Administrativa, as previsións que esta lei contén en materia de prazos para a súa adaptación aos que estableza a Unión Europea.

2. Autorízase o ministro de Economía e Facenda, tras informe previo da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa, para modificar a lista de entidades contratantes que figura na disposición adicional segunda.

Disposición derradeira quinta. *Modelos de notificación de adxudicación de contratos.*

Autorízase o ministro de Economía e Facenda, tras informe previo da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa, oídas as comunidades autónomas, para establecer os modelos de notificación da adxudicación de contratos ao Rexistro de contratos do sector público a que se refire o artigo 85, así como a modificar os prazos que para tal fin se establecen.

Disposición derradeira sexta. *Modificación das contías das taxas portuarias por utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público portuario e supresión da taxa por servizos xerais.*

1. Modifícanse os tipos de gravame e as contías das seguintes taxas portuarias exixidas pola utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público portuario, no seguinte sentido:

a) Taxa por ocupación privativa do dominio público portuario. Os tipos de gravame anual previstos nas alíneas a), b) e c) do número 4 do artigo 19 da Lei 48/2003, do 26 de novembro, incrementaranse nun 20 por cento, salvo o relativo ao valor da depreciación anual asignada, que se mantén.

b) Taxa do buque. Os números 5 e 8 do artigo 21 da Lei 48/2003 quedan redactados como segue:

«5. A cota da taxa é a seguinte:

I. Polo acceso e estadía no posto de atracada ou de fondeadura en zona I ou interior das augas portuarias dos buques ou artefactos flotantes, por cada 100 GT de arqueo bruto do buque, cun mínimo de 100 GT, e tempo de estadía:

a) Atracados de costado a peiraos ou embarca-
doiros: 1,52 €.

b) Atracados de punta a peiraos ou embarca-
doiros, a buques abarloados, a buques amarrados a
boias ou outros puntos fixos que non teñan a consi-
deración de atracadas, e a buques fondeados:
1,38 €.

II. Polo acceso e, de ser o caso, estadía dos
buques ou artefactos flotantes en atracadas en con-
cesión ou autorización na zona I ou interior das
augas portuarias, e por cada 100 GT de arqueo bruto
do buque, cun mínimo de 100 GT, e tempo de esta-
día no posto de atracada ou de fondeadura:

a) Atracado ou fondeado con espazo de auga
en concesión ou autorización: 0,95 €.

b) Atracado sen espazo de auga en concesión
ou autorización: 1,05 €.

O tempo de estadía no posto de atracada ou de
fondeadura previsto nos puntos I e II computarase
en períodos dunha hora ou fracción cun mínimo de
tres horas por escala e un máximo de 15 horas por
escala cada 24 horas.

No caso de que na mesma escala se utilicen varias atracadas, considerarase unha única estadía para toda a escala. Se diso resultar a existencia de distintos suxeitos pasivos, repartirase o tempo de estadía de forma proporcional á estadía en cada atracada.

III. Pola estadía e utilización prolongada das instalacións de atracada ou das augas do porto polos buques e polas instalacións flotantes que non teñan espazo de auga en concesión ou autorización, por cada 100 GT de arqueo bruto do buque, cun mínimo de 100 GT, e día de estadía ou fracción:

- a) Buques de tráfico interior de pasaxeiros e mercadorías: 7,34 €.
- b) Buques destinados á dragaxe ou ao avituallamento: 7,34 €.
- c) Buques en construción, gran reparación, transformación e desmantelamento: 2,45 €.
- d) Buques pesqueiros cuxa última operación de descarga se efectuase no porto ou por paro biolóxico e por carencia de licenza e buques en depósito judicial: 1,22 €.
- e) Buques inactivos, mesmo pesqueiros, e artefactos flotantes: 7,34 €.
- f) Buques destinados á prestación dos servizos de remolque, amarre, practicaxe e a outros servizos portuarios: 3,67 €.
- g) Outros buques cuxa estadía sexa superior a un mes: 7,34 €.

Cando a estadía ou utilización prolongada teña lugar en peiraos ou instalacións de atracada en concesión ou autorización, a cota da taxa será o 75 por cento da prevista no cadro anterior cando ocupe un espazo de auga que non estea en concesión ou autorización, e do 40 por cento cando o espazo de auga ocupado estea en concesión.

IV. Polo acceso e estadía no posto de atracada do buque ou artefacto flotante unicamente na zona II ou exterior das augas portuarias ou en portos en réxime concesional, a cota da taxa será o 30 por cento da prevista nos puntos anteriores, segundo corresponda, salvo no suposto previsto nas alíneas a) e b) do punto III, en que a cota permanecerá invariable.

No suposto de fondeadura na zona II ou exterior das augas portuarias, a cota da taxa será de 1,22 € por cada 100 GT de arqueo bruto do buque, cun mínimo de 100 GT e por día de estadía ou fracción, e xerarse desde o cuarto día de estadía, salvo que se realizasen operacións comerciais, incluído o avituallamento, caso en que se xerará a partir do día de inicio da operación.

O tempo de estadía en fondeadura na zona II computarase separadamente do que poida corresponder a outros modos de utilización polo buque da zona de servizo do porto e das obras e instalacións portuarias.»

«8. Polo acceso directo dos buques a dique seco, ramplas ou varadoiros situados na zona I das augas portuarias, a cota da taxa será de 4,90 € por cada 100 GT de arqueo bruto do buque, cun mínimo de 100 GT e unha única vez. Cando se encontre situado en zona II, a cota será o 30 por cento da anterior.»

c) Taxa das embarcacións deportivas e de recreo. O número 5 do artigo 22 da Lei 48/2003 terá a seguinte redacción:

«5. A cota desta taxa é a seguinte:

i) En dársenas ou instalacións náutico-deportivas non outorgadas en concesión nin autorización:

a) Polo acceso e estadía das embarcacións no posto de atracada ou de fondeadura na zona I ou interior das augas portuarias, por unidade de superficie ocupada e por día natural ou fracción:

Atracadas de costado: 0,36 €.

Atracadas de punta e abarloadas: 0,12 €.

En posto de fondeadura con amarre a morto: 0,07 €.

En posto de fondeadura con medios propios: 0,05 €.

En zonas con calados inferiores a dous metros en baixamar máxima viva equinoccial, a cota da taxa será do 65 por cento das sinaladas no cadro anterior.

b) Por dispoñibilidade de servizos, por unidade de superficie ocupada e por día natural ou fracción:

Toma de auga: 0,024 €.

Toma de enerxía eléctrica: 0,036 €.

Os consumos de auga e enerxía eléctrica efectuados serán facturados con independencia da liquidación desta taxa.

c) Por estadía transitoria en seco en zonas non dedicadas a invernada, reparación, mantemento nin a estadías prolongadas no porto, por unidade de superficie ocupada e por día natural ou fracción:

Ata o día 7º: 0,12 €.

Desde o día 8º ao 14º: 0,24 €.

Desde o día 15º: 0,72 €.

Para as embarcacións que teñan a súa base no porto a cota da taxa será o 80 por cento da sinalada nas alíneas a) e b).

ii) En dársenas ou instalacións náutico-deportivas outorgadas en concesión ou autorización:

Polo acceso e estadía das embarcacións a postos de atracada ou de fondeadura na zona I ou interior das augas portuarias, por unidade de superficie ocupada e por día natural ou fracción:

1.º Ás embarcacións transeúntes ou de paso: 0,06 €.

2.º Ás embarcacións que teñen a súa base no porto: 0,05 €.

Se, excepcionalmente, o espazo de auga non estiver outorgado en concesión ou autorización, a cota da taxa será o dobre da prevista neste punto.

A superficie ocupada determinarase en metros cadrados, e será o resultado do produto da eslora máxima da embarcación pola manga máxima.

Cando a embarcación ocupe ou utilice unicamente a zona II ou exterior das augas portuarias, a cota da taxa será o 30 por cento da prevista nos puntos I.a) e II anteriores para a zona I, segundo corresponda.»

d) Taxa da pasaxe. O número 5 do artigo 23 da Lei 48/2003 terá a seguinte redacción:

«5. A cota da taxa aplicable a cada pasaxeiro e vehículo en réxime de pasaxe será a seguinte:

a) En atracadas e estacións marítimas non outorgadas en concesión nin autorización:

Concepto	Euros/unidade
Pasaxeiro en réxime de transporte, en embarque ou desembarque	3,43
Pasaxeiro de cruceiro turístico, en embarque ou desembarque	4,04
Motocicletas e vehículos de dúas rodas.	4,28
Automóviles de turismo e vehículos similares	9,79
Autocares e vehículos de transporte colectivo	52,63

Para o pasaxeiro de cruceiro turístico en tránsito a cota da taxa será de 2,45 € por pasaxeiro e día ou fracción de estadía en porto. No porto de embarque ou desembarque os pasaxeiros aboarán a cota sinalada no cadro anterior correspondente á operación de embarque ou desembarque e, nos días posteriores ao de embarque ou anteriores ao de desembarque, a cota de pasaxeiro en tránsito.

Cando a navegación se produza exclusivamente nas augas da zona de servizo dun porto ou nunha ría e ás embarcacións en viaxe turística local, en cada embarque e desembarque a cota da taxa será:

Concepto	Euros/unidade
Pasaxeiro	0,07
Motocicleta	1,22
Automóvil	3,06

Neste suposto, a taxa poderá exixirse en réxime de estimación simplificada, salvo renuncia expresa do suxeito pasivo. A cota tributaria establecerase tendo en conta os datos estatísticos de tráfico dos dous últimos anos, efectuándose periodicamente unha liquidación global polo importe que corresponda á ocupación estimada. Os que se acollan a este réxime terán unha bonificación do 30 por cento no importe da cota tributaria.

b) En atracadas e estacións marítimas outorgadas conxuntamente en concesión ou autorización, a cota da taxa será o 50 por cento da sinalada na alínea a).

Cando só se outorgue en concesión ou autorización a estación marítima, a cota da taxa será o 75 por cento da sinalada na alínea a)».

e) Taxa da mercadoría. O número 5 do artigo 24 da Lei 48/2003 terá a seguinte redacción:

«5. A cota desta taxa será a seguinte:

I. En terminais e outras instalacións de manipulación de mercadorías non outorgadas en concesión nin autorización:

A) Ás mercadorías e os seus elementos de transporte, segundo o tipo de operación que se desenvolva:

a) Cando se embarquen ou desembarquen aplicaráselles a cota que resulte dalgún dos seguintes réximes:

a.1) Réxime por grupos de mercadorías: a cota da taxa será o resultado de sumar as cantidades que, se é o caso, resulten dos seguintes conceptos:

1.º Ás mercadorías aplicaráselles a cantidade que corresponda das indicadas no cadro seguinte, en función do grupo a que pertencen, conforme o establecido no anexo I desta lei:

Grupo de mercadoría	€/tonelada
Primeiro	0,48
Segundo	0,83
Terceiro	1,31
Cuarto	2,20
Quinto	3,08

2.º. Aos envases, embalaxes, contedores, cisternas ou outros recipientes ou elementos que teñan ou non o carácter de perdidos ou efémeros e que se utilicen para conter as mercadorías no seu transporte, así como aos camiões, aos remolques e semirremolques que, como tales elementos de transporte terrestre, se embarquen ou desembarquen, baleiros ou non de mercadorías, aplicaráselles a cantidade seguinte:

Elemento de transporte tipo	€/unidade
Contedor ≤ 20' (incluída, se é o caso, unha plataforma de transporte), camión con caixa de ata 6 metros ou plataforma de ata 6 metros	3,06
Contedor > 20' (incluída, se é o caso, unha plataforma de transporte), semirremolque, camión ou vehículo articulado con caixa de ata 12 metros ou plataforma de ata 12 metros	6,12
Cabezas tractoras	1,84
Camión con remolque (tren de estrada).	9,18

A outros elementos non relacionados no cadro anterior, aplicaráselles a cantidade de 1,53 €/tonelada.

Cando o elemento de transporte baleiro teña a condición de mercadoría, será de aplicación a contía do grupo correspondente, e non será aplicable o réxime simplificado.

a.2) Réxime de estimación simplificada: para as mercadorías transportadas nos elementos de transporte que se relacionan a continuación, a cota tributaria será o resultado de aplicar a cada unidade de carga (uc) as seguintes cantidades:

Unidade de carga tipo	€/uc
Contedor ≤ 20' (incluída, se é o caso, unha plataforma de transporte), camión con caixa de ata 6 metros	33,90
Contedor > 20' (incluída, se é o caso, unha plataforma de transporte), semirremolque e camión ou vehículo articulado con caixa de ata 12 m	55,45
Camión con remolque (tren de estrada) .	89,35

Aos elementos de transporte que vaian baleiros aplicaráselles a cota prevista na alínea a.1).

Este réxime será de aplicación, por solicitude do suxeito pasivo, á totalidade da súa carga unitaria nun mesmo buque.

b) Cando efectúen tránsito marítimo, sempre que as mercadorías e os seus elementos de transporte fosen declarados nese réxime, a cota da taxa calcularase de acordo co establecido na alínea a). Esta taxa, incluíndo a ocupación da zona de tránsito a que se refire a letra B) se a houber, liquidaráselle ao suxeito pasivo que declarase a mercadoría na descarga.

As mercadorías e os seus elementos de transporte en tránsito marítimo, con orixe ou destino noutro porto de interese xeral dun mesmo arquipélago, estarán exentas do pagamento desta taxa, salvo cando se autorice a ocupación da zona de tránsito por período superior ao previsto no número 1 deste artigo, caso en que deberán aboar a cota prevista na letra B).

c) Cando se transborden, aplicaráselles a seguinte cota:

c.1) Entre buques que se encontren atracados: o 50 por cento da cota prevista na alínea a).

c.2) Entre buque abarloado a outro atracado ou abarloado: o 30 por cento da cota prevista na alínea a).

d) Cando efectúen tráfico interior marítimo dentro da zona de servizo dun porto ou nunha ría, así como ás mercadorías para avituallamento, a cota tributaria será a prevista na alínea a). Neste suposto unicamente se liquidará unha das operacións realizadas.

e) Cando efectúen tránsito terrestre con ruptura de carga, aplicaráselle o 75 por cento da cota prevista na alínea a).

B) Ocupación da zona de tránsito.

Cando se autorice a ocupación da zona de tránsito por período superior a catro horas para aquelas mercadorías en que un medio rodante forme parte do transporte marítimo, ou superior ao mesmo día de embarque ou desembarque e o seu inmediato anterior ou posterior noutro caso, a cota da taxa será o resultado de lle sumar á contía correspondente da letra A) a contía de 0,10 € por metro cadrado e día de estadía ou fracción. A esta última cantidade aplicaráselle os seguintes coeficientes de progresividade, en función da duración da ocupación:

Ata o día 7°	1
Desde o día 8° ao 30°	5
Desde o día 31° ao 60°	10

Se excepcionalmente se autoriza a ocupación da zona de tránsito por período superior a sesenta días, o coeficiente de progresividade será de 20 a partir do día 61.

Como superficie ocupada computarase a superficie rectangular envolvente da mercadoría depositada.

No suposto de que excepcionalmente se autorice a ocupación da zona de manobra polas mercadorías, serán de aplicación as contías previstas neste apartado.

A delimitación das zonas de tránsito e de manobra, nas cales se divida a zona de usos comerciais, que se efectuará de conformidade co previsto no Regulamento de explotación e policía e nas ordenanzas portuarias, será aprobada polo consello de administración da autoridade portuaria correspondente.

II. En terminais e outras instalacións de manipulación de mercadorías en concesión ou autorización:

a) Coa atracada outorgada en concesión ou autorización, ás mercadorías e os seus elementos de transporte aplicaráselles a seguinte cota, en función da operación que se desenvolva:

1.^a Cando se embarquen ou desembarquen: o 50 por cento da establecida na alínea a) do punto I.A).

2.^a Cando efectúen tránsito marítimo: o 25 por cento da establecida na alínea b) do número 1.A).

3.^a Cando se transborden: o 20 por cento da prevista na alínea c.1) do punto I.A).

4.^a Cando efectúen tráfico interior marítimo e as operacións se realicen en instalacións outorgadas ambas en concesión ou autorización, así como de avituallamento: o 50 por cento da establecida na alínea d) do punto I.A). No suposto de que só unha delas estea outorgada en concesión ou autorización, aplicarase a mesma cota prevista na alínea d).

5.^a Cando efectúen tránsito terrestre: o 65 por cento da prevista na alínea e) do número I.A).

b) Sen a atracada outorgada en concesión ou autorización, ás mercadorías e os seus elementos de transporte aplicaráselles a seguinte cota, en función da operación que se desenvolva:

1.^a Cando se embarquen, desembarquen, efectúen tránsito marítimo ou tráfico interior marítimo: o 90 por cento da cota establecida nas alíneas a), b) e d) do punto I.A). Non obstante, cando efectúen tráfico interior marítimo e unicamente unha soa instalación de manipulación de mercadorías estea en concesión ou autorización, aplicarase a mesma cota prevista na alínea d) do punto I.A).

2.^a Cando se transborden: a establecida na alínea c) do punto I.A).

3.^a Cando efectúen tránsito terrestre: o 65 por cento da cota establecida na alínea e) do punto I.A).

No caso de tránsito marítimo e transbordo, esta taxa liquidaráselle ao suxeito pasivo que declarase a mercadoría na descarga.

f) Taxa da pesca fresca. Os tipos de gravame establecidos na alínea b) do número 6 do artigo 25 da Lei 48/2003, do 26 de novembro, para a determinación da contía da taxa da pesca fresca, increméntanse nun 20 por cento.

g) Taxa por aproveitamento especial do dominio público no exercicio de actividades comerciais, industriais e de servizos. Increméntanse nun 20 por cento as porcentaxes establecidas no número 1° e 3° da alínea a) do punto 5.B) do artigo 28 da Lei 48/2003, do 26 de novembro. Ademais, modifícanse as contías establecidas no número 2° da mesma alínea e punto do citado artigo, que serán as seguintes:

0,60 € por tonelada de granel líquido.
0,90 € por tonelada de granel sólido.
1,20 € por tonelada de mercadoría xeral.
10,00 € por contedor ou unidade de transporte.
2,00 € por vehículo.
1,80 € por pasaxeiro.
3,00 € por vehículo en réxime de pasaxe.

2. Suprímese a taxa por servizos xerais prevista no artigo 29 da Lei 48/2003, do 26 de novembro.

3. Na determinación da contía de cada unha das taxas portuarias exixidas pola utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público portuario a que se refire o número 1 desta disposición, inclúense os custos dos servizos xerais a que se refire o artigo 58 da Lei 48/2003, do 26 de novembro, relacionados cos elementos do dominio público portuario que as definen.

A contía das taxas por utilización especial das instalacións portuarias e da taxa por servizo de sinalización marítima actualizaranse anualmente de conformidade co previsto na Lei de orzamentos xerais do Estado para as taxas da Facenda estatal, salvo que na citada lei se estableza un réxime específico de actualización destas taxas.

Disposición derradeira sétima. *Adaptación da taxa por ocupación privativa do dominio público portuario e da taxa por aproveitamento especial do dominio público portuario no exercicio de actividades comerciais, industriais e de servizos, en concesións e autorizacións outorgadas con anterioridade á entrada en vigor desta lei.*

1. Respecto das concesións e autorizacións outorgadas con anterioridade á entrada en vigor da presente lei, o tipo de gravame da taxa por ocupación privativa do dominio público portuario deberase incrementar de acordo co establecido na disposición derradeira sexta desta lei, co límite do 7,2 por cento. Ese incremento deberase efectuar a partir da primeira liquidación que se practique tras a entrada en vigor desta lei. No caso de que se produza unha modificación substancial das condicións da concesión, será de aplicación o tipo de gravame que corresponda segundo o artigo 19 da Lei 48/2003, do 26 de novembro, de réxime económico e de prestación de servizos dos portos de interese xeral, co incremento establecido na disposición derradeira sexta da presente lei. O límite do tipo do 7,2 por cento a que se refire esta disposición non será de aplicación ás concesións e autorizacións outorgadas entre o 1 de xaneiro de 2004 e a entrada en vigor desta lei.

2. Nas concesións e autorizacións outorgadas con anterioridade á entrada en vigor desta lei deberá adaptarse a taxa por aproveitamento especial do dominio público portuario no exercicio de actividades industriais, comerciais e de servizos ao establecido na disposición derradeira sexta desta lei, de maneira que o novo tipo de gravame sexa o resultante de multiplicar o valor asignado a este na data de entrada en vigor desta lei polo coeficiente 1,2. A devandita adaptación producirase na primeira liquidación que se practique tras a entrada en vigor desta lei. En todo caso, a cota da taxa deberá cumprir cos límites establecidos no artigo 28 da Lei 48/2003, do 26 de novembro, coas modificacións establecidas na disposición derradeira sexta desta lei.

Disposición derradeira oitava. *Modificación da Lei do sector ferroviario.*

Modifícase o número 2 do artigo 36 da Lei 39/2003, do 17 de novembro, do sector ferroviario, que terá a seguinte redacción:

«A autoridade portuaria de cada porto de interese xeral exercerá, respecto das infraestruturas ferroviarias existentes nos portos de interese xeral,

as funcións que se lle atribúen ao administrador de infraestruturas ferroviarias nas alíneas a), b), c), d), e), j), k), l) e ou) do número 1 do artigo 21».

Disposición derradeira novena. *Modificación do artigo 42 da Lei 13/1996, do 30 de decembro.*

1. Modifícase o número nove do artigo 42 da Lei 13/1996, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, que queda redactado como segue:

«Nove. O importe do recadado por esta taxa formará parte do orzamento de ingresos da entidade pública empresarial Aeropuertos Españoles y Navegación Aérea. Non obstante, o 30 por cento do recadado por esta taxa, ou o importe que se fixe na Lei de orzamentos, ingresarase no Tesouro Público».

2. Queda derogado o número 2 do artigo 77 da Lei 42/2006, do 28 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2007.

Disposición derradeira décima. *Entrada en vigor.*

1. Esta lei entrará en vigor aos seis meses da súa publicación no Boletín Oficial del Estado, coas excepcións que se relacionan nos puntos seguintes.

2. Esta lei entrará en vigor o día 1 de xaneiro de 2009 respecto das actividades a que se refire o artigo 11.

3. A modificación da Lei do sector ferroviario e a modificación da taxa de seguranza, establecidas, respectivamente, nas disposicións derradeiras oitava e novena, entrarán en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial del Estado.

Por tanto,

Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 30 de outubro de 2007.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO

ANEXO I

Lista de actividades consideradas na alínea c) do número 1 do artigo 2

NACE					Código CPV
SECCIÓN F			CONSTRUCCIÓN	Notas	
División	Grupo	Clase	Descrición		
45			Construcción	Esta división comprende: <ul style="list-style-type: none"> • as construcións novas, obras de restauración e reparacións correntes 	45000000
	45.1		Preparación de obras		45100000
		45.11	Demolición de inmuebles e movimientos de terras:	Esta clase comprende: <ul style="list-style-type: none"> • a demolición e derrubamento de edificios e outras estruturas • a limpeza de cascallos. • o movemento de terras: escavación, recheo e nivelación de lugares de obras, escavación de gabias, remoción de rochas, destrución por medio de explosivos. • a preparación de explotacións mineiras: obras subterráneas, remoción de atrancos e outras actividades de preparación de minas Esta clase comprende tamén: <ul style="list-style-type: none"> • a drenaxe de lugares de obras • a drenaxe de terreos agrícolas e forestais 	45110000
		45.12	Perforacións e sondaxes	Esta clase comprende: <ul style="list-style-type: none"> • as perforacións, sondaxes e mostraxes con fins de construción, xeofísicos, xeolóxicos ou outros. Esta clase non comprende: <ul style="list-style-type: none"> • a perforación de pozos de produción de petróleo e gas natural (véxase 11.20) • a escavación de pozos de minas (véxase 45.25) • a perforación de pozos hidráulicos (véxase 45.25) • a prospección de depósitos de petróleo e gas natural e os estudos físicos, xeolóxicos o sismográficos (véxase 74.20) 	45120000
	45.2		Construcción xeral de inmuebles e obras de enxeñaría civil		45200000
		45.21	Construcción xeral de edificios e obras singulares de enxeñaría civil (pontes, túneles, etc.)	Esta clase comprende: <ul style="list-style-type: none"> • A construción de todo tipo de edificios • A construción de obras de enxeñaría civil: <ul style="list-style-type: none"> ○ Pontes (incluídos os de estradas elevadas), viadutos, túneles e ferrocarrís metropolitanos ○ Redes de enerxía, comunicación e condución de longa distancia ○ Instalacións urbanas de tubaxes, redes de enerxía e de comunicacións; obras urbanas anexas ○ A montaxe "in situ" de construcións prefabricadas Esta clase non comprende: <ul style="list-style-type: none"> • os servizos relacionados coa extracción de gas e de petróleo (véxase 11.20) • a montaxe de construcións prefabricadas completas a partir de pezas de produción propia que non sexan de formigón (véxanse as divisións 20, 26 e 28) • a construción de estadios, piscinas, ximnasios, pistas de tenis, campos de golf e outras instalacións deportivas, excluídos os seus edificios (véxase 45.23) • as instalacións de edificios e obras (véxase 45.3) • o acabamento de edificios e obras (véxase 45.4) • as actividades de arquitectura e enxeñaría (véxase 74.20) • a dirección de obras de construción (véxase 74.20) 	45210000
		45.22	Construcción de cubertas e estruturas de peche	Esta clase comprende: <ul style="list-style-type: none"> • a construción de tellados • a cuberta de tellados • a impermeabilización de edificios e balcóns 	45220000

NACE					Código CPV
SECCIÓN F		CONSTRUCCIÓN		Notas	
División	Grupo	Clase	Descripción		
		45.23	Construcción de autoestradas, estradas, campos de aterrxaxe, vías férreas e centros deportivos	<p>Esta clase comprende:</p> <ul style="list-style-type: none"> • a construción de autoestradas, rúas, estradas e outras vías de circulación de vehículos e peóns • a construción de vías férreas • a construción de pistas de aterrxaxe • a construción de equipamentos de estadios, piscinas, ximnasios, pistas de tenis, campos de golf e outras instalacións deportivas, excluídos os seus edificios • a pintura de sinais en estradas e aparcadoiros <p>Esta clase non comprende:</p> <ul style="list-style-type: none"> • o movemento de terras previo (véxase 45.11) 	45230000
		45.24	Obras hidráulicas	<p>Esta clase comprende</p> <ul style="list-style-type: none"> • a construción de: <ul style="list-style-type: none"> ○ vías navegables, instalacións portuarias e fluviais, portos deportivos, esclusas, etc. ○ encoros e diques ○ as dragaxes ○ as obras subterráneas 	45240000
		45.25	Outras construcións especializadas	<p>Esta clase comprende:</p> <ul style="list-style-type: none"> • as actividades de construción que se especialicen nun aspecto común a diferentes tipos de estrutura e que requiran aptitudes ou materiais específicos: • obras de cimentación, incluído o afinamento de esteos • construción e perforación de pozos hidráulicos, escavación de pozos de minas • montaxe de pezas de aceiro que non sexan de produción propia • curvamento do aceiro • colocación de ladrillos e pedra • montaxe e desmantelamento de estadas e plataformas de traballo, incluído o seu alugamento • montaxe de chemineas e fornos industriais <p>Esta clase non comprende:</p> <ul style="list-style-type: none"> • o alugamento de estadas sen montaxe nin o desmantelamento (véxase 71.32) 	45250000
	45.3		Instalación de edificios e obras		45300000
		45.31	Instalación eléctrica	<p>Esta clase comprende</p> <ul style="list-style-type: none"> • a instalación en edificios e outras obras de construción de: <ul style="list-style-type: none"> ○ cables e material eléctrico ○ sistemas de telecomunicación ○ instalacións de calefacción eléctrica ○ antenas de vivendas ○ alarmas contra incendios ○ sistemas de alarma de protección contra roubos ○ ascensores e escaleiras mecánicas ○ pararraios, etc. 	45310000
		45.32	Illamento térmico, acústico e antivibratorio	<p>Esta clase comprende:</p> <ul style="list-style-type: none"> • a instalación en edificios e outras obras de construción de illamento térmico, acústico ou antivibratorio <p>Esta clase non comprende:</p> <ul style="list-style-type: none"> • a impermeabilización de edificios e balcóns (véxase 45.22) 	45320000
		45.33	Fontanaría	<p>Esta clase comprende</p> <ul style="list-style-type: none"> • a instalación en edificios e outras obras de construción de: <ul style="list-style-type: none"> ○ fontanaría e sanitarios ○ aparellos de gas ○ aparellos e conducións de calefacción, ventilación, refrixeración ou climatización ○ instalación de extintores automáticos de incendios <p>Esta clase non comprende:</p> <ul style="list-style-type: none"> • a instalación e reparación de instalacións de calefacción eléctrica (véxase 45.31) 	45330000

NACE					Código CPV
SECCIÓN F			CONSTRUCCIÓN	Notas	
División	Grupo	Clase	Descrición		
		45.34	Outras instalacións de edificios e obras	Esta clase comprende: <ul style="list-style-type: none"> • a instalación de sistemas de iluminación e sinalización de estradas, portos e aeroportos • a instalación en edificios e outras obras de construción de aparellos e dispositivos n.c.o.p. 	45340000
	45.4		Acabamento de edificios e obras		45400000
		45.41	Revocamento	Esta clase comprende: <ul style="list-style-type: none"> • a aplicación, en edificios e outras obras de construción, de xeso e estuco interior e exterior, incluídos os materiais de revestimento correspondentes 	45410000
		45.42	Instalacións de carpintería	Esta clase comprende: <ul style="list-style-type: none"> • a instalación de portas, ventás e marcos, cociñas equipadas, escaleiras, mobiliario de traballo e similares de madeira ou outros materiais, que non sexan de produción propia • acabamentos interiores, como teitos, revestimentos de madeira para paredes, tabiques móbiles, etc. Esta clase non comprende: <ul style="list-style-type: none"> • revestimentos de parqué e outras madeiras para pavimentos (véxase 45.43) 	45420000
		45.43	Revestimento de chans e paredes	Esta clase comprende <ul style="list-style-type: none"> • a colocación en edificios e outras obras de construción de: <ul style="list-style-type: none"> ○ revestimentos de cerámica, formigón ou pedra tallada para pavimentos ○ revestimentos de parqué e outras madeiras para paredes e pavimentos ○ revestimentos de moqueta e linóleo para paredes e pavimentos ○ revestimentos de terrazo, mármore, granito ou lousa para paredes e pavimentos ○ papeis pintados 	45430000
		45.44	Pintura e acristalamento	Esta clase comprende: <ul style="list-style-type: none"> • a pintura interior e exterior de edificios • a pintura de obras de enxeñaría civil • a instalación de cristais, espellos, etc. Esta clase non comprende: <ul style="list-style-type: none"> • a instalación de ventás (véxase 45.42) 	45440000
		45.45	Outros acabamentos de edificios e obras	Esta clase comprende: <ul style="list-style-type: none"> • a instalación de piscinas particulares • a limpeza ao vapor, con chorro de area ou similares, do exterior dos edificios • outras obras de acabado de edificios n.c.o.p. Esta clase non comprende: <ul style="list-style-type: none"> • a limpeza interior de edificios e obras (véxase 74.70) 	45450000
	45.5		Alugamento de equipamento de construción ou demolición con operario		45500000
		45.50	Alugamento de equipamento de construción ou demolición con operario	Esta clase non comprende: <ul style="list-style-type: none"> • o alugamento de equipamento e maquinaria de construción ou demolición desprovisto de operario (véxase 71.32). 	

ANEXO II A**Servizos aos cales se refire o artigo 15.1**

Categoría	Descrición	Número de referencia CCP (1)	Número de referencia CPV
1	Servizos de mantemento e reparación.	6112, 6122, 633, 886	De 50100000 a 50982000 (excepto 50310000 a 50324200 e 501165109, 50190000-3, 50229000-6, 502430000)
2	Servizos de transporte por vía terrestre (2), incluídos servizos de furgóns blindados e servizos de mensaxaría, excepto transporte de correo.	712 (excepto 71235) 7512, 87304	De 60112000-6 a 60129300-1 (excepto 60121000 a 60121600, 60122200-1, 60122230-0), e de 64120000-3 a 641212002
3	Servizos de transporte aéreo: transporte de pasaxeiros e carga, excepto o transporte de correo.	73 (excepto 7321)	De 62100000-3 a 62300000-5 (excepto 62121000-6, 62221000-7)
4	Transporte de correo por vía terrestre (3) e por vía aérea.	71235, 7321	60122200-1, 60122230-0, 621210006, 62221000-7
5	Servizos de telecomunicación.	752	De 64200000-8 a 64228200-2, 72318000-7, e de 72530000-9 a 725320003
6	Servizos financeiros: a) Servizos de seguros. b) Servizos bancarios e de investimentos (4).	ex 81, 812, 814	De 66100000-1 a 66430000-3 e de 671100001 a 67262000-1
7	Servizos de informática e servizos conexas.	84	De 50300000-8 a 50324200-4, de 721000006 a 72591000-4 (excepto 72318000-7 e de 725300009 a 72532000-3)
8	Servizos de investigación e desenvolvemento (5).	85	De 73000000-2 a 73300000-5 (excepto 732000004, 73210000-7, 73220000)
9	Servizos de contabilidade, auditoría e mantemento de libros.	862	De 74121000 a 74121250-0
10	Servizos de investigación de estudos e enquisas da opinión pública.	864	De 74130000-9 a 74133000-0, e 74423100-1, 74423110-4
11	Servizos de consultores de dirección (6) e servizos conexas.	865, 866	73200000, 73210000, 73220000, 7De 73200000-4 a 73220000-0, de 74140000-2 a 74150000-5 (excepto 74142200-8) e 74420000-9, 74421000-6, 74423000-0, 74423200-2, 74423210-5, 74871000-5, 93620000-0
12	Servizos de arquitectura; servizos de enxeñaría e servizos integrados de enxeñaría; servizos de planificación urbana e servizos de arquitectura paisaxista. Servizos conexas de consultores en ciencia e tecnoloxía. Servizos de ensaios e análises técnicas.	867	De 74200000-1 a 74276400-8, e de 74310000-5 a 74323100-0, e 74874000-6
13	Servizos de publicidade.	871	De 74400000-3 a 74422000-3 (excepto 74420000-9 e 744210006)
14	Servizos de limpeza de edificios e servizos de administración de bens raíces.	874, 82201 a 82206	De 70300000-4 a 70340000-6, e de 74710000-9 a 74760000-4
15	Servizos editoriais e de imprenta, por tarifa ou por contrato.	88442	De 78000000-7 a 78400000-1
16	Servizos de sumidoiros e eliminación de desperdicios: servizos de saneamento e servizos similares.	94	De 90100000-8 a 90320000-6, e 50190000-3, 50229000-6, 50243000-0

(1) A nomenclatura CCP (versión provisoria), Clasificación central de produtos das Nacións Unidas, accesible na internet no portal das Nacións Unidas: <http://unstats.un.org/uns/cr/registry/regcst.asp?CL=9&Lg=2>

(2) Exceptuando os servizos de transporte por ferrocarril incluídos na categoría 18.

(3) Exceptuando os servizos de transporte por ferrocarril incluídos na categoría 18.

(4) Exceptuando os servizos financeiros relativos á emisión, compra, venda e transferencia de títulos ou outros instrumentos financeiros, e os servizos prestados polos bancos centrais. Quedan tamén excluídos os servizos consistentes na adquisición ou alugamento, con independencia de cales sexan as súas modalidades financeiras, de terreos, edificios xa existentes ou outros bens inmobles ou relacionados cos dereitos sobre os ditos bens; non obstante, os servizos financeiros prestados ben ao mesmo tempo, ben con anterioridade ou posterioridade ao contrato de adquisición ou de arrendamento, en calquera das súas formas, regularanse polo disposto nesta directiva.

(5) Exceptuando os servizos de investigación e desenvolvemento distintos daqueles cuxos resultados corresponden á entidade adxudicadora para o seu uso exclusivo, sempre que esta remunere integramente a prestación do servizo.

(6) Exceptuando os servizos de arbitraje e conciliación.

ANEXO II B**Servizos aos cales se refire o artigo 15.2**

Categoría	Descrición	Número de referencia CCP (1)	Número de referencia CPV
17	Servizos de hostalaría e restaurante.	64	De 55000000-0 a 55524000-9, e de 93400000-2 a 93411000-2
18	Servizos de transporte por ferrocarril.	711	60111000-9, e de 60121000-2 a 60121600-8
19	Servizos de transporte fluvial e marítimo.	72	De 61000000-5 a 61530000-9, e de 63370000-3 a 63372000-7
20	Servizos de transporte complementarios e auxiliares.	74	662400000-6, 62440000-8, 62441000-5, 62450000-1, de 63000000-9 a 63600000-5 (excepto 63370000-3, 63371000-0, 63372000-7), e 74322000-2, 93610000-7
21	Servizos xurídicos.	861	De 74110000-3 a 74114000-1
22	Servizos de colocación e subministración de persoal (7)	872	De 74500000-4 a 74540000-6 (excepto 74511000-4), e de 95000000-2 a 95140000-5
23	Servizos de investigación e seguranza, excepto servizos de furgóns blindados.	873 (excepto 87304)	De 74600000-5 a 74620000-1
24	Servizos de educación e formación profesional.	92	De 80100000-5 a 80430000-7
25	Servizos sociais e de saúde.	93	74511000-4, e de 85000000-9 a 85323000 (excepto 85321000-5 e 85322000-2)
26	Servizos de lecer, culturais e deportivos.	96	De 74875000-3 a 74875200-5, e de 92000000-1 a 92622000-7 (excepto 92230000-2)
27	Outros servizos.		

(7) Exceptuando os contratos de traballo.

ANEXO III

Información que debe figurar nos anuncios de licitacións

A. Procedementos abertos.

1. Nome, enderezo, enderezo telegráfico, enderezo electrónico, números de teléfono, télex e fax da entidade contratante.

2. Se procede, deberá indicarse se o contrato está reservado para talleres protexidos, ou se a súa execución está reservada para programas de emprego protexidos.

3. Natureza do contrato (subministración, obras ou servizos; indíquese, se é o caso, se se trata dun acordo marco ou dun sistema dinámico de adquisición).

Categoría do servizo para efectos do anexo II A ou II B e descrición deste [número(s) de referencia na nomenclatura].

Deberá indicarse, cando proceda, se a oferta se refire a compra, compra a prazos, arrendamento, arrendamento financeiro ou a unha combinación destes.

4. Lugar de entrega, de execución ou de prestación.

5. Para subministracións e obras:

a) Características e cantidade dos produtos solicitados (número(s) de referencia na nomenclatura). Indicar as opcións para licitacións complementarias e, cando sexa posible, o prazo estimado previsto para exercer esas opcións, así como o número de prórrogas posibles. No caso dunha serie de contratos renovables, tamén se precisará, de ser posible, o calendario provisorio das convocatorias de licitación posteriores para os produtos que se vaian subministrar ou a natureza e o alcance das prestacións, e as características xerais da obra (número(s) de referencia na nomenclatura).

b) Deberá indicarse se os provedores poden licitar por partes das subministracións solicitadas ou pola súa totalidade.

Caso de que, para os contratos de obras, a obra ou o contrato estea dividido en varios lotes, magnitude dos distintos lotes e posibilidade de licitar por un, varios ou todos eles.

c) Para os contratos de obras: indicacións sobre o obxectivo da obra ou do contrato, cando neste último se inclúa tamén a elaboración de proxectos.

6. Para servizos:

a) Características e cantidade dos produtos solicitados. Indicar as opcións para licitacións complementarias e, cando sexa posible, o prazo estimado previsto para exercer esas opcións, así como o número de prórrogas posibles. No caso dunha serie de contratos renovables, tamén se precisará, de ser posible, o calendario provisorio das convocatorias de licitación posteriores para os servizos que se vaian prestar.

b) Posibilidade de que, de acordo coas disposicións legais, regulamentarias e administrativas, se reserve a prestación do servizo a unha determinada profesión.

c) Referencia á citada norma legal, regulamentaria ou administrativa.

d) Deberase indicar se as persoas xurídicas deben citar os nomes e as cualificacións profesionais do persoal responsable da execución do servizo.

e) Deberase indicar se os prestadores de servizos poden licitar por unha parte dos servizos de que se trate.

7. De saberse, indíquese se está autorizada ou non a presentación de variantes.

8. Prazo de entrega ou execución ou duración do contrato de servizos e, na medida do posible, a data de inicio.

9. a) Nome e enderezo do departamento ao cal se poden solicitar os documentos do contrato e a documentación adicional.

b) Se procede, importe e forma de pagamento da suma que deba aboarse para obter eses documentos.

10. a) Data límite de recepción das ofertas ou das ofertas indicativas cando se trate da aplicación dun sistema dinámico de adquisición.

b) Enderezo ao cal deben transmitirse.

c) Lingua ou linguas en que deben redactarse.

11. a) Se procede, persoas admitidas a asistir á apertura das plicas.

b) Data, hora e lugar da apertura.

12. Se é o caso, depósitos e garantías exixidos.

13. Modalidades básicas de financiamento e de pagamento e/ou referencias ás disposicións pertinentes.

14. Se é o caso, forma xurídica que deberá adoptar a agrupación de operadores económicos adxudicataria do contrato.

15. Condicións mínimas de carácter económico e técnico ás cales deberá axustarse o operador económico adxudicatario do contrato.

16. Prazo durante o cal o licitador estará obrigado a manter a súa oferta.

17. De ser o caso, condicións particulares a que está sometida a execución do contrato.

18. Criterios previstos no artigo 60 que se utilizarán para a adxudicación do contrato: «o prezo máis baixo» ou «oferta economicamente máis vantaxosa». Mencionaranse así mesmo os criterios que constitúan a oferta economicamente máis vantaxosa, así como a súa ponderación ou, se é o caso, a orde de importancia destes cando non figuren no prego de condicións.

19. Se procede, a referencia da publicación no Diario Oficial da Unión Europea do anuncio periódico ou do anuncio da publicación do presente anuncio no perfil do contratante a que se refire o contrato.

20. Nome e enderezo do órgano competente para os procedementos de recurso e, se é o caso, de mediación. Indicación do prazo de presentación de recursos, ou, en caso necesario, o nome, o enderezo, os números de teléfono e de fax e o enderezo electrónico do departamento do cal poida obterse esa información.

21. Data de envío do anuncio pola entidade contratante.

22. Data de recepción do anuncio pola Oficina de Publicacións Oficiais das Comunidades Europeas (deberá sinalala a dita Oficina).

23. Calquera outra información de interese.

B. Procedementos restrinxidos.

1. Nome, enderezo, enderezo telegráfico, enderezo electrónico, números de teléfono, télex e fax da entidade contratante.

2. Se procede, deberá indicarse se o contrato está reservado para talleres protexidos, ou se a súa execución está reservada para programas de emprego protexidos.

3. Natureza do contrato (subministración, obras ou servizos; indíquese, de ser o caso, se se trata dun acordo marco).

Categoría do servizo para efectos do anexo II A ou II B e descrición del (número(s) de referencia na nomenclatura).

Deberá indicarse, cando corresponda, se a oferta se refire a compra, compra a prazos, arrendamento, arrendamento financeiro ou a unha combinación destes.

4. Lugar de entrega, de execución ou de prestación.
5. Para subministracións e obras:

a) Características e cantidade dos produtos solicitados (número(s) de referencia na nomenclatura). Indicar as opcións para licitacións complementarias e, cando sexa posible, o prazo estimado para exercer as citadas opcións, así como o número de prórrogas posibles. No caso dunha serie de contratos renovables, tamén se precisará, de ser posible, o calendario provisorio das convocatorias de licitación posteriores para os produtos que se vaian subministrar ou a natureza e o alcance das prestacións, e as características xerais da obra (número(s) de referencia na nomenclatura).

b) Deberá indicarse se os provedores poden licitar por partes das subministracións solicitadas ou pola súa totalidade.

Caso de que, para os contratos de obras, a obra ou o contrato estea dividido en varios lotes, magnitude dos distintos lotes e posibilidade de licitar por un, varios ou todos eles.

c) Para os contratos de obras: indicacións sobre o obxectivo da obra ou do contrato, cando neste último se inclúa tamén a elaboración de proxectos.

6. Para servizos:

a) Características e cantidade dos produtos solicitados. Indicar as opcións para licitacións complementarias e, cando sexa posible, o prazo estimado previsto para exercer esas opcións, así como o número de prórrogas posibles. No caso dunha serie de contratos renovables, tamén se precisará, de ser posible, o calendario provisorio das convocatorias de licitación posteriores para os servizos que se vaian prestar.

b) Posibilidade de que, de acordo coas disposicións legais, regulamentarias e administrativas, se reserve a prestación do servizo a unha determinada profesión.

c) Referencia á citada norma legal, regulamentaria ou administrativa.

d) Sinalarse se as persoas xurídicas deben indicar os nomes e a cualificación profesional do persoal responsable da execución do servizo.

e) Posibilidade de que os prestadores de servizos liciten por unha parte dos servizos de que se trate.

7. De se saber, indíquese se está autorizada ou non a presentación de variantes.

8. Prazo de entrega ou execución ou duración do contrato de servizos e, na medida do posible, a data de inicio.

9. De ser o caso, forma xurídica que deberá adoptar a agrupación de operadores económicos adxudicatarios do contrato.

10. a) Data límite de recepción das solicitudes de participación.

b) Enderezo ao cal se deben transmitir.

c) Lingua ou linguas en que deben redactarse.

11. Data límite de envío das invitacións a licitar.

12. De ser o caso, depósitos e garantías exixidos.

13. Modalidades básicas de financiamento e de pagamento e/ou referencias ás disposicións pertinentes.

14. Datos referentes á situación do operador económico e condicións mínimas de carácter económico e técnico a que se deberá axustar.

15. Criterios previstos no artigo 60 que se utilizarán para a adxudicación do contrato: «o prezo máis baixo» ou «oferta economicamente máis vantaxosa». Mencionáranse, así mesmo, os criterios que constitúan a oferta economicamente máis vantaxosa, así como a súa ponde-

ración ou, de ser o caso, a orde de importancia destes cando non figuren no prego de condicións ou non vaian aparecer na invitación a presentar ofertas.

16. Se procede, condicións particulares a que está sometida a execución do contrato.

17. Se procede, a referencia da publicación no Diario Oficial da Unión Europea do anuncio periódico ou do anuncio da publicación do presente anuncio no perfil do contratante a que se refire o contrato.

18. Nome e enderezo do órgano competente para os procedementos de recurso e, se é o caso, de mediación. Indicación do prazo de presentación de recursos, ou, en caso necesario, o nome, o enderezo, os números de teléfono e de fax e o enderezo electrónico do servizo do cal poida obterse esa información.

19. Data de envío do anuncio pola entidade contratante.

20. Data de recepción do anuncio pola Oficina de Publicacións Oficiais das Comunidades Europeas (deberá sinalala a dita Oficina).

21. Calquera outra información de interese.

C. Procedementos negociados.

1. Nome, enderezo, enderezo telegráfico, enderezo electrónico, números de teléfono, télex e fax da entidade contratante.

2. Se procede, deberá indicarse se o contrato está reservado para talleres protexidos, ou se a súa execución está reservada para programas de emprego protexidos.

3. Natureza do contrato (subministración, obras ou servizos; indíquese, se é o caso, se se trata dun acordo marco).

Categoría do servizo para efectos do anexo II A ou II B e descrición deste (número(s) de referencia na nomenclatura).

Deberá indicarse, cando proceda, se a oferta se refire a compra, compra a prazos, arrendamento, arrendamento financeiro ou a unha combinación deles.

4. Lugar de entrega, de execución ou de prestación.

5. Para subministracións e obras:

a) Características e cantidade dos produtos solicitados (número(s) de referencia na nomenclatura). Indicar as opcións para licitacións complementarias e, cando sexa posible, o prazo estimado previsto para exercer as citadas opcións, así como o número de prórrogas posibles. No caso dunha serie de contratos renovables, tamén se precisará, de ser posible, o calendario provisorio das convocatorias de licitación posteriores para os produtos que se vaian subministrar ou a natureza e o alcance das prestacións, e as características xerais da obra (número(s) de referencia na nomenclatura).

b) Deberá indicarse se os provedores poden licitar por partes das subministracións solicitadas ou pola súa totalidade.

En caso de que, para os contratos de obras, a obra ou o contrato estea dividido en varios lotes, magnitude dos distintos lotes e posibilidade de licitar por un, varios ou todos eles.

c) Para os contratos de obras: indicacións sobre o obxectivo da obra ou do contrato, cando neste último se inclúa tamén a elaboración de proxectos.

6. Para servizos:

a) Características e cantidade dos produtos solicitados. Indicar as opcións para licitacións complementarias e, cando sexa posible, o prazo estimado previsto para exercer esas opcións, así como o número de prórrogas

posibles. No caso dunha serie de contratos renovables, tamén se precisará, de ser posible, o calendario provisorio das convocatorias de licitación posteriores para os servizos que se vaian prestar.

b) Posibilidade de que, de acordo coas disposicións legais, regulamentarias e administrativas, se reserve a prestación do servizo a unha determinada profesión.

c) Referencia a esa norma legal, regulamentaria ou administrativa.

d) Deberá indicarse se as persoas xurídicas deben citar os nomes e as cualificacións profesionais do persoal responsable da execución do servizo.

e) Posibilidade de que os prestadores de servizos liciten por unha parte dos servizos.

7. De saberse, indíquese se está autorizada ou non a presentación de variantes.

8. Prazo de entrega ou execución ou duración do contrato de servizos e, na medida do posible, a data de inicio.

9. De ser o caso, forma xurídica que deberá adoptar a agrupación de operadores económicos adxudicatarios do contrato.

10. a) Data límite de recepción das solicitudes de participación.

b) Enderezo ao cal deben transmitirse.

c) Lingua ou linguas en que deben redactarse.

11. De ser o caso, depósitos e garantías exixidos.

12. Modalidades básicas de financiamento e de pagamento e/ou referencias ás disposicións pertinentes.

13. Datos referentes á situación do operador económico e condicións mínimas de carácter económico e técnico ás cales deberá axustarse.

14. Criterios previstos no artigo 60 que se utilizarán para a adxudicación do contrato: «o prezo máis baixo» ou «oferta economicamente máis vantaxosa». Mencionaranse, así mesmo, os criterios que constitúan a oferta economicamente máis vantaxosa, así como a súa ponderación ou, se é o caso, a orde de importancia destes cando non figuren no prego de condicións ou non vaian aparecer na invitación a negociar.

15. Se procede, nomes e enderezo dos operadores económicos xa seleccionados pola entidade contratante.

16. Se é o caso, data(s) das publicacións anteriores no Diario Oficial da Unión Europea.

17. Se é o caso, condicións particulares a que está sometida a execución do contrato.

18. Se procede, a referencia da publicación no Diario Oficial da Unión Europea do anuncio periódico ou do anuncio da publicación do presente anuncio no perfil do contratante a que se refire o contrato.

19. Nome e enderezo do órgano competente para os procedementos de recurso e, se é o caso, de mediación. Indicación do prazo de presentación de recursos, ou, en caso necesario, o nome, o enderezo, os números de teléfono e de fax e o enderezo electrónico do servizo en que poida obterse esa información.

20. Data de envío do anuncio pola entidade contratante.

21. Data de recepción do anuncio pola Oficina de Publicacións Oficiais das Comunidades Europeas (deberá sinalala a dita Oficina).

22. Calquera outra información de interese.

D. Anuncio de licitación simplificado no marco dun sistema dinámico de adquisición.

1. País da entidade contratante.

2. Nome e enderezo electrónico da entidade contratante.

3. Recordatorio da publicación do anuncio de licitación relativo ao sistema dinámico de adquisición.

4. Enderezo electrónico en que se encontran dispoñibles os documentos do contrato e a documentación adicional relativos ao sistema dinámico de adquisición.

5. Obxecto do contrato: descrición por número(s) de referencia da nomenclatura CPV e cantidade ou alcance do contrato que deberá adxudicarse.

6. Prazo de presentación das ofertas indicativas.

ANEXO IV

Información que debe figurar nos anuncios sobre a existencia dun sistema de clasificación

1. Nome, enderezo, enderezo telegráfico, enderezo electrónico, números de teléfono, télex e fax da entidade contratante.

2. Se procede, deberá indicarse se o contrato está reservado para talleres protexidos, ou se a súa execución está reservada para programas de emprego protexidos.

3. Obxecto do sistema de clasificación (descrición dos produtos, servizos ou obras ou categorías destes que deban contratarse a través do sistema de número(s) de referencia na nomenclatura).

4. Condicións que deberán cumprir os operadores económicos con vistas á súa clasificación de acordo co sistema e métodos de verificación destas. Cando a descrición destas condicións e dos métodos de verificación sexa voluminosa e se basee en documentos á disposición dos operadores económicos interesados, bastará un resumo das condicións e os métodos máis importantes e unha referencia a eses documentos.

5. Período de validez do sistema de clasificación e trámites para a súa renovación.

6. Mención de que o anuncio serve de convocatoria de licitación.

7. Enderezo en que se pode obter información adicional e a documentación relativa ao sistema de clasificación (cando ese enderezo sexa diferente das indicadas no punto 1).

8. Nome e enderezo do órgano competente para os procedementos de recurso e, se é o caso, de mediación.

Indicación do prazo de presentación de recursos, ou, en caso necesario, o nome, o enderezo, os números de teléfono e de fax e o enderezo electrónico do servizo en que poida obterse esa información.

9. De se saber, os criterios previstos no artigo 60 que se utilizarán para a adxudicación do contrato: «o prezo máis baixo» ou «oferta economicamente máis vantaxosa». Mencionaranse, así mesmo, os criterios que constitúan a oferta economicamente máis vantaxosa, así como a súa ponderación ou, se é o caso, a orde de importancia destes cando non figuren no prego de condicións ou non vaian aparecer na invitación a presentar ofertas ou a negociar.

10. Se procede, outras informacións.

ANEXO V A

Información que debe figurar nos anuncios periódicos indicativos

A. Rúbricas que deberán cubrirse en todos os casos:

1. Nome, enderezo, enderezo telegráfico, enderezo electrónico, números de teléfono, télex e fax da entidade

contratante ou do departamento do cal poida obterse información adicional.

2. a) Para os contratos de subministración: natureza e cantidade ou valor das prestacións ou dos produtos que se deben subministrar (número(s) de referencia da nomenclatura).

b) Para os contratos de obras: natureza e amplitude das prestacións, características xerais da obra ou dos lotes relacionados coa obra (número(s) de referencia da nomenclatura).

c) Para os contratos de servizos: importe total das compras previstas en cada unha das categorías de servizos que figuran no anexo XVII A (número(s) de referencia da nomenclatura).

3. Data de envío do anuncio ou do envío do anuncio relativo á publicación do presente anuncio sobre o perfil do contratante.

4. Data de recepción do anuncio pola Oficina de Publicacións Oficiais das Comunidades Europeas (deberá sinalala a citada Oficina).

5. Se procede, outras informacións.

B. Información que deberá facilitarse se o anuncio serve de convocatoria de licitación ou permite unha redución dos prazos de recepción das ofertas.

6. Mención de que os provedores interesados deben comunicarlle á entidade o seu interese polo contrato ou contratos.

7. Se procede, deberá indicarse se o contrato está reservado para talleres protexidos, ou se a súa execución está reservada para programas de emprego protexidos.

8. Data límite de recepción das solicitudes que teñan por obxecto obter unha invitación a presentar ofertas ou a negociar.

9. Características e cantidade dos produtos solicitados ou características xerais da obra ou categoría do servizo de acordo co anexo II A e a súa descrición, precisando se se prevé un ou varios acordos marco. Debe indicar as opcións para licitacións complementarias e o prazo estimado previsto para exercer esas opcións, así como o número de prórrogas posibles. No caso dunha serie de contratos renovables, deberá precisarse tamén o calendario provisorio das convocatorias de licitación posteriores.

10. Deberá indicarse se se trata de compra, compra a prazos, arrendamento, arrendamento financeiro, ou dunha combinación destes.

11. Prazo de entrega ou execución ou duración do contrato e, na medida do posible, data de inicio.

12. Enderezo ao cal as empresas interesadas deben enviar a súa manifestación de interese por escrito.

Data límite de recepción de manifestacións de interese.

Lingua ou linguas autorizadas para a presentación de candidaturas ou de ofertas.

13. Condicións de carácter económico e técnico, garantías financeiras e técnicas exixidas aos provedores.

14. a) Data estimada, se se coñece, do inicio dos procedementos de adxudicación do ou dos contratos.

b) Tipo de procedemento de adxudicación (restrinxido ou negociado).

c) Importe e forma de pagamento da suma que deba aboarse para obter a documentación relativa á consulta.

15. Condicións particulares a que está sometida a execución do contrato ou os contratos.

16. Nome e enderezo do órgano competente para os procedementos de recurso e, se é o caso, de mediación. Indicación do prazo de presentación de recursos, ou, en caso necesario, o nome, o enderezo, os números

de teléfono e de fax e o enderezo electrónico do servizo en que poida obterse esa información.

17. Os criterios previstos no artigo 60 que se utilizarán para a adxudicación do contrato: «o prezo máis baixo» ou «oferta economicamente máis vantaxosa». Mencionáranse, así mesmo, os criterios que constitúan a oferta economicamente máis vantaxosa, así como a súa ponderación ou, se é o caso, a orde de importancia destes cando non figuren no prego de condicións ou non figuren na invitación a confirmar o interese a que se refire o número 3 do artigo 66 nin na invitación a presentar ofertas ou a negociar.

ANEXO V B

Información que debe figurar nos anuncios da publicación no perfil do contratante dun anuncio periódico indicativo que non sirva de convocatoria de licitación

1. País da entidade contratante.
2. Nome da entidade contratante.
3. Enderezo da internet do «perfil do contratante» (URL).
4. Número(s) de referencia da nomenclatura do CPV.

ANEXO VI

Información que debe figurar nos anuncios sobre contratos adxudicados

A. Información que se publicará no Diario Oficial da Unión Europea. [8]

1. Nome e enderezo da entidade contratante.
2. Natureza do contrato (subministración, obras ou servizos e número(s) de referencia na nomenclatura; indíquese, se é o caso, se se trata dun acordo marco).
3. Polo menos, un resumo das características e a cantidade dos produtos, obras ou servizos subministrados.
4. a) Forma da convocatoria de licitación (anuncio sobre a existencia dun sistema de clasificación, anuncio periódico, solicitude pública de ofertas).
- b) Referencia da publicación do anuncio no Diario Oficial da Unión Europea.
- c) No caso de contratos adxudicados sen convocatoria de licitación previa, indicárase a disposición pertinente do artigo 59 ou o número 2 do artigo 15.
5. Procedemento de adxudicación do contrato (procedemento aberto, restrinxido ou negociado).
6. Número de ofertas recibidas.
7. Data de adxudicación do contrato.
8. Prezo pagado polas compras de ocasión realizadas en virtude da alínea j) do artigo 59.
9. Nome e enderezo dos operadores económicos.
10. Indicar, de ser o caso, se o contrato se subcontratou ou pode subcontratarse.
11. Prezo pagado ou prezo da oferta máis elevada e da máis baixa que se tivesen en conta na adxudicación do contrato.
12. Nome e enderezo do órgano competente para os procedementos de recurso e, se é o caso, de mediación. Indicación do prazo de presentación de recursos, ou, en caso necesario, o nome, o enderezo, os números de teléfono e de fax e o enderezo electrónico do servizo en que poida obterse esa información.

13. Información facultativa: porcentaxe do contrato que se subcontratase ou poida subcontratarse a terceiros e importe deste, e criterios de adxudicación do contrato.

B Información non destinada á publicación.

14. Número de contratos adxudicados (cando se dividise o contrato entre máis dun provedor).

15. Valor de cada contrato adxudicado.

16. País de orixe do produto ou do servizo (orixe comunitaria ou non comunitaria, desagregada, neste último caso, por países terceiros).

17. Indicar os criterios de adxudicación empregados (oferta economicamente máis vantaxosa, prezo máis baixo).

18. Indicar se se lle adxudicou o contrato a un licitador que, en virtude do número 2 do artigo 62, ofrecía unha variante.

19. Indicar se existiron ofertas que non se aceptaron por seren anormalmente baixas, de conformidade co artigo 82.

20. Data de envío do anuncio pola entidade contratante.

21. Respecto dos contratos que teñan por obxecto servizos que figuran no anexo II B, conformidade da entidade contratante para a publicación do anuncio.

ANEXO VII

Información que debe figurar nos anuncios de concursos de proxectos

1. Nome, enderezo, enderezo electrónico, números de teléfono, telégrafo, télex e fax dos poderes adxudicadores e do departamento en que poida obterse a documentación adicional.

2. Descrición do proxecto (número(s) de referencia na nomenclatura).

3. Tipo de concurso: aberto ou restrinxido.

4. Cando se trate de concursos abertos: data límite de presentación dos proxectos.

5. Cando se trate de concursos restrinxidos:

a) Número previsto ou número mínimo e máximo de participantes.

b) Se é o caso, nome dos participantes xa seleccionados.

c) Criterios de selección dos participantes.

d) Data límite de recepción das solicitudes de participación.

6. De ser o caso, indicar se a participación está reservada a unha determinada profesión.

7. Criterios que se aplicarán para valorar os proxectos.

8. Se é o caso, nome dos membros do xurado que fosen seleccionados.

9. Posibilidade de que a decisión do xurado sexa obrigatoria para o poder adxudicador.

10. De ser o caso, número e importe dos premios.

11. Se é o caso, posibles pagamentos a todos os participantes.

12. Posibilidade de que se adxudiquen contratos complementarios aos gañadores de premios.

13. Nome e enderezo do órgano competente para os procedementos de recurso e, se é o caso, de mediación. Indicación do prazo de presentación de recursos, ou en caso necesario o nome, o enderezo, os números de telé-

fono e de fax e o enderezo electrónico do servizo en que poida obterse a citada información.

14. Data de envío do anuncio.

15. Data de recepción do anuncio pola Oficina de Publicacións Oficiais das Comunidades Europeas.

16. Calquera outra información de interese.

ANEXO VIII

Información que debe figurar nos anuncios sobre os resultados dos concursos de proxectos

1. Nome, enderezo, enderezo telegráfico, números de teléfono, telégrafo, télex e fax dos poderes adxudicadores.

2. Descrición do proxecto (número(s) de referencia na nomenclatura).

3. Número total de participantes.

4. Número de participantes estranxeiros.

5. Gañador(es) do concurso.

6. Se é o caso, premio(s).

7. Outra información.

8. Referencia ao anuncio de concurso.

9. Nome e enderezo do órgano competente para os procedementos de recurso e, se é o caso, de mediación. Indicación do prazo de presentación de recursos, ou, en caso necesario, o nome, o enderezo, os números de teléfono e de fax e o enderezo electrónico do servizo en que poida obterse esa información.

10. Data de envío do anuncio.

11. Data de recepción do anuncio pola Oficina de Publicacións Oficiais das Comunidades Europeas.

ANEXO IX

Prescricións relativas á publicación

1. Publicación dos anuncios.

a) Os anuncios mencionados nos artigos 64, 65, 66 e 67 serán enviados polas entidades contratantes á Oficina de Publicacións das Comunidades Europeas no formato establecido polo Regulamento número 1564/2005 da Comisión, do 7 de setembro de 2005, polo que se establecen os formularios normalizados para a publicación de anuncios no marco dos procedementos de adxudicación de contratos públicos de acordo coas Directivas 2004/17/CE e 2004/18/CE do Parlamento Europeo e do Consello.

b) Os anuncios previstos nos artigos 64, 65, 66 e 67 publicáranos a Oficina de Publicacións Oficiais das Comunidades Europeas ou as entidades contratantes no caso dos anuncios periódicos indicativos publicados no perfil do contratante, de conformidade co número 1 do artigo 64.

As entidades contratantes poderán, ademais, publicar esta información a través da internet nun «perfil do contratante», tal como se define na alínea b) do punto 2.

c) A Oficina de Publicacións das Comunidades Europeas entregarálle á entidade contratante a confirmación de publicación considerada no número 5 do artigo 67.

2. Publicación de información complementaria ou adicional

a) Aléntarase as entidades contratantes a que publiquen na internet a totalidade do prego de condicións e da documentación complementaria.

b) O perfil do contratante pode incluír anuncios periódicos indicativos, previstos no número 1 do artigo 64, información sobre as convocatorias en curso, as compras programadas, os contratos adxudicados, os procedementos anulados e calquera outra información útil de tipo xeral, como, por exemplo, puntos de contacto, números de teléfono e de fax, enderezo postal e enderezo electrónico.

3. Formato e modalidades para a transmisión dos anuncios por medios electrónicos.

O formato dos formularios de anuncios é o establecido polo Regulamento n.º 1564/2005 da Comisión, do 7 de setembro de 2005, polo que se establecen os formularios normalizados para a publicación de anuncios no marco dos procedementos de adxudicación de contratos públicos segundo as Directivas 2004/17/CE e 2004/18/CE do Parlamento Europeo e do Consello, dispoñibles no enderezo da Internet «<http://simap.eu.int>».

Cando os anuncios se preparen e envíen por medios electrónicos de acordo cos formatos e formularios normalizados, publicaranse, nun prazo máximo de cinco días despois do seu envío, no Diario Oficial da Unión Europea.

Cando os anuncios se envíen por outro medio, sempre de acordo co formulario normalizado, publicaranse no citado diario oficial nun prazo máximo de doce días a partir do seu envío. En casos excepcionais e tras petición previa da entidade contratante dirixida á Oficina de Publicacións das Comunidades Europeas, os anuncios de contratos mencionados na alínea c) do artigo 64 publicaranse nun prazo de cinco días, sempre que o anuncio se enviase por fax.

ANEXO X

Requisitos relativos aos dispositivos de recepción electrónica das ofertas, das solicitudes de participación, das solicitudes de clasificación ou dos planos e proxectos nos concursos

Os dispositivos de recepción electrónica das ofertas, das solicitudes de participación, das solicitudes de clasificación e dos planos e proxectos nos concursos deberán garantir, como mínimo e polos medios técnicos e procedementos adecuados, que:

a) As sinaturas electrónicas relativas ás ofertas, ás solicitudes de participación, ás solicitudes de clasificación e aos envíos de planos e proxectos se axusten á Lei 59/2003, do 29 de decembro, de sinatura electrónica.

b) Poida determinarse con precisión a hora e a data exactas da recepción das ofertas, das solicitudes de participación, das solicitudes de clasificación e do envío dos planos e proxectos.

c) Poida garantirse razoablemente que ninguén teña acceso aos datos transmitidos a teor dos presentes requisitos antes de que finalicen os prazos especificados.

d) En caso de violación desa prohibición de acceso, poida garantirse razoablemente que a violación poida detectarse con claridade.

e) Unicamente as persoas autorizadas poidan fixar ou modificar as datas de apertura dos datos presentados.

f) Nas diferentes fases do proceso de clasificación, do procedemento de adxudicación de contrato ou do concurso, só a acción simultánea das persoas autorizadas poida permitir o acceso á totalidade ou a parte dos datos presentados.

g) A acción simultánea das persoas autorizadas só poida dar acceso despois da data especificada aos datos transmitidos.

h) Os datos recibidos e abertos en aplicación dos presentes requisitos só sexan accesibles ás persoas autorizadas a ter coñecemento destes

MINISTERIO DE ECONOMÍA E FACENDA

18911 *RESOLUCIÓN do 24 de outubro de 2007, da Axencia Estatal de Administración Tributaria, sobre procedemento para a homologación de software de dixitalización recollido na Orde EHA/962/2007, do 10 de abril de 2007. («BOE» 262, do 1-11-2007.)*

O artigo 7 da Orde EHA/962/2007, do 10 de abril, recolle a dixitalización certificada de facturas, documentos substitutivos e de calquera outro documento e establece que as facturas, documentos substitutivos e outros documentos así dixitalizados permitirán que o obrigado tributario poida prescindir dos orixinais en papel que lle serviron de base.

Para isto cómpre, ademais dun software de dixitalización certificado, que o proceso de dixitalización garanta unha imaxe fiel e íntegra de cada documento asinada con sinatura electrónica, ben como a organización da dixitalización arredor dunha base de datos documental con determinadas garantías, tanto para esta como para a súa conservación.

Pola súa parte, o número 3 do citado artigo establece os trámites que deben cumprir as entidades desenvolvedoras que desexen homologar software de dixitalización, homologación cuxo acordo corresponde ao director do Departamento de Informática Tributaria da Axencia Estatal de Administración Tributaria. Neste sentido, a validez da imaxe dixitalizada requirirá dispor dos procedementos e controis necesarios para garantir a fidelidade do proceso de dixitalización certificada, co obxectivo de velar pola calidade da imaxe obtida e dos seus metadatos, con independencia do momento en que se faga uso do software de dixitalización. O conxunto destes procedementos e controis recibe a denominación de Plan de xestión de calidade, que deberá ser presentado xunto coa solicitude de homologación do software de dixitalización.

A disposición derradeira primeira da Orde EHA/962/2007, do 10 de abril, autoriza o director xeral da Axencia Estatal de Administración Tributaria para ditar cantas disposicións sexan necesarias para a súa aplicación.

En virtude do anterior, dispoño:

Primeiro. *Formatos estándares de uso común.*— Entenderanse como «formatos estándares de uso común» e serán admitidos como tales, aqueles que estean publicados na páxina web da Axencia Tributaria (www.agenciatributaria.es), similares a ISO 19005 (PDF/A), PNG, ou JPEG2000. A técnica de compresión